I.E.S. “ARCEBISPO XELMIREZ II”

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA



# CURSO 2022-2023

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ADAPTADA.

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN…………………………………………………………..

1.1.Centro…………………………………………………………………………………………………

1.2.Alumnado……………………………………………………………………………………………

1.3 Obxectivos adaptados ao contexto do centro e do alumnado……………………..

1.3.1. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria…………………………..

1.3.2. Obxectivos do bacharelato…………………………………………………………

1.4. Reparto dos grupos entre o profesorado da materia………………………………..

1.4.1.Profesorado

1.4.2 Horarios, grupos e cursos

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE……………………..

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA MATERIA PARA O CURSO…………………………………..

4. CONCRECIÓN PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA SUA TEMPORALIZACION, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA,COMPETENCIAS CLAVE E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

4.1 Segundo da ESO…………………………………………………………………………

4.2 Cuarto da ESO……………………………………………………………………………..

4.3 Historia de España………………………………………………………………………

4.4 Xeografía……………………………………………………………………………….….

4.5 Historia da Arte……………………………………………………………………………..

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS……………………………………………………………………..

6. MATERIAIS E RECURSOS…………………………………………………………………………………..

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

7.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN……………………………………………………………………

7.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN………………………………………………………………

7.3 CRITERIOS DE PROMOCIÓN……………………………………………………………………

8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN TOMAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS…………………………………………………………………….

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES……………………………………………………………………………………………….

10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS EN BACHARELATO……….

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE e dificultades derivadas da fenda dixital

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRASVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA……………………………………………………………………………………………………………

13. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE…………………………..

14. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS……………………………………….

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA……………………………………………………………………………………….

# 1. INTRODUCIÓN e CONTEXTUALIZACIÓN

## 1.1 CENTRO

Situado na periferia norte de Santiago de Compostela, abrangue unha extensa área que inclúe todas as parroquias situadas ao norte do concello, os alumnos procedentes do concello limítrofe de Trazo e igualmente case todo o alumnado do concello de Sigüeiro que pretende facer o bacharelato. Iso orixina unha serie de condicionamentos relacionados co transporte e coa elaboración dos horarios didácticos. Do mesmo xeito fai coincidir no centro alumnos de diversas procedencias e estratos sociais e culturais, fundamentalmente periurbanos, vilegos e rurais.

## 1.2. ALUMNADO

Seguindo as pautas bocexadas sumariamente no P.E.C. do noso centro, temos que suliñar que o noso alumnado procede fundamentalmente de estratos económico-sociais baixos ou medio-baixos situados na zona periurbana santiaguesa así como nos concellos limítrofes do norte como Trazo e Oroso, cun nivel cultural relativamente empobrecido, tanto no referente a intereses como a destrezas intelectuais. Este feito vai condicionar fortemente as estratexias didácticas e os recursos a utilizar no proceso educativo. O carácter supostamente teórico que se lle atribue a nosa disciplina é un prexuicio engadido co que temos que enfrontarnos. Asimesmo, os diferentes graos evolutivos de desenvolvemento do pensamento formal do noso alumnado esixen que se teña que recurrir á metodoloxía máis activa posible. Tense que complementar ésta coa utilización dos métodos audiovisuais e a introducción das TIC como vehículo tanto na transmisión de conceptos como na motivación así como na praxe educativa cotián. A avaliación continuada como recurso non só de control senón como incentivo do esforzo persoal e o seguemento diario das actividades do alumnado reforzan a sua motivación. En grande parte debido os cambios de orientación no ámbito educativo e tamén na sociedade na que está desenvolvéndose o noso alumnado, unha grande parte dos esforzos dentro da aula resultan estériles ademais de consumirse excesiva enerxía e tempo en

cuestións disciplinares, especialmente nos niveis educativos obrigatorios ante a aparición dos denominados “obxectores escolares”. Dese xeito e como recollen amplamente as enquisas sobre a opinión do profesorado sobre estas materias, estaríamos ainda lonxe dunha ensinanza individualizada que permita atender á diversidade e, por suposto, elaborar e poñer en práctica as adaptacións curriculares pertinentes, canto máis tendo en conta que nos últimos anos integrouse no centro, mesmo en niveis non obrigatorios, alumnado con discapacidades intelectuais e físicas, así como un número paulatinamente progresivo de membros de minorías étnicas e inmigrantes. Todo iso agravado polo aumento da ratio nas aulas como producto directo dos recortes orzamentarios decididos polas autoridades educativas.

### 1.3. OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO

Os currículos para a Educación Secundaria Obrigatoria especifican que pretenden dar resposta e *actualiza-los programas desde unha perspectiva científica, social e didáctica*.

Analizando as orientacións xerais da Etapa e as específicas para cada área extráense un conxunto de principios marco que garantirán a coherencia entre cursos e áreas do Proxecto Curricular. Estes principios son: impulso ó nivel de desenvolvemento do alumno e a súa capacidade de aprender a aprender, favorecer a transferencia entre os contidos e estimular a cooperación.

*Impulsa-lo nivel de desenvolvemento do alumno*

Este principio esixe considerar os trazos psicolóxicos xerais característicos dun grupo de idade e, tamén, os coñecementos que os alumnos construíron con anterioridade e que condicionan a asimilación dos novos contidos. A investigación psicopedagóxica desenvolta neste terreo demostrou que as capacidades características do pensamento abstracto manifestanse de xeito moi diferente dependendo dos coñecementos previos dos que parten os alumnos.

Por iso, o estímulo ó desenvolvemento do alumno esixe compaxinar o sentido ou significación psicolóxico e epistemolóxico. Trátase de harmonizar o nivel de capacidade, os coñecementos básicos e a estructura lóxica da disciplina. Para isto, será necesario que os contidos sexan relevantes e que se presenten organizados.

*Promove-lo desenvolvemento da capacidade de "aprender a aprender"*

Nunha sociedade na que os coñecementos se atopan en permanente transformación, o mellor legado que podemos darlles ós alumnos é o da transmisión dos mecanismos necesarios que lles permitan integrarse eficaz e constructivamente na sociedade en que viven para que, finalmente, incluso poidan cooperar de maneira persoal a esas transformacións.

Os currículos actuais, aínda destacando a vertente conceptual nos contidos, subliñan nos obxectivos xerais da Etapa, nos obxectivos das áreas e nos criterios de avaliación, a importancia da adquisición de ferramentas de traballo (análises, esquemas, procura e selección de información significativa, etc.) que vaian artellando estratexias de aprendizaxe autónoma. Isto materializa unha das dimensións da educación vencelladas ó desenvolvemento da función titorial e orientadora a través da docencia: ensinar a pensar e ensinar a decidir.

*Estimular a transferencia e as conexións entre os contidos*

Na Educación Secundaria Obrigatoria, é a área (no caso dos saberes comúns) a forma básica de estructuración dos contidos. Esta forma de organización curricular facilita, por un lado, un tratamento máis profundo e rigoroso dos contidos e contribúe ó desenvolvemento da capacidade de análise dos alumnos. Non obstante, a fragmentación do coñecemento pode dificulta-la súa comprensión e aplicación práctica. Debido a isto, é conveniente amosa-los contidos relacionados, tanto entre os diversos bloques compoñentes de cada área, como entre as distintas áreas. Isto pode facerse por medio dos contidos transversais, construíndo conceptos claves comúns e subliñando o sentido dalgunhas técnicas de traballo que permitan solucións conxuntas a certos problemas de coñecemento.

*Contribuir ao establecemento dun clima de aceptación mutua e de cooperación.*

Investigacións sobre a aprendizaxe subliñan o papel do medio socionatural, cultural e escolar no desenvolvemento dos alumnos. Neste proceso, o labor do docente como mediador entre os contidos e a actividade do alumno é esencial. A interacción entre alumnos inflúe decisivamente no proceso de socialización, na relativización de puntos de vista, no incremento das aspiracións e do rendemento académico.

Os obxectivos da Etapa, os obxectivos das áreas e os criterios de avaliación insisten neste aspecto. Será necesario deseñar experiencias de ensino-aprendizaxe orientadas a crear e manter un clima de aceptación mutua e de cooperación, promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.

**1.3.1 Obxectivos da educación secundaria obrigatoria. Valor formativo da área.**

O papel das Ciencias Sociais, Xeografía e Historia na Educación Secundaria Obrigatoria é esencial para a consecución dos obxectivos da etapa. Isto manifféstase en varios aspectos que pasamos a destacar:

- Axúdase ós alumnos a coñecer, comprender e apreciar criticamente o contorno próximo e a comunidade na que viven considerada a distintas escalas. Isto implica apreciar a pluralidade política e cultural de España, as súas nacionalidades e rexións, e de Europa e Iberoamérica, prioritariamente, como un potencial de riqueza.
- Proporciónaselles ós alumnos os instrumentos para comprende-los fenómenos que teñen lugar no territorio como consecuencia da complexa interacción entre o home e a natureza; é dicir para entender a vida dos grupos humanos sobre a superficie terrestre e os seus principais condicionantes.
- Contribúese a que os alumnos coñezan o funcionamento e os mecanismos das sociedades humanas. Os alumnos deberán acostumarse a analizar e comprender os fenómenos humanos e sociais no contexto global no que se producen, prestando especial atención ós distintos factores que converxen na estructuración dunha sociedade determinada. Así mesmo, deben abordar as complexas relacións entre individuo e sociedade, aprendendo a situar as accións individuais e dos pequenos grupos no marco das circunstancias colectivas.
- A área realiza, tamén, unha achega decisiva para o desenvolvemento nos alumnos de actitudes e hábitos característicos do humanismo e da democracia. Trátase de que os alumnos adquiran unha independencia de criterio e xuízo crítico para valorar con rigor e ponderación feitos, accións e opinións.
- Desde as Ciencias Sociais, Xeografía e Historia realízase unha achega decisiva ó desenvolvemento de capacidades relacionadas co uso da información na sociedade actual, a posibilidade de facer un uso crítico da información e dos medios que a canalizan e procesan, é un requisito imprescindible para chegar a ser cidadáns libres. A área perseguirá como obxecto de estudio o manexo da información por parte dos alumnos, desde a recollida de datos ata a busca de interpretacións e a elaboración de conclusións.

A Xeografía e a Historia, vertebrando o ámbito das humanidades, establecen as coordenadas de espacio e tempo en que se insire calquera realidade ou proceso social. Na Xeografía estes obxectivos aseguran na súa concreción espacial unha percepción e unha sensibilidade dos aspectos ambientais e o coñecemento das grandes unidades xeográficas, preferentemente de Europa, Iberoamérica e dos aspectos comúns e a variedade de territorios e paisaxes de España e das Comunidades Autónomas. Resulta especialmente axeitado o enfoque ecoxeográfico que considera as distintas variables que conforman un espazo e o seu dinamismo e interaccións. Na Historia, espérase que os alumnos adquiran o concepto de evolución e memoria histórica, as nocións de cambio e permanencia, comprendan a interrelación dos factores multicausais que explican tales transformacións, identifiquen e localicen no tempo e no espacio os procesos e os acontecementos relevantes, asegurando en todo caso a

percepción do común e do plural na Historia de España coas súas nacionalidades e rexións como parte do seu patrimonio e da súa riqueza.

Desta forma, podemos afirmar que as CCSS, Xeografía e Historia desenvolven un labor fundamental para a evolución dunha personalidade equilibrada que integra a formación de capacidades do seguinte tipo:

* Capacidades cognitivas, ao exercitar características propias do pensamento lóxico abstracto como a formulación de hipóteses, a análise multicausal, a organización de conceptos en forma de teorías, a conformación de esquemas operacionais formais, etc.
* Capacidades socioafectivas ó favorece-lo interese por coñecer diferentes culturas e épocas e indagar nas súas peculiaridades e logros sociais, históricos, artísticos e tecnolóxicos potenciando os valores de tolerancia e solidariedade.
* Capacidades estéticas ó trata-lo patrimonio histórico-artístico como fonte de deleite e recurso para o desenvolvemento do coñecemento humano e da súa sensibilidade individual e colectiva.
* Capacidades perceptivas e motrices ao favorece-la investigación, o estudio e a configuración de imaxes e representacións de distinto tipo.

### 1.3.2. Obxectivos do bacharelato

O estudo da historia debe contribuír ao desenvolvemento de capacidades intelectuais tales como a contextualización territorial dos acontecementos e procesos históricos; a interrelación de aspectos económicos, políticos, sociais e culturais; o tratamento das fontes históricas; a análise e a síntese, a inferencia e a interpretación. Terá unha especial importancia o desenvolvemento da competencia social e cidadá a través da adquisición de capacidades como a tolerancia, o sentido crítico, a actitude aberta ao diálogo e a disposición a compartir responsabilidades.

O ensino da **historia** no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Identificar e situar no espazo e no tempo os procesos globais e acontecementos máis relevantes da historia de España, a súa diversidade territorial e a especificidade de Galicia para comprender a xénese da historia recente.

2. Coñecer e comprender os procesos da historia contemporánea máis importantes, tanto pola súa xénese como polas súas repercusións na actualidade, observando as

interrelacións que se dan entre os feitos políticos, sociais, económicos e culturais.
3. Desenvolver unha perspectiva integradora da historia de España e do mundo que respecte a pluralidade de identidades que os conforman -non só territoriais, senón tamén sociais- e que potencie actitudes de solidariedade.

4. Situar o proceso histórico español e a súa variedade identitaria no marco internacional para poder ver as implicacións e influencias mutuas e ser capaces de ter unha idea coherente e articulada da historia.

5. Distinguir os cambios conxunturais dos trazos que identifican os procesos históricos profundos para ser capaces de pensar historicamente sobre os problemas máis relevantes do mundo actual.

6. Coñecer o proceso de formación das normas que regulan o ordenamento constitucional, promovendo o compromiso cos valores democráticos e o interese por participar na vida cidadá.
7. Valorar e comprender as loitas contra as discriminacións que producen opresión e inxustizas,

comprometéndose na defensa dos dereitos humanos e tomando conciencia da necesidade de ter presentes suxeitos xeralmente silenciados na historia, en especial as mulleres.
8. Seleccionar e interpretar información procedente de diversas fontes aplicando as técnicas metodolóxicas propias da materia (composición de textos, interpretación de imaxes, mapas, gráficos) para contrastar diversos puntos de vista e desenvolver a capacidade de exercer a crítica histórica.

9. Realizar investigacións de carácter histórico no ámbito de referencia do alumnado, manexando fontes como a historia oral, a prensa ou as tecnoloxías da información e da comunicación para aproximarse á propia comunidade, comprender o carácter provisorio do coñecemento e a diversidade.

O ensino da **xeografía** no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Comprender e explicar o territorio galego e español como un espazo dinámico, caracterizado polos contrastes e a complexidade territorial, resultado da interacción de decisións políticas e de procesos sociais, económicos, tecnolóxicos e culturais, que actuaron nun marco natural e histórico.

2. Identificar e comprender as interrelacións das variables que interveñen na organización do territorio para analizalo e interpretalo criticamente, empregando con corrección tanto as técnicas como o vocabulario xeográfico e aplicándoo ao coñecemento do contorno.
3. Coñecer as características dos diferentes medios naturais existentes en Galicia e en España, identificando os trazos xeográficos que os definen, poñéndoos en relación cos espazos europeos e mundiais.

4. Comprender a distribución, estrutura e dinámica da poboación e analizar criticamente as situacións de desigualdade e discriminación socioeconómica, de xénero e étnico-cultural, e mais a súa pegada na configuración do territorio creando situacións de segregación espacial.

5. Analizar os distintos modos de explotación dos recursos, así como as actividades produtivas e os seus impactos territoriais e ambientais, recoñecendo a interrelación entre o medio e os grupos humanos como xeradora de espazos xeográficos diferenciados.

6. Interesarse activamente pola calidade do medio natural, ser conscientes da inestabilidade dos medios xeográficos de Galicia e España no contexto europeo e mundial e dos problemas derivados de certas actuacións humanas, así como entender a necesidade de políticas de ordenación territorial, ambientais e de xestión de recursos acordes co desenvolvemento sostible.

7. Comprender as relacións que existen entre os territorios que integran España, e destes coa Unión Europea, desenvolvendo actitudes de coñecemento, aprecio e cooperación cara aos espazos próximos e afastados, superando os estereotipos e prexuízos.

8. Explicar a posición de España e de Galicia nun mundo interrelacionado, no que coexisten procesos de uniformación da economía e de crecente desigualdade socioeconómica.

9. Comprender e analizar a realidade xeográfica galega, a súa diversidade interna, a inserción en España e Europa desde unha posición periférica e as relacións co resto do mundo, marcadas historicamente pola emigración.

A **historia da arte** terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1.Comprender e valorar os cambios na concepción da arte e da evolución das suas funcions sociais ó longo da historia. .

2.Entende-las obras de arte na sua globalidade, como exponentes da creatividade humana, susceptibles de ser disfrutadas por sí mesmas e de ser valoradas como documento testimonial dunha época e cultura.

3.Utilizar un método de análise que permita coñecer con rigor ás obras de arte, desenrolando á vez á sensibilidade e a imaxinación.

4.Recoñocer e diferenciar as manifestacions artísticas máis destacadas dos principais estilos da arte occidental, situándoos no tempo e no espacio e valorando a sua pervivencia nas etapas posteriores.

5.Coñecer, disfrutar e valorar opatrimonio artístico, contribuindo de forma activa á sua conservación e rexeitando os comportamentos que o deterioren ou mermen.

6.Contribuir á formación do gusto persoal, á capacidade de goce estético e o sentido crítico, e aprender a expresar sentementos propios ante a contemplación da obra de arte.

7.Realizar actividades de documentación e indagación na que se analicen, contrasten e interpreten informacions diversas sobre aspectos da Historia del Arte.

## 1.4 REPARTO DOS GRUPOS ENTRE O PROFESORADO DA MATERIA

### 1.4.1 PROFESORADO.

José Manuel Martínez García (Xefe de Departamento)

Pilar Tobar Quintanar (Directora do IES.)
Cristina Brión Calo
Tereixa Abal Santorum
María Calo Abelleira
Daniel de las Heras Gutiérrez

### 1.4.2 HORARIO, GRUPOS E CURSOS DE DOCENCIA DO DEPARTAMENTO.

Dna. Pilar Tobar Quintanar: ( Directora do IES. ), Economía 1º BAC (1 grupo). 4 Horas

D. José Manuel Martínez García: ( Xefe do Departamento). Historia de España, 2º BAC (2 grupos), Historia do Mundo Contemporáneo, 1º BAC (2 grupos). Xeografía e Historia, 2º ESO (1 grupo). Total 17 horas.

Dna. Cristina Brión Calo: Historia da Arte, 2º BAC (2 grupos). Xeografía e Historia, 4º ESO (3 grupos). Xeografía e Historia, 1º ESO (2 grupos). Total 19 horas.

Dna. Tereixa Abal Santorum: Xeografía de España, 2º BAC (2 grupos). Xeografía e Historia, 2º ESO (2 grupos). Atención educativa, 1º BAC (1 grupo). Proxecto competencial, 3º ESO (1 grupo). Proxecto competencial, 1º ESO (3 grupos). Total 19 horas.

Dna. María Calo Abelleira: Historia de España, 2º BAC (2 grupos). Xeografía e historia, 2º ESO (1 grupo). Xeografía e historia, 1º ESO (3 grupos). Titoría (1 grupo). Total 19 horas.

D. Daniel de las Heras Gutiérrez: Xeografía e Historia, 3º ESO (3 grupos). Xeografía e Historia, 2º ESO (2 grupos). Economía, 4º ESO. Titoría (1 grupo). Total 19 horas.

**Total de horas lectivas, incluíndo as necesarias para completar horario nos distintos cursos**:
- 1º da ESO: 5 grupos (15 horas).
- 2º da ESO : 6 grupos (18 horas)
- 3º da ESO: 3 grupos (9 horas)
- 4º de ESO: 3 grupos (9 horas)
- Hª do Mundo Contemporaneo 1º Bach: 2 grupos (8 horas)
- Xeografía 2º de Bacharelato: 2 grupos (8 horas)
- Hª de España 2º de Bacharelato: 4 grupos (12 horas)
- Hª da Arte 2º de Bacharelato : 1 grupo (4 horas)

O Departamento asume a docencia das seguintes materias afíns:

Economía 1º BAC: 1 grupo (4 horas)

Economía 4º ESO: 1 grupo (3 horas)

Proxecto competencial 1º BAC: 1 grupo (1 hora)

Proxecto competencial 1º ESO: 3 grupos (3 horas)

Atención educativa 1º BAC: 1 grupo (1 hora)

As que se engaden 14 de redución de direción e 2 de xefatura de departamento.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Estas materias unen ao carácter instrutivo o contextualizador, centrando a información nunha perspectiva social. A área é fundamental para o desenvolvemento da competencia social e cidadá facilitando tanto a comprensión da realidade social como as relacións nun modelo de sociedade cada vez mais plural. A incorporación da visión de que o mundo no que vivimos é o froito das decisións dos devanceiros permite tomar conciencia de que o futuro estará condicionado polas nosas decisións o que debe levar a tomar posicións comprometidas e responsables.
A competencia sobre coñecemento e interacción co mundo físico incardínase de cheo no coñecemento social, permitindo comprender mellor o que sucede e as condicións de vida humanas que ao fin son os suxeitos dos asuntos sociais. A dimensión espacial ten que impregnar a aprendizaxe dos contidos xeográficos así como ten que permitir analizar a acción humana na utilización do espazo e dos seus recursos.
A competencia cultural e artística supón apreciar as diferentes manifestacións culturais e artísticas e estimalas como elementos do patrimonio cultural que é preciso preservar. A nosa área facilita a selección e coñecemento de obras de arte relevantes.
A competencia no tratamento da información e a competencia dixital é imprescindible no mundo actual tanto para aumentar as posibilidades de comunicación e axilizar os intercambios, permitindo o traballo cooperativo. Pero é preciso integrar a información nos esquemas previos de coñecemento e ser capaz de transmitila eficazmente. Neso incidirá a competencia en comunicación lingüística, que debe traballar o vocabulario específico das ciencias sociais e o seu uso correcto para ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas argumentando con rigor e precisión.

A competencia para aprender a aprender supón iniciarse na aprendizaxe e continuala autonomamente coñecendo con claridade as propias potencialidades e as carencias.

**2.1 Perfís de competencia**

Os perfís de competencia son un conxunto de indicadores de avaliación (desglosados do criterio de avaliación) das diferentes áreas e materias que se relacionan con ela e reflicten en que medida contribúe cada unha a ao desenvolvemento das competencias.
Esta distribución busca ter unha marxe efectiva de operatividade respectando o peso dado ás competencias clave no currículo da materia no Decreto 86/2015.

| **Perfil competencial: Destrezas avaliadas en cada competencia** |
|---|
| **CCEC**<br>**Perfil da competencia en conciencia e expresións culturais:**<br>• Coñecer, estudar e comprender estilos, xéneros artísticos e obras principais.<br>• Aprender técnicas e recursos das linguaxes artísticas.<br>• Desenvolver a capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas.<br>• Fomentar habilidades que permitan reelaborar ideas.<br>• Comprender a función que as artes tiveron e teñen na vida dos seres humanos.<br>• Recoñecer os diferentes estilos da arte contemporánea e os cambios que os motivaron.<br>• Analizar obras de arte de forma técnica e identificar o contexto histórico que explica a súa aparición.<br>• Desenvolver unha actitude activa en relación coa conservación e a protección do patrimonio histórico. |
| **CCL**<br>**Perfil da competencia comunicación lingüística:**<br>• Desenvolver a corrección ortográfica e gramatical.<br>• Desenvolver a capacidade de selección e síntese de información.<br>• Interpretar textos de distinta natureza.<br>• Utilizar adecuadamente o vocabulario propio das ciencias sociais para construír un discurso<br>• preciso.<br>• Elaborar discursos a partir dun tema proposto.<br>• Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.<br>• Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación. |
| **CAA**<br>**Perfil da competencia de aprender a aprender:**<br>Elaborar estratexias de aprendizaxe. Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos, etc.<br>• Potenciar a autonomía na aprendizaxe e resolución de tarefas.<br>• Sintetizar e expresar os coñecementos adquiridos.<br>• Avaliar o proceso e o resultado do traballo propio: Detectar carencias e erros.<br>• Desenvolver unha visión estratéxica dos problemas, anticipar posibles escenarios e consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais.<br>• Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente. |
| **CSIEE**<br>**Perfil da competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor:**<br>• Desenvolver a capacidade creativa e innovadora.<br>• Desenvolve a capacidade proactiva para xestionar proxectos: xestión, toma de decisións, avaliación e auto-avaliación. |

| |
|---|
| • Interpretar adecuadamente as particularidades de cada situación e de cada problema estudado.<br>• Desenvolve a capacidade para asumir e xestionar riscos.<br>• Xestionar a capacidade de traballo en grupo: liderado, delegación, organización e cooperación. |
| **CD**<br>**Perfil da competencia dixital:**<br>• Perfeccionar o procesamento de textos.<br>• Profundar na alfabetización informática.<br>• Perfeccionar o tratamento de imaxes e arquivos dixitais.<br>• Desenvolver a capacidade de buscar e seleccionar información na internet.<br>• Elaborar a información transformando os datos recollidos e traducíndoos a outro formato ou linguaxe.<br>• Empregar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación na procura e o procesamento da información. |
| **CSC**<br>**Competencia social e cívica:**<br>• Expresar e comprender puntos de vista diferentes<br>• Coñecer as grandes etapas e os principais acontecementos pasados e contemporáneos.<br>• Desenvolver a percepción do individuo en relación á súa capacidade para influír no social.<br>• Elaborar argumentacións baseadas en evidencias.<br>• Comprender o funcionamento das sociedades, o seu pasado histórico, a súa evolución e transformacións<br>• Desenvolver a empatía mediante a comprensión das accións humanas do pasado.<br>• Expresarse de forma asertiva e amosar unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo. |
| **CMCCT**<br>**Perfil da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:**<br>• Coñecer a produción de novos materiais.<br>• Establecer as relacións entre os avances técnicos e a elaboración artística.<br>• Realizar gráficos e cálculos matemáticos sinxelos.<br>• Coñecer e valorar a influencia das novas tecnoloxías na arte e sociedade actual.<br>• Comprender a influencia da tecnoloxía e a ciencia na organización territorial das sociedades humanas.<br>• Elaborar e interpretar eixes cronolóxicos.<br>• Analizar e comprender os datos cuantitativos recollidos en táboas, gráficos e diagramas.<br>• Facer cálculos matemáticos de números enteiros e porcentaxes para chegar a conclusións cuantitativas. |

## 3.CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA MATERIA PARA O CURSO

En esencia os obxectivos bocexados para a materia non sofren modificación relevante para este curso porque a súa redución ao sustancial fan que non poidan ser destilados. Agora ben, a posta en vigor da LOMCE obriga a perfilar con máis exactitude o seu desenvolvemento así como a ter en conta a novidade que supón a implantación das reválidas. A pesares da controversia xurdida pola súa posta en vigor (ben coñecida é a oposición dunha grande parte do profesorado e das anpas) a nosa obriga e adoptar os procedementos tendentes a preparación da devandita proba. Non deixamos de lamentar, nembargantes, que o mencionado enfoque conduce a unha praxe onde se prima máis o entrenamento e a preparación específica que a educación en valores que se nos aconsella asumir na nosa tarefa educativa. Atopamos unha contradición non doadamente solucionable no xeito de afrontar as dúas perspectivas incardinadas, porque o tempo dispoñible e a súa propia organización dificultan a conxugación dos intereses expostos. Tentaremos, xa que logo, adaptarnos na temporalización de xeito que se poidan abordar con premura os contidos curriculares a desenvolver.

Os obxectvos da **Educación Secundaria Obrigatoria**, establecidos polo Decreto 86/2015 de 25 de xuño (D.O.G. do 29 de xuño), son:

a Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito

o Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

**Para cada un dos cursos especificarase os obxectivos traballados en cada unidade didáctica.**

Os obxectvos do **Bacharelato**, establecidos polo Decreto 86/2015 de 25 de xuño (D.O.G. do 29 de xuño), son:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

**Para cada un dos cursos especificarase os obxectivos traballados en cada unidade didáctica.**

## 4. CONCRECIÓN PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DOS ASPECTOS DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COMPETENCIAS CLAVE E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### 4.1 2º CURSO DA ESO PROGRAMACIÓN

INTRODUCIÓN

As disciplinas de Xeografía e Historia constitúen os principais eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que contemplan a realidade xeográfica, humana e social desde unha perspectiva integradora e global, visión que se complementa coas achegas doutras disciplinas como a Historia da Arte, a Economía, a Socioloxía ou a Ecoloxía.

Neste curso trátanse aspectos xeográficos e históricos dos que algúns deles xa son coñecidos polo alumnado desde a Educación Primaria e os primeiros cursos da ESO e outros resultan novos. No primeiro caso trátase de afondar nos coñecementos xa adquiridos e, no segundo, en abordar novas cuestións que deben resultar de interese para a súa formación.

A Xeografía e a Historia desenvolven múltiples competencias, unhas de forma moi específica –a competencia social e cívica- e outras que tamén están moi presentes no traballo do alumnado: a competencia en ciencia e tecnoloxía, a de conciencia e expresións culturais, a dixital, a do sentido da iniciativa e espírito emprendedor, ademais daquelas que están presentes na maioría das materias do currículo de Secundaria: comunicación lingüística e aprender a aprender. Neste sentido, procúrase que, especialmente a través do deseño dos estándares de aprendizaxe, o alumnado traballe e adquira contidos de carácter transversal directamente relacionados coas materias destas disciplinas: a comprensión lectora, a expresión escrita e oral, a educación cívica e constitucional, o traballo con TIC e o emprendemento.

Tanto no tratamento da Xeografía como no da Historia resulta de vital importancia o manexo de moi diferentes fontes de información, destacando as fontes primarias como fontes de coñecemento que o alumnado debe analizar e comentar para construír a súa propia visión dos feitos e procesos históricos e xeográficos. Complemento de gran interese son tamén as fontes documentais audiovisuais e cinematográficas para complementar a visión de períodos históricos amplos ou de feitos históricos e/ou xeográficos máis puntuais.

As unidades didácticas están organizadas en dous grandes bloques –Historia e Xeografía - con seis unidades en cada un deles. Deséñase un índice no que se presentan primeiramente as unidades didácticas de contido histórico e a continuación as de carácter xeográfico, pero esta organización podería ser modificada polo profesorado sen que se derive ningunha consecuencia negativa para o alumnado.

En canto ás **competencias clave**, nesta materia traballanse as seguintes:

CSC. Competencia social e cívica.
CCL. Competencia en comunicación lingüística.
CAA. Competencia de aprender a aprender.
CD. Competencia dixital.
CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC. Conciencia e expresións culturais.

**CONSIDERARANSE CONTIDOS MÍNIMOS AQUELES ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE ESTEAN SUBLIÑADOS CON LETRA NEGRIÑA**

**O grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe é o nivel "2-Apto" establecido na rúbrica do instrumento de avaliación correspondente.**

A XEOGRAFÍA E A HISTORIA. MÉTODOS E FERRAMENTAS PROPIAS

**A HISTORIA**

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a, b, c, e, f, g, h, l, n, ñ | 1.O tempo histórico | 1.1.Recoñecer a dimensión diacrónica e sincrónica nos acontecementos e procesos históricos. | **1.1.1.Sitúa acontecementos e procesos no tempo (diacronía) e aqueles que se producen ao mesmo tempo (sincronía).**<br>**1.1.2.Elabora eixes cronolóxicos nos que situar acontecementos e procesos históricos.**<br>**1.1.3.Manexa cadros cronolóxicos que permiten a análise da sincronía dos cambios políticos e socioeconómicos.**<br>**1.1.4.Distingue entre causas de longa e curta duración, así como das consecuencias a curto e longo prazo.** | CSC<br>CMCCT<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD |
| a, b, c, e, f, g, h, l, n, ñ | 2.As fontes de información | 2.1.Localizar, seleccionar e analizar información escrita, gráfica e audiovisual utilizando fontes primarias e secundarias. | **2.1.1.Analiza e comenta textos, mapas, gráficos, estatísticas e imaxes.**<br>**2.1.2.Elabora resumos, esquemas, mapas conceptuais, informes e sínteses.**<br>**2.1.3.Mostra interese polo rigor e pola obxectividade na busca e na interpretación da información histórica.**<br>**2.1.4.Relaciona fontes de información diversa como explicativas de procesos históricos complexos.**<br>**2.1.5.Mostra capacidade crítica á hora de analizar distintas interpretacións históricas.**<br>**2.1.6.Demostra a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa traballados e adquiridos anteriormente.**<br>**2.1.7.Mostra interese por coñecer os antecedentes históricos máis directamente relacionados co mundo contemporáneo.**<br>**2.1.8.Traballa con rigor e obxectividade na busca e interpretación da información histórica.**<br>**2.1.9.Entende que é necesaria a formación histórica para adoptar unha posición social crítica propia.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| a, b, c, e, f, g, h, l, n, ñ | 3.Vocabulario específico da materia | 3.1.Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión. | **3.1.1. Define termos e conceptos específicos de cada unidade.**<br>**3.1.2.Emprega correctamente o vocabulario específico dos contidos históricos traballados.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |

**A XEOGRAFÍA**

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a, b, c, e, f, g, h | 1.O medio físico | 1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares en mapas temáticos. | **1.1.1. Localiza e interpreta espazos xeográficos e lugares en mapas.**<br>**1.1.2.Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes de satélite.**<br>**1.1.3.Coñece e interpreta diferentes tipos de mapas temáticos.** | CAA<br>CMCCT<br>CCL<br>CD |
| a, b, c, e, f, g, h | 2.As fontes de información | 2. Localizar, seleccionar e analizar información escrita, gráfica e audiovisual utilizando diversas fontes. | **2.1.1.Analiza e comenta textos, mapas, gráficos, estatísticas e imaxes.**<br>**2.1.2.Elabora resumos, esquemas, mapas conceptuais, informes e sínteses.**<br>**2.1.3.Mostra interese polo rigor e pola obxectividade na busca e na interpretación da información xeográfica.**<br>**2.1.4.Relaciona fontes de información diversa como explicativas de procesos xeográficos complexos.**<br>**2.1.5.Demostra a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa traballados e adquiridos anteriormente.**<br>**2.1.6.Traballa con rigor e obxectividade na busca e interpretación da información xeográfica.** | CAA<br>CMCCT<br>CCL<br>CD |
| a, b, c, e, f, g, h | 3.Vocabulario específico da materia | 3. Utilizar o vocabulario xeográfico con precisión. | **3.1.1. Define termos e conceptos específicos de cada unidade.**<br>**3.1.2.Emprega correctamente o vocabulario específico dos contidos xeográficos traballados**. | CAA<br>CCL |

**UNIDADES DIDÁCTICAS DA PROPOSTA CURRICULAR**

**OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E CARGA HORARIA**

**CONSIDERARANSE CONTIDOS MÍNIMOS AQUELES ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE ESTEAN SUBLIÑADOS CON LETRA NEGRIÑA.**

**O grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe é o nivel "2-Apto" establecido na rúbrica do instrumento de avaliación correspondente**

## A HISTORIA

### 1. Pobos bárbaros e reinos xermánicos

Nesta unidade temática trabállase:

- Os trazos básicos e comúns dos pobos bárbaros.
- A identificación dos principais pobos bárbaros que realizaron os grandes movementos de poboación entre os séculos III e V.
- Os cambios que se orixinaron como consecuencia das grandes migracións do século V.
- A transformación do mapa de Europa pola creación dos novos reinos xermánicos no espazo do imperio romano de occidente.
- As principais características e realizacións dos reinos xermánicos asentados na península ibérica: os suevos e os visigodos.
- O imperio de Xustiniano I como intento de recuperar a perdida unidade do imperio romano.
- O estudo da arte bizantina a través dun edificio singular: Santa Sofía de Constantinopla
- A técnica de traballo de análise e comentario de fontes diversas de información histórica.

**Carga Horaria**: 8 sesións (1ª avaliación)

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a, b, c, e, f, g, h, l | 1.1.Os pobos bárbaros e as grandes invasións<br>-Os bárbaros<br>-As grandes invasións | 1.1.Coñecer os trazos básicos e comúns dos pobos bárbaros e valorar os cambios que se orixinaron como consecuencia das grandes migracións do século V. | **1.1.1.Define o concepto de pobos bárbaros.**<br>**1.1.2.Identifica os trazos comúns e característicos dos pobos bárbaros.**<br>**1.1.3.Analiza información de mapas históricos.**<br>1.1.4.Localiza información e redacta unha breve biografía do máis destacado dos dirixentes dos hunos: Atila. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| a, b, c, e, f, g, h, l | 1.2.Os reinos xermánicos<br>-Os xermanos<br>-A fragmentación do imperio romano de occidente | 1.2.Valorar o impacto da fragmentación da unidade do imperio romano e a nova situación provocada polos reinos xermánicos. | **1.2.1.Localiza o asentamento dos principais pobos xermánicos.**<br>**1.2.2.Identifica os trazos comúns e característicos dos pobos xermánicos.**<br>**1.2.3.Valora os cambios políticos e territoriais derivados da fragmentación do imperio romano**. | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a, b, c, e, f, g, h, l, ñ | 1.3.O reino suevo<br>-A chegada e o asentamento en Gallaecia<br>-A expansión do reino<br>-A desaparición do reino suevo | 1.3.Coñecer e valorar a chegada, asentamento, expansión e fin dos reinos suevo de Gallaecia e visigodo de Toledo. | **1.3.1.Identifica as circunstancias nas que se asentaron os suevos en Gallaecia.**<br>**1.3.2.Valora o impacto da formación do novo reino no noroeste peninsular.**<br>**1.3.3.Describe os trazos básicos do reino visigodo de Toledo.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a, b, c, e, f, g, h, l, ñ | 12.4.O poboamento rural e urbano en Galicia<br>-Aldeas, parroquias e vilas<br>-Xerarquía e rede urbana | 12.4.Caracterizar o poboamento rural e urbano galego. | **12.4.1.Describe os trazos propios do poboamento galego.**<br>**12.4.2.Compara o poboamento rural galego co doutras comunidades.**<br>**12.4.3.Localiza un mapa de Galicia as áreas máis urbanizadas e as máis rurais.** | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD |
| a, b, c, e, f, g, h, l, ñ | 12.5.As sete cidades galegas<br>-Vigo<br>-Coruña<br>-Ourense<br>-Lugo<br>-Santiago<br>-Pontevedra<br>-Ferrol | 12.5.Coñecer os trazos básicos das principais cidades de Galicia e a súa xerarquización. | **12.5.1.Sitúa nun mapa de Galicia as sete cidades máis grandes.**<br>**12.5.2.Recoñece as áreas de influencia das cidades galegas.**<br>**12.5.3.Identifica a orixe de cada unha das sete grandes cidades galegas**. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD |
| a, b, c, e, f, g, h, m, ññ | 12.6.Analizamos: o metabolismo urbano | 12.6.Analizar e valorar os problemas que orixinan as cidades como consecuencia do seu metabolismo. | 12.6.1.Identifica os elementos que definen o metabolismo urbano.<br>12.6.2.Busca información sobre o proceso de depuración de auga do concello propio. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD<br>CSIEE |
| a, b, c, e, f, g, h | 12.7.Traballamos con: fotografías de carácter xeográfico | 12.7. Valorar a fotografía como fonte de información xeográfica. | 12.7.1.Recoñece e valora a fotografía como fonte de información xeográfica. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CCL<br>CD |

## TEMPORALIZACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Coa LOMCE os tempos de cada estándar de aprendizaxe repartiránse dentro dos tempos propostos para cada cada unidade que constan na exposición da táboa de estándares. Tendo en conta a transversalidade de moitos destes estándares e o feito de que se traballan con frecuencia de xeito simultáneo varios, resultaría estéril elaborar una temporalización concreta. Adoptamos como norma temporalizalo por bloques de contido polas razón que agora expoñemos: o mesmo desenvolvemento está condicionado por circunstancias moi variables, hora de clase, capacidades e motivación do alumnado, inserimento do ítem concreto na actualidade e, xa que logo, maior desenvolvemento deste etc.Todo iso condiciona a súa evolución . En todo caso o profesor deberá levar un control sobre o seu desenvolvemento para non superar os tempos asignados co obxectivo de acadar o grao suficiente de desenvolvemento da variable temporal.

## GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Partimos dunha rúbrica na que consideramos catro graos de consecución que deberá contemplar o profesor: insuficiente, mínimo, notable e excelente. Para *obxectivizar o grao mínimo consideramos que o alumnado,como norma xenérica,* deberá acadar un 50 % dos ítems propostos en cada estándar. O profesor ponderará o grao de cumprimento en función das pautas propostas na sua aula, informando ao alumnado dos graos mínimos de consecución de logro e creará as súas probas tamén en función dos mencionados estándares.
O grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe é o nivel "2-Apto" establecido na rúbrica do instrumento de avaliación correspondente

## 4.2 4º CURSO DA ESO

## PROGRAMACIÓN

INTRODUCIÓN

As disciplinas de Xeografía e Historia constitúen os principais eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que contemplan a realidade xeográfica, humana e social desde unha perspectiva integradora e global, visión que se complementa coas achegas doutras disciplinas como a Historia da Arte, a Economía, a Socioloxía ou a Ecoloxía.

Neste curso trátanse aspectos históricos dos que algúns deles xa son coñecidos polo alumnado desde a Educación Primaria e outros resultan novos. No primeiro caso trátase de afondar nos coñecementos xa adquiridos e, no segundo, en abordar novas cuestións que deben resultar de interese para a súa formación.

A Historia desenvolve múltiples competencias, unhas de forma moi específica –a competencia social e cívica- e outras que tamén están moi presentes no traballo do alumnado: a competencia en ciencia e tecnoloxía, a de conciencia e expresións culturais, a dixital, a do sentido da iniciativa e espírito emprendedor, ademais daquelas que están presentes na maioría das materias do currículo de Secundaria: comunicación lingüística e aprender a aprender. Neste sentido, procúrase que, especialmente a través do deseño dos estándares de aprendizaxe, o alumnado traballe e adquira contidos de carácter transversal directamente relacionados coas materias destas disciplinas: a comprensión lectora, a expresión escrita e oral, a educación cívica e constitucional, o traballo con TIC e o emprendemento.

No tratamento da Historia resulta de vital importancia o manexo de moi diferentes fontes de información, destacando as fontes primarias como fontes de coñecemento que o alumnado debe analizar e comentar para construír a súa propia visión dos feitos e procesos históricos. Complemento de grande interese son tamén as fontes documentais audiovisuais e cinematográficas para complementar a visión de períodos históricos amplos ou de feitos históricos e/ou xeográficos máis puntuais.

Os contidos desta materia están organizados en nove unidades que abranguen os feitos e procesos históricos máis destacados desenvolvidos desde o século XVIII ata a actualidade, fixando a atención naqueles que, pola súa significación e consecuencias derivadas, merecen maior espazo e tempo no conxunto da programación.

En canto ás **competencias clave**, nesta materia traballanse as seguintes:

CSC. Competencia social e cívica.
CCL. Competencia en comunicación lingüística.
CAA. Competencia de aprender a aprender.
CD. Competencia dixital.
CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC. Conciencia e expresións culturais.

**CONSIDERARANSE CONTIDOS MÍNIMOS AQUELES ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE ESTEAN SUBLIÑADOS CON LETRA NEGRIÑA**

**O grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe é o nivel "2-Apto" establecido na rúbrica do instrumento de avaliación correspondente.**

A HISTORIA. MÉTODOS E FERRAMENTAS PROPIAS

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,e,f,g,h,l,n,ñ | 1.O tempo histórico | 1.1.Recoñecer a dimensión diacrónica e sincrónica nos acontecementos e procesos históricos. | **1.1.1.Sitúa acontecementos e procesos no tempo (diacronía) e aqueles que se producen ao mesmo tempo (sincronía).**<br>**1.1.2.Elabora eixes cronolóxicos nos que situar acontecementos e procesos históricos.**<br>**1.1.3.Manexa cadros cronolóxicos que permiten a análise da sincronía dos cambios políticos e socioeconómicos.**<br>**1.1.4.Distingue entre causas de longa e curta duración, así como das consecuencias a curto e longo prazo.** | CSC<br>CMCCT<br>CAA<br>CD<br>CCL<br>CCEC |
| a,b,c,e,f,g,h,l,n,ñ | 2.As fontes de información | 2.1.Localizar, seleccionar e analizar información escrita, gráfica e audiovisual utilizando fontes primarias e secundarias. | **2.1.1.Analiza e comenta textos, mapas, gráficos, estatísticas e imaxes.**<br>**2.1.2.Elabora resumos, esquemas, mapas conceptuais, informes e sínteses.**<br>**2.1.3.Mostra interese polo rigor e pola obxectividade na busca e na interpretación da información histórica.**<br>**2.1.4.Relaciona fontes de información diversa como explicativas de procesos históricos complexos.**<br>**2.1.5.Mostra capacidade crítica á hora de analizar distintas interpretacións históricas.**<br>**2.1.6.Demostra a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa traballados e adquiridos anteriormente.**<br>**2.1.7.Mostra interese por coñecer os antecedentes históricos máis directamente relacionados co mundo contemporáneo.**<br>**2.1.8.Traballa con rigor e obxectividade na busca e interpretación da información histórica.**<br>**2.1.9.Entende que é necesaria a formación histórica para adoptar unha posición social crítica propia.** | CSC<br>CD<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l,n,ñ | 3.Vocabulario específico da materia | 3.1.Utilizar con precisión o vocabulario histórico e artístico. | **3.1.1. Define termos e conceptos específicos de cada unidade.**<br>**3.1.2.Emprega correctamente o vocabulario específico dos contidos históricos traballados.** | CSC<br>CD<br>CAA<br>CCL |

**4.UNIDADES DIDÁCTICAS DA PROPOSTA CURRICULAR**

**OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E CARGA HORARIA**

**CONSIDERARANSE CONTIDOS MÍNIMOS AQUELES ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE ESTEAN SUBLIÑADOS CON LETRA NEGRIÑA. O grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe é o nivel "2-Apto" establecido na rúbrica do instrumento de avaliación correspondente**

## 1. O século da razón

Nesta unidade temática trabállase:

- As principais características do Antigo Réxime.
- Os cambios que a Ilustración introduciu na mentalidade da época.
- Os principais grupos e institucións difusoras das ideas ilustradas.
- Os trazos que caracterizan o sistema do despotismo ilustrado.
- As realizacións máis salientables dos primeiros monarcas da dinastía de Borbón en España.
- As realizacións máis salientables do despotismo ilustrado en España.
- As realizacións borbónicas e o papel dos ilustrados en Galicia.
- As liñas básicas da organización e explotación de América no século XVIII.
- As novas ideas sociais, económicas e políticas que criticaban as bases do Antigo Réxime.
- As correntes e movementos artísticos máis significativos da época.
- A ciencia e a técnica no século XVIII.

**Carga horaria**: 9 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,e,f,g,h,l | 1.1. O Antigo Réxime | 1.1.Recoñecer e describir as principais características do Antigo Réxime. | **1.1.1. Identifica os trazos básicos da economía do Antigo Réxime**<br>**1.1.2.Valora a organización social estamental.**<br>**1.1.3. Analiza a xustificación teórica do poder absoluto dos monarcas.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 1.2.A Ilustración | 1.2. Comprender e valorar os cambios que a Ilustración introduciu na mentalidade da época. | **1.2.1.Comenta as transformacións intelectuais introducidas polo movemento da Ilustración.**<br>**1.2.2.Identifica os principais grupos e institucións difusoras das ideas ilustradas.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 1.3.O despotismo ilustrado | 1.3.Identificar os trazos que caracterizan o sistema do despotismo ilustrado. | **1.3.1. Caracteriza os trazos básicos do despotismo ilustrado.**<br>**1.3.2.Analiza as reformas dos monarcas ilustrados e busca puntos de coincidencia entre eles.** | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,e,f,g,h,l | 1.4.Os primeiros monarcas Borbón en España | 1.4.Coñecer as realizacións máis salientables dos primeiros monarcas da dinastía de Borbón en España. | **1.4.1.Describe as reformas centralizadoras de Filipe V.**<br>**1.4.2.Caracteriza as liñas xerais do reinado de Fernando VI.**<br>**1.4.3.Valora as reformas ilustradas de Carlos III.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l,ñ | 1.5. A Galicia Borbónica | 1.5.Coñecer as realizacións borbónicas e o papel dos ilustrados en Galicia. | **1.5.1.Explica a orixe e o papel social da fidalguía galega**<br>**1.5.2.Identifica as principais propostas de cambio dos ilustrados galegos**<br>**1.5.3.Nomea as institucións ilustradas galegas e as súas principais propostas.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 1.6.América colonial | 1.6.Identificar as liñas básicas da organización e explotación das colonias españolas en América no século XVIII. | 1.6.1.Identifica e describe as liñas básicas da organización e explotación da América española no século XVIII. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 1.7.Síntomas e propostas de cambio | 1.7.Coñecer e valorar as novas ideas sociais, económicas e políticas que criticaban as bases do Antigo Réxime. | **1.7.1.Coñece e valora as propostas de cambio político e socioeconómico elaboradas por pensadores do século XVIII.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l,n | 1.8.As artes na época da Ilustración | 1.8.Analizar e valorar as correntes e movementos artísticos máis significativos da época. | **1.8.1.Analiza e comenta elementos propios dos estilos do século XVIII en determinadas obras de arte.**<br>**1.8.2.Selecciona obras de arte rococó e analiza os seus trazos característicos.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 1.9. Ciencia e técnica no século XVIII | 1.9.Coñecer e valorar as achegas máis destacadas da ciencia e da tecnoloxía no século XVIII. | **1.9.1.Identifica e valora as achegas da ciencia e da técnica no progreso da humanidade.**<br>**1.9.2.Selecciona algún invento da época para explicar a súa transcendencia posterior.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

**2. As revolucións burguesas**

Nesta unidade temática trabállase:

Os principios que inspiraron as bases do cambio do Antigo Réxime ao liberalismo.
O proceso de independencia dos EE UU como expresión da primeira revolución liberal.
As causas da Revolución francesa e os trazos máis significativos das súas fases.
Os trazos da política exterior e interior do Imperio napoleónico.
O proceso dos inicios da revolución liberal en España a no contexto da crise da Monarquía e da guerra contra os franceses.
Os cambios introducidos pola revolución industrial, valorando o impacto das transformacións.
As características do capitalismo.
A nova sociedade de clases.
As correntes e movementos artísticos máis significativos da época, prestando unha especial atención á obra de Goya.

**Carga horaria**: 12 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,e,f,g,h,l | 2.1. O liberalismo | 2.1. Describir os trazos básicos que caracterizan o liberalismo. | **2.1.1. Describe os trazos básicos que caracterizan o liberalismo.**<br>**2.1.2.Diferencia e valora as tendencias do liberalismo a partir de fontes documentais.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 2.2.Independencia e revolución en EE UU | 2.2. Valorar o proceso de independencia dos EE UU como expresión da primeira revolución liberal. | **2.2.1.Explica as causas da independencia de EE UU.**<br>**2.2.2.Identifica principios liberais na Declaración de Dereitos de Virxinia.**<br>2.2.3.Elabora sínteses biográficas a partir da consulta de fontes na rede. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 2.3.A Revolución francesa e o Imperio napoleónico | 2.3. Explicar as causas da Revolución francesa, coñecer os trazos máis significativos das súas fases e identificar os trazos da política exterior e interior do Imperio napoleónico. | **2.3.1.Explica as causas da Revolución francesa.**<br>**2.3.2.Elabora un eixe cronolóxico coas datas e fases da Revolución francesa.**<br>**2.3.3.Analiza e comenta documentos básicos do proceso revolucionario francés.**<br>**2.3.4.Identifica os principais acontecementos e medidas da época do Imperio napoleónico.**<br>**2.3.5.Sintetiza a biografía de Napoleón a partir da consulta de fontes de información na rede.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,e,f,g,h,l | 2.4.Guerra e revolución liberal en España | 2.4.Coñecer e valorar o proceso dos inicios da revolución liberal en España a no contexto da crise da Monarquía e da guerra contra os franceses. | **2.4.1.Explica as circunstancias do inicio da guerra contra os franceses e da revolución liberal en España.**<br>**2.4.2.Comenta a táctica de loita contra o exército napoleónico e os resultados .**<br>**2.4.3.Analiza e comenta a significación do traballo das Cortes de Cádiz.**<br>**2.4.4.Valora a resistencia dos galegos na loita contra o exército francés.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l,m | 2.5.A revolución agraria e industrial | 2.5.Analizar os cambios introducidos pola revolución industrial, valorando o impacto das transformacións. | **2.5.1.Describe e valora as principais transformacións da revolución agraria.**<br>**2.5.2.Analiza e comenta os cambios nos sectores punteiros da revolución industrial.**<br>**2.5.3.Valora a aplicación da ciencia e da tecnoloxía na renovación industrial.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 2.6.Capitalismo e sociedade de clases | 2.6.Describir os trazos do capitalismo e a nova sociedade de clases. | **2.6.1.Elabora un mapa conceptual cos trazos básicos do capitalismo.**<br>**2.6.2.Identifica trazos do capitalismo en fontes documentais.**<br>**2.6.3. Explica as características da sociedade de clases.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| a,b,c,e,f,g,h,l,n | 2.7. Neoclasicismo. Goya | 2.7.Analizar e valorar as correntes e movementos artísticos máis significativos da época, prestando unha especial atención á obra de Goya. | **2.7.1.Identifica os elementos que caracterizan a arte neoclásica.**<br>**2.7.2.Analiza e valora a obra de Goya a través da súa obra.**<br>**2.7.3.Busca información na rede para completar a valoración da obra de Goya.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

## 3. Restauración, liberalismo e nacionalismo

Nesta unidade temática trabállase:

Os principios da restauración absolutista.
Os principais acontecementos das ondas revolucionarias liberais de 1820, 1830 e 1848.
O enfrontamento liberalismo-absolutismo no reinado e Fernando VII.
O proceso xeral da emancipación das colonias españolas de América.
Os trazos básicos da evolución política, económica e social do reinado de Sabela II.
As etapas políticas do Sexenio democrático.
As características xerais dos movementos nacionalistas.
O proceso de formación de novos Estados en Europa.
As primeiras formas de protesta obreira.
Os trazos básicos das ideoloxías marxista e anarquista, valorando a súa incidencia no movemento obreiro.
As características dos movementos artísticos do romanticismo e do realismo.

**Carga horaria**: 12 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,e,f,g,h,l | 3.1. Restauración absolutista e vagas revolucionarias | 3.1.Coñecer os principios da Restauración absolutista e os intentos revolucionarios que se lle opuxeron. | **3.1.1. Identifica os principios da Restauración absolutista en documentos.**<br>**3.1.2.Analiza e comenta o mapa resultante do Congreso de Viena.**<br>**3.1.3.Identificar os principais acontecementos das vagas revolucionarias de 1820, 30 e 48.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 3.2.Fernando VII e a independencia da América española | 3.2.Coñecer e valorar o enfrontamento entre absolutismo e liberalismo durante o reinado de Fernando VII e o proceso de independencia das colonias españolas en América. | **3.2.1.Describe a ideoloxía dominante nos diferentes períodos do reinado de Fernando VII.**<br>**3.2.2.Explica e valora o pronunciamento como medio para establecer o liberalismo.**<br>**3.2.3.Explica as circunstancias que favoreceron os procesos de independencia das colonias españolas de América.** | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,e,f,g,h,l | 3.3.O reinado de Sabela II | 3.3.Identificar os trazos básicos da evolución política, económica e social do reinado de Sabela II. | **3.3.1.Caracteriza os bandos enfrontados nas guerras carlistas.**<br>**3.3.2. Describe a tendencia dominante nos diferentes períodos do reinado de Sabela II.**<br>**3.3.3.Analiza e compara Constitución do reinado.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 3.4.O Sexenio democrático | 3.4.Diferenciar e analizar as etapas políticas do Sexenio democrático. | **3.4.1.Identifica e describe os diferentes réximes políticos durante o Sexenio.**<br>**3.4.2.Caracteriza o reinado de Amadeo de Savoia.**<br>**3.4.3.Sintetiza as características das diferentes posicións dos republicanos durante a Primeira República.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l,ñ | 3.5.A Galicia liberal | 3.5.Coñecer e valorar as especificidades da Galicia liberal. | **3.5.1.Coñece e valora os intentos de establecer o liberalismo desde Galicia.**<br>**3.5.2.Caracteriza as dificultades que en Galicia tivo o liberalismo e os inicios do movemento provincialista.**<br>**3.5.3.Explica as principais transformacións económicas da Galicia liberal a partir da análise de gráficas e táboas de datos.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 3.6.Nacionalismo e novos Estados en Europa | 3.6.Identificar os trazos do nacionalismo e coñecer o proceso de formación do novo Estado de Alemaña e Italia. | **3.6.1.Identifica os elementos básicos dos nacionalismos a partir da análise de documentos.**<br>**3.6.2.Diferenza os tipos de nacionalismo do século XIX.**<br>**3.6.3.Sintetiza os procesos de formación dos novos Estados de Italia e Alemaña e analiza os mapas da evolución da súa formación.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 3.7.Os inicios do movemento obreiro | 3.7.Coñecer e diferenciar as primeiras formas de organización e protesta proletaria, así como os trazos básicos do marxismo e do anarquismo valorando a súa incidencia no movemento obreiro. | **3.7.1.Describe as primeiras formas de protesta obreira.**<br>**3.7.2.Coñece os principios teóricos do marxismo e do anarquismo e valora a súa influencia no movemento obreiro.**<br>**3.7.3.Explica a formación da AIT, os seus obxectivos e dificultades.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l,n | 3.8.Romanticismo e realismo | 3.8.Analizar e diferenciar as características do movemento artístico do romanticismo e do realismo. | **3.8.1.Identifica elementos característicos do romanticismo e do realismo a partir da análise de obras representativas.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

## 4. Estado burgués e imperialismo

Nesta unidade temática trabállase:

- As características do Estado burgués.
- Os trazos básicos das principais potencias burguesas do século XIX.
- Os avances máis salientables das conquistas sociais da época, con especial atención ás alcanzadas polas mulleres.
- Os avances científicos, técnicos e organizativos da segunda revolución industrial.
- As principais causas e consecuencias da revolución demográfica.
- As bases e os feitos máis destacados da época do réxime da Restauración borbónica en España.
- Os trazos básicos da Galicia dominada polo caciquismo.
- Os rexionalismos e nacionalismos periféricos en España.
- As características dos estilos artísticos do impresionismo e postimpresionismo.

**Carga horaria**: 9 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,e,f,g,h,l | 4.1. Estado burgués e movementos sociais | 4.1.Coñecer as características do Estado burgués e os movementos reivindicativos das mulleres e do mundo obreiro. | **4.1.1. Describe os trazos característicos do Estado burgués do século XIX.**<br>**4.1.2.Explica os avances do movemento obreiro e valora os acordos da Segunda Internacional.**<br>**4.1.3.Valora os esforzos do movemento sufraxista e as súas realizacións.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l,m | 4.2.Segunda revolución industrial. Ciencia e tecnoloxía | 4.2.Identificar avances científicos, técnicos e organizativos da segunda revolución industrial, así como os seus trazos característicos. | **4.2.1.Identifica os trazos característicos da segunda revolución industrial.**<br>**4.2.2.Describe e valora os novos métodos de traballo e de organización empresarial a partir do comentario e análise de fontes documentais e gráficas.**<br>**4.2.3.Busca información na rede para elaborar un breve informe sobre algún invento significativo da segunda revolución industrial.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 4.3.As transformacións demográficas | 4.3.Analizar as principais causas e consecuencias da revolución demográfica. | **4.3.1.Explica as principais razóns que explican o crecemento demográfico do século XIX.**<br>**4.3.2.Enuncia as causas do éxodo rural e da emigración no século XIX.**<br>4.3.3.Analiza e compara datos estatísticos a partir de gráficas e táboas de datos. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,e,f,g,h,l | 4.4.Expansión colonial e imperialismo | 4.4.Identificar as causas e consecuencias da formación dos imperios coloniais. | **4.4.1.Identifica e describe as causas da formación dos imperios coloniais.**<br>**4.4.2.Analiza e compara mapas históricos relacionados coas consecuencias do colonialismo.**<br>**4.4.3.Valora os acordos dos Congreso de Berlín de 1885.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 4.5.O réxime da Restauración borbónica en España | 4.5.Describir os feitos máis significativos dos reinados de Afonso XII e Afonso XIII. | **4.5.1.Define os trazos básicos do sistema canovista.**<br>**4.5.2.Identifica e describe os acontecementos máis destacados do período da Restauración borbónica.**<br>4.5.3.Elabora un mapa conceptual cos principais acontecementos da crise dos sistema da Restauración. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l,ñ | 4.6.A Galicia dos caciques | 4.6.Sintetizar as características políticas, económicas e sociais da Galicia caciquil do século XIX | **4.6.1.Identifica os elementos de control e poder dos caciques galegos.**<br>**4.6.2.Coñece e valora o movemento agrarista.**<br>**4.6.3.Analiza e valora a evolución económica da Galicia de finais do século XIX e comezos do XX.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l,ñ | 4.7.Rexionalismos e nacionalismos periféricos en España | 4.7.Coñecer e valorar os rexionalismo e nacionalismos periféricos españois da época da Restauración. | **4.7.1.Describe as causas do nacemento dos nacionalismos periféricos en España.**<br>**4.7.2.Caracteriza os trazos e a evolución do galeguismo e busca na rede imaxes e textos relacionados.**<br>**4.7.3.Analiza e comenta documentos relacionados cos nacionalismos catalán vasco e galego.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| a,b,c,e,f,g,h,l,n | 4.8.Impresionismo e postimpresionismo | 4.8.Identificar as características e valorar as obras dos máis destacados artistas impresionistas e postimpresionistas. | **4.8.1.Identifica elementos característicos do impresionismo e postimpresionismo en obras dos máis destacados artistas destes movementos.**<br>**4.8.2.Valora os cambios estéticos que supuxeron no seu momento estes estilos artísticos.**<br>4.8.3.Selecciona obras na rede e elabora un breve dossier sobre elas. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

## 5. O mundo entre guerras

Nesta unidade temática trabállase:

As principais causas e consecuencias máis destacadas das dúas guerras mundiais.
Os trazos básicos do desenvolvemento das dúas conflagracións mundiais, así como os puntos máis salientables das condicións da paz.
Os organismos internacionais encargados de velar pola paz.
Os puntos clave do proceso revolucionario ruso de 1917.
Os aspectos máis destacados da organización do Estado soviético con Lenin e Stalin.
Os postulados básicos dos sistemas fascistas.
As actuacións máis destacadas dos réximes de Mussolini e Hitler.
Os trazos básicos da crise da Bolsa de 1929 e as consecuencias que dela se derivaron.
O movemento artístico das vangardas históricas.

**Carga horaria**: 12 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,e,f,g,h,l | 5.1. A Primeira Guerra Mundial | 5.1.Explicar as causas e consecuencias da Primeira Guerra Mundial. | **5.1.1. Explica as causas da Primeira Guerra Mundial e valora as magnitudes do conflito.**<br>**5.1.2.Analiza e comenta mapas históricos relacionados coa evolución das frontes bélicas e o novo mapa europeo que xurdiu ao seu remate.**<br>**5.1.3.Comenta a organización da paz e as súas consecuencias.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 5.2.A Revolución rusa e o Estado soviético | 5.2.Identificar os puntos clave do proceso revolucionario ruso e da formación do Estado soviético. | **5.2.1.Explica a situación da Rusia tsarista e valora os seus trazos no estoupido da revolución de 1917.**<br>**5.2.2.Coñece os aspectos máis destacados da organización do Estado soviético con Lenin e Stalin.**<br>**5.2.3.Analiza e comenta textos, imaxes e táboas de datos relacionados coa URSS de Lenin e Stalin.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 5.3.O fascismo. A Italia de Mussolini | 5.3.Coñecer os postulados básicos do fascismo e as principais características da Italia de Mussolini. | **5.3.1.Describe e comenta os trazos básicos do fascismo.**<br>**5.3.2.Explica e valora as consecuencias que se derivan da aceptación do principio de desigualdade entre os seres humanos.**<br>**5.3.3.Sintetiza o proceso de ascenso ao poder de Musssolini e as realizacións máis destacadas do seu goberno.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 5.4.A crise de 1929 e a Gran Depresión | 5.4.Comprender as causas do crac da Bolsa de Nova York e as | **5.4.1.Identifica os factores que desencadearon o crac de 1929.**<br>**5.4.2.Relaciona a crise neoiorquina coa depresión mundial** | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | consecuencias que dela se derivaron. | **5.4.3.Analiza e comenta gráficas e táboas de datos relacionados coas consecuencias da crise de 1929.** | CMCCT |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 5.5.O nazismo. A Alemaña de Hitler | 5.5. Coñecer as características do nazismo e as actuacións máis destacadas da Alemaña de Hitler. | **5.5.1. Describe e comenta os trazos característicos do nazismo destacando so relacionados co antisemitismo e a súa relación co holocausto.**<br>**5.5.2.Sintetiza o proceso de ascenso nazi ao poder en Alemaña.**<br>**5.5.3.Comenta os trazos da Alemaña nazi e a súa fin.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 5.6.A Segunda Guerra Mundial | 5.6. Explicar as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial. | **5.6.1. Explica as causas da Segunda Guerra Mundial e valora as magnitudes do conflito.**<br>**6.1.2.Analiza e comenta mapas históricos relacionados coa evolución das frontes bélicas e o novo mapa europeo que xurdiu ao seu remate.**<br>**6.1.3.Comenta a organización da paz e as súas consecuencias.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| a,b,c,e,f,g,h,l,n,ñ | 5.7.As vangardas pictóricas | 5.7.Analizar e valorar as manifestacións artísticas da arte das vangardas, con especial atención a Galicia. | **5.7.1.Analiza e valora a estética das vangardas pictóricas.**<br>5.7.2.Identifica trazos característicos deste movemento en obras previamente seleccionadas na rede.<br>5.7.3.Valora a obra do artista galego Carlos Masside desde o punto de vista estético e como testemuña da súa época a través da súa obra gráfica. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

## 6. República e ditadura en España

Nesta unidade temática trabállase:

- As diferenzas entre o sistema democrático e o ditatorial, identificando os seus trazos básicos.
- A ditadura de Primo de Rivera.
- A situación na que se proclamou a Segunda República.
- As etapas da Segunda República, as súas realizacións e dificultades.
- O contexto no que se iniciou e desenvolveu a Guerra Civil.
- A evolución política, cultural e socioeconómica de España e Galicia durante o franquismo.
- O papel e actividades da oposición ao franquismo.
- A arte das vangardas en España e a obra de Picasso.

**Carga horaria**: 12 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,e,f,g,h,l | 6.1. A ditadura de Primo de Rivera e a fin da Monarquía. | 6.1.Caracterizar a ditadura de Primo de Rivera, as súa evolución e fin. | **6.1.1. Identifica as razóns de Primo de Rivera para iniciar a ditadura a partir da análise de documentos.**<br>**6.1.2.Caracteriza as etapas do mandato de Primo de Rivera.**<br>**6.1.3.Valora as forzas da oposición e a fin da ditadura.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 6.2.A Segunda República | 6.2.Coñecer o contexto de proclamación da Segunda República e describir as súas etapas e principais realizacións. | **6.2.1.Explica o contexto de proclamación da Segunda República.**<br>**6.2.2.Analiza e valora as principais realizacións, así como as dificultades nas diferentes etapas da Segunda República.**<br>**6.2.3. Comprende e valora as diferenzas entre ditadura e democracia.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l,ñ | 6.3.Galicia durante a Segunda República | 6.3.Coñecer as especificidades de Galicia durante a Segunda República con atención especial ao proceso autonómico. | **6.3.1.Coñece os trazos específicos da Segunda República en Galicia.**<br>**6.3.2.Identifica e valora a ideoloxía e o traballo das forzas políticas máis involucradas na aprobación do Estatuto de Autonomía.**<br>**6.3.3.Analiza e comenta aspectos do Estatuto de 1936.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 6.4.A Guerra Civil | 6.4.Coñecer o contexto no que se iniciou e desenvolveu a Guerra Civil, así como as forzas que apoiaron aos dous bandos e | **6.4.1.Enuncia as causas do inicio da Guerra Civil e describe o proxecto dos sublevados.**<br>**6.4.2.Caracteriza a ideoloxía e forzas que apoiaron aos dous bandos enfrontados.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | as consecuencias da derrota republicana. | **6.4.3.Analiza e comenta, a través de mapas históricos e imaxes, a evolución da guerra e as actuacións do goberno de Burgos e da República nas respectivas zonas de control.**<br>**6.4.4.Valora as consecuencias da Guerra Civil.** | |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 6.5.A ditadura de Franco | 6.5.Identificar os trazos básicos da política, cultura e socioeconomía de España durante a ditadura franquista. | **6.5.1.Enumera as razóns para considerar ditadura o sistema franquista.**<br>**6.5.2.Describe os trazos políticos do franquismo e as súas consecuencias na orde internacional.**<br>**6.5.3.Comenta a evolución económica do franquismo a partir de documentos, gráficas e datos estatísticos.**<br>**6.5.4.Enuncia as principais forzas de oposición e caracteriza os derradeiros anos do franquismo.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| a,b,c,e,f,g,h,l,ñ | 6.6.Galicia no franquismo | 6.6.Explicar os trazos específicos da ditadura franquista en Galicia, destacando o papel da guerrilla e o drama do exilio. | **6.6.1.Valora a existencia do poderoso movemento de resistencia ao franquismo que foi a guerrilla.**<br>**6.6.2.Describe a evolución económica en Galicia durante o franquismo e o papel de emigración como fonte se divisas.**<br>**6.6.3.Analiza, comenta e valora so sucesos de Ferrol do 10 de marzo de 1972.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l,n,ñ | 6.7.As vangardas en España. Picasso | 6.7.Analizar e valorar a arte das vangardas en España e Galicia, destacando a obra de Picasso. | **6.7.1.Identifica elementos característicos das vangardas artísticas na obra de artistas españois e galegos.**<br>6.7.2.Analiza e valora algunha obra deste estilo seleccionada na rede.<br>**6.7.3.Busca información na rede e elabora un informe sobre a significación da obra de Picasso.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

## 7. A división do mundo en bloques

Nesta unidade temática traballase:

A división do mundo en bloques tras a fin da Segunda Guerra Mundial.
As características da Guerra Fría e coñecer os conflitos máis salientables.
Os elementos ideolóxicos, políticos, económicos, militares e culturais do bloque occidental e oriental.
As dificultades do bloque oriental.
O proceso de descolonización.
As características do Terceiro mundo.
A arte das postvangardas artísticas.

**Carga horaria**: 12 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,e,f,g,h,l | 7.1. A bipolarización das relacións internacionais | 7.1.Comprender a división do mundo en bloques tras a fin da Segunda Guerra Mundial e definir as súas características. | **7.1.1. Define o concepto de bipolaridade na Guerra Fría.**<br>**7.1.2.Enuncia os elementos de cohesión de cada un dos bloques.**<br>**7.1.3.Caracteriza os trazos do enfrontamento bipolar.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 7.2. A Guerra Fría | 7.2.Coñecer os trazos da Guerra Fría e caracterizar as súas fases e conflitos máis destacados. | **7.2.1.Caracteriza o novo tipo de tensión internacional durante a Guerra Fría.**<br>**7.2.2.Nomea os conflitos máis destacados da etapa e sintetiza as causas e consecuencias.**<br>**7.2.3.Valora a significación da guerra de Vietnam e da Afganistán para as superpotencias da Guerra Fría.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 7.3.Democracias liberais | 7.3.Caracterizar os trazos políticos, económicos e sociais das democracias liberais. | **7.3.1.Define as características políticas e económicas dos réximes das democracias liberais e valora os avances relacionados co estado do benestar en Europa.**<br>**7.3.2.Analiza e valora os movementos sociais e de protesta dos países do bloque occidental.**<br>**7.3.3.Consulta a rede para obter datos cos que elaborar un breve informe sobre os movementos en defensa dos dereitos políticos dos negros en EEUU e Sudáfrica.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 7.4.Democracias populares | 7.4. 7.3.Caracterizar os trazos políticos, económicos e sociais das democracias populares. | **7.4.1. Define as características políticas e económicas dos réximes das democracias populares.** | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | **7.4.2.Analiza os exemplos de Iugoslavia e China como excepcións á imposición do modelo soviético.**<br>**7.4.3.Define e valora as dificultades do bloque socialista e a crise do socialismo real.** | |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 7.5.A descolonización | 7.5.Coñecer e valorar o proceso de descolonización. | **7.5.1.Define o concepto de descolonización e sitúa o proceso no tempo e no espazo**<br>**7.5.2.Sitúa nun mapa mundi os novos países organizados segundo as fases da súa independencia.**<br>**7.5.3.Busca información complementaria na rede sobre a figura de Gandhi e a súa significación na independencia de India e nos movementos pacifistas que inspirou.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 7.6.O terceiro mundo | 7.6.Describir as características do Terceiro Mundo. | **7.6.1.Define o concepto de Terceiro Mundo e sitúa sobre un mapa o espazo que abrangue.**<br>**7.6.2.Define o movemento dos Non Aliñados e valora o seu papel no mundo bipolar da Guerra Fría.**<br>7.3.3.Analiza datos estatísticos cos que valorar as realidades do Terceiro Mundo. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| a,b,c,e,f,g,h,l,n | 7.7.As postvangardas artísticas | 7.7.Coñecer as tendencias da arte na etapa da Guerra Fría. | **7.7.1.Analiza tendencias da renovación da arquitectura, da escultura e da pintura.**<br>7.7.2.Valora a falta dunha única tendencia como valor enriquecedor das artes.<br>7.7.3.Busca na rede algunha obra artística representativa do período para analizala e comentala. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

## 8. Globalización e supremacía de EE UU

Nesta unidade temática trabállase:

- Os avances técnicos e científicos do mundo actual.
- O actual sistema da globalización, así como a contestación ao sistema.
- Os trazos básicos da nova orde internacional tras a fin da Guerra Fría.
- O proceso de integración da Europa unida e valorar o seu proceso.
- As características xerais da situación actual dos países de América Latina.
- Os trazos básicos do desenvolvemento económico dos países máis prósperos de Asia oriental.
- As características do mundo islámico.
- As tendencias da arte actual.

**Carga horaria**: 9 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,e,f,g,h,l, m | 8.1. Terceira revolución industrial. Globalización e crise económica | 8.1.Valorar os avances técnicos e científicos do mundo actual e os seus efectos na globalización. | **8.1.1. Identifica as características da terceira revolución industrial.**<br>**8.1.2.Comenta os trazos da globalización e dos movementos alternativos e/ou contrarios a ela.**<br>**8.1.3.Selecciona unha novidade do campo dixital actual e comenta a importancia na vida cotiá.**<br>**8.1.4.Describe a orixe e os trazos da crise económica iniciada en 2008.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 8.2.A orde internacional na pos-Guerra Fría | 8.2.Caracterizar esta fase histórica destacando o papel de EE UU e a orde internacional xurdida tras a fin da Guerra Fría. | **8.2.1.Valora a supremacía de EE UU tras a desaparición da URSS.**<br>**8.2.2.Coñece o proceso de desintegración de Iugoslavia.**<br>**8.2.3.Identifica as principais zonas de conflito en África e as características desas guerras.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 8.3.A Unión Europea | 8.3.Coñecer o proceso de formación e ampliación da Europa Comunitaria. | **8.3.1.Coñece as orixes da Europa unida e sitúa no tempo os inicios do proceso.**<br>**8.3.2.Localiza nun mapa os países que forman parte da UE.**<br>**8.3.3. Confecciona un eixe do tempo coas fases de ampliación da Europa Comunitaria.**<br>**8.3.4.Explica o funcionamento das institucións europeas.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 8.4.América Latina | 8.4.Coñecer a evolución económica e política do conxunto dos países de América Latina. | **8.4.1.Identifica trazos comúns nos países de América Latina durante a segunda metade do século XX e comezos do XXI.**<br>**8.4.2.Describe procesos evolutivos cara á maior democratización na maioría dos países de América Latina.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | 8.4.3.Analiza e comenta táboas de datos sobre valores demográficos, económicos e sociais de América Latina. | |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 8.5.Os países de Asia Oriental | 8.5.Caracterizar as economías consolidadas e emerxentes de Asia. | **8.5.1.Describe o crecemento xaponés e nomea os principais sectores económicos do seu desenvolvemento.**<br>**8.5.2.Describe os elementos que permiten o crecemento económico chinés.**<br>**8.5.3.Caracteriza as economías emerxentes do sueste de Asia.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 8.6.O mundo islámico | 8.6.Comprender o papel que o islam exerce nos países de maioría musulmá e caracterizar as manifestacións do terrorismo xihadista. | **8.6.1.Valora o papel que a relixión exerce nos países musulmáns.**<br>**8.6.2.Analiza os conflitos máis significativos no mundo musulmán.**<br>**8.6.3.Analiza as accións e efectos do terrorismo xihadista no mundo actual.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 8.7.Un mundo multipolar | 8.7.Caracterizar as relacións internacionais a partir dos ataques terroristas do 11-9-2001. | **8.7.1.Explica as tendencias actuais das relacións internacionais orixinadas a partir dos ataques terroristas a EE UU en 2001.**<br>8.7.2.Valora a existencia de varios núcleos de poder superadores do sistema bipolar da Guerra Fría e da supremacía e EE UU nos anos posteriores á desaparición da URSS.<br>**8.7.3.Identifica os novos centros de poder mundial e as relacións e intereses mutuos.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l, n | 8.8. A arte actual | 8.8.Comprender e valorar a enorme diversidade de linguaxes e expresións artísticas características do momento actual. | **8.8.1.Comenta as tendencias dominantes na arquitectura actual.**<br>8.8.2.Visita unha exposición –real ou virtual- e redacta un informe valorativo da obra exposta.<br>8.8.3.Busca na rede algunha obra actual para contextualizala, describila e valorala. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

## 9. España en democracia

Nesta unidade temática trabállase:

- Os feitos e procesos básicos da transición democrática en España.
- O actual sistema político español.
- A actual Constitución española.
- As principais realizacións dos sucesivos gobernos democráticos.
- Os trazos básicos da Galicia autonómica.
- A arte actual en España.
- 

**Carga horaria**: 12 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,e,f,g,h,l | 9.1. A transición democrática | 9.1. Coñecer e valorar os feitos básicos da transición democrática. | **9.1.1. Describe o proceso de transición desde a ditadura franquista á democracia da monarquía parlamentaria.**<br>**9.1.2.Describe e valora a actuación do primeiro goberno de Suárez.**<br>**9.1.3.Analiza os resultados das primeiras eleccións democráticas da transición.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 9.2.A Constitución de 1978. O Estado das Autnomías | 9.2.Analizar o actual sistema político da España das Autonomías e coñecer os trazos básicos da Constitución de 1978. | **9.2.1.Identifica os trazos básicos da Constitución de 1978 e valora os seus principios reitores.**<br>**9.2.2.Analiza a organización dos poderes do Estado.**<br>**9.2.3.Coñece e localiza no mapa as Comunidades e cidades Autónomas, as respectivas capitais e as datas de aprobación dos seus Estatutos.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l | 9.3.A alternancia democrática dos gobernos | 9.3.Identificar as principais realizacións dos diferentes gobernos democráticos. | **9.3.1.Elabora un esquema no que sintetiza as principais realizacións dos gobernos da UCD, PSOE e PP.**<br>**9.3.2.Explica e valora o intento de golpe de Estado de 1981.**<br>**9.3.3.Elabora un eixe cronolóxico coas datas dos gobernos da democracia.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,e,f,g,h,l, ñ | 9.4.A Galicia autonómica | 9.4.Describir o proceso autonómico galego e caracterizar os seus trazos básicos, así como identificar as diferentes forzas políticas que gobernaron. | **9.4.1.Describe os pasos do proceso autonómico galego.**<br>**9.4.2.Analiza e comenta os trazos básicos do Estatuto de Autonomía.**<br>**9.4.3.Caracteriza o sistema político autonómico.**<br>**9.4.4.Elabora un eixe cronolóxico coas datas dos gobernos autonómicos.**<br>**9.4.5.Comenta os trazos demográficos, económicos e sociais da Galicia autonómica.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,e,f,g,h,l, n,ñ | 9.5.Tendencias artísticas actuais en España | 9.5.Analizar e valorar a arte actual en España. | **9.5.1.Analiza e comenta as últimas tendencias artísticas en España.**<br>9.5.2.Selecciona unha obra arquitectónica, outra escultórica e outra pictórica actual de artistas españois e comenta os seus valores artísticos.<br>9.5.3.Busca na rede a obra actual dun artista galego e analiza e comenta o seu contido, significación e técnica empregada na súa realización. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

## TEMPORALIZACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Coa LOMCE os tempos de cada estándar de aprendizaxe repartiránse dentro dos tempos propostos para cada cada unidade que constan na exposición da táboa de estándares. Tendo en conta a transversalidade de moitos destes estándares e o feito de que se traballan con frecuencia de xeito simultáneo varios, resultaría estéril elaborar una temporalización concreta. Adoptamos como norma temporalizalo por bloques de contido polas razón que agora expoñemos: o mesmo desenvolvemento está condicionado por circunstancias moi variables, hora de clase, capacidades e motivación do alumnado, inserimento do ítem concreto na actualidade e, xa que logo, maior desenvolvemento deste etc.Todo iso condiciona a súa evolución . En todo caso o profesor deberá levar un control sobre o seu desenvolvemento para non superar os tempos asignados co obxectivo de acadar o grao suficiente de desenvolvemento da variable temporal.

## GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Partimos dunha rúbrica na que consideramos catro graos de consecución que deberá contemplar o profesor: insuficiente, mínimo, notable e excelente. Para *obxectivizar o grao mínimo consideramos que o alumnado,como norma xenérica,* deberá acadar un 50 % dos ítems propostos en cada estándar. O profesor ponderará o grao de cumprimento en función das pautas propostas na sua aula, informando ao alumnado dos graos mínimos de consecución de logro e creará as súas probas tamén en función dos mencionados estándares.
O grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe é o nivel "2-Apto" establecido na rúbrica do instrumento de avaliación correspondente

# BACHARELATO

## 4.3 2º CURSO DE BACHARELATO

## HISTORIA DE ESPAÑA

## PROGRAMACIÓN

**INTRODUCIÓN**

Un dos obxectivos fundamentais da materia de Historia de España é o coñecemento e a comprensión dos feitos e procesos históricos desenvolvidos desde a Prehistoria ata os nosos días, un marco temporal moi amplo que impide achegarse a todos eles con mesmo nivel de profundidade.

No tratamento desta materia resulta de vital importancia o manexo de moi diferentes fontes de información, destacando as primarias como fonte de coñecemento que o alumnado debe analizar e comentar para reconstruír os feitos e procesos históricos. Complemento de grande interese son tamén as fontes documentais audiovisuais e cinematográficas para complementar a visión de períodos históricos ou feitos máis puntuais.

A materia de Historia de España constitúe un destacado eixe vertebrador para o coñecemento da sociedade, xa que contempla a realidade humana e social desde unha perspectiva integradora e global, visión que se complementa coas achegas doutras disciplinas como a Historia da Arte, a Economía, a Socioloxía ou a Ecoloxía.

Neste curso trátanse aspectos históricos dos que algúns deles xa son coñecidos polo alumnado desde a Educación Secundaria e outros resultan novos. No primeiro caso trátase de afondar nos coñecementos xa adquiridos e, no segundo, en abordar novas cuestións que deben resultar de interese para a súa formación.

A Historia desenvolve múltiples competencias, unhas de forma moi específica –a competencia social e cívica- e outras que tamén están moi presentes no traballo do alumnado: a competencia en ciencia e tecnoloxía, a de conciencia e expresións culturais, a dixital, a do sentido da iniciativa e espírito emprendedor, ademais daquelas que están presentes na maioría das materias do currículo de Secundaria: comunicación lingüística e aprender a aprender. Neste sentido, procúrase que, especialmente a través do deseño dos estándares de aprendizaxe, o alumnado traballe e adquira contidos de carácter transversal directamente relacionados coas materias destas disciplinas: a comprensión lectora, a expresión escrita e oral, a educación cívica e constitucional, o traballo con TIC e o emprendemento.

OS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO E AS COMPETENCIAS CLAVE EN RELACIÓN COA HISTORIA DE ESPAÑA DE 2º CURSO

Con respecto aos **obxectivos xerais do Bacharelato**, a materia de Historia de España debe contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b. Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega.

g. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

p. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

En canto ás **competencias clave**, nesta materia trabállanse, con diferente grao de intensidade, as seguintes:

CSC. Competencia social e cívica.
CCL. Competencia en comunicación lingüística.
CAA. Competencia de aprender a aprender.
CD. Competencia dixital.
CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CCEC. Conciencia e expresións culturais.
CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

**CONSIDERARANSE CONTIDOS MÍNIMOS AQUELES ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE ESTEAN SUBLIÑADOS CON LETRA NEGRIÑA**

A HISTORIA. MÉTODOS E FERRAMENTAS PROPIAS

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| d,e,g,h,i,l,m | 1.O tempo histórico | 1.1.Recoñecer a dimensión diacrónica e sincrónica nos acontecementos e procesos históricos. | **1.1.1.Sitúa acontecementos e procesos no tempo (diacronía) e aqueles que se producen ao mesmo tempo (sincronía).**<br>**1.1.2.Elabora eixes cronolóxicos nos que situar acontecementos e procesos históricos.**<br>**1.1.3.Manexa cadros cronolóxicos que permiten a análise da sincronía dos cambios políticos e socioeconómicos.**<br>**1.1.4.Distingue entre causas de longa e curta duración, así como das consecuencias a curto e longo prazo.** | CSC<br>CCL<br>CAA<br>CMCCT |
| d,e,g,h,i,l,m | 2.As fontes de información | 2.1.Localizar, seleccionar e analizar información escrita, gráfica e audiovisual utilizando fontes primarias e secundarias. | **2.1.1.Analiza e comenta textos, mapas, gráficos, estatísticas e imaxes.**<br>**2.1.2.Elabora resumos, esquemas, mapas conceptuais, informes e sínteses.**<br>**2.1.3.Mostra interese polo rigor e pola obxectividade na busca e na interpretación da información histórica.**<br>**2.1.4.Relaciona fontes de información diversa como explicativas de procesos históricos complexos.**<br>**2.1.5.Mostra capacidade crítica á hora de analizar distintas interpretacións históricas.**<br>**2.1.6.Demostra a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa traballados e adquiridos anteriormente.**<br>**2.1.7.Mostra interese por coñecer os antecedentes históricos máis directamente relacionados co mundo contemporáneo.**<br>**2.1.8.Traballa con rigor e obxectividade na busca e interpretación da información histórica.**<br>**2.1.9.Entende que é necesaria a formación histórica para adoptar unha posición social crítica propia.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| d,e,g,h,i,l,m | 3.Vocabulario específico da materia | 3.1.Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión. | **3.1.1. Define termos e conceptos específicos de cada unidade.**<br>**3.1.2.Emprega correctamente o vocabulario específico dos contidos históricos traballados.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |

UNIDADES DIDÁCTICAS DA PROPOSTA CURRICULAR

OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E CARGA HORARIA

**CONSIDERARANSE CONTIDOS MÍNIMOS AQUELES ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE ESTEAN SUBLIÑADOS CON LETRA NEGRIÑA**

## 1. Hispania e Gallaecia na antigüidade

Nesta unidade temática trabállase:

- As orixes do poboamento peninsular e os vestixios das primeiras culturas.
- As principais culturas prerromanas de Hispania e de Gallaecia.
- O impacto da romanización na península ibérica.
- A chegada e asentamento de pobos de orixe xermánica no territorio peninsular.

**Carga horaria:** 5 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,d,e,h,i,m<br>n<br>p | 1.1. As primeiras culturas.<br>- Os inicios do poboamento peninsular<br>- Colonización de pobos do Mediterráneo oriental<br>- A Idade do Ferro<br>- Os pobos prerromanos<br>- O dominio cartaxinés | 1.1.Comprender a dificultade de coñecer as orixes do poboamento peninsular e coñecer os vestixios das primeiras culturas peninsulares. | **1.1.1.Comprende a dificultade de coñecer as orixes do poboamento peninsular e os vestixios das primeiras culturas.**<br>**1.1.2.Diferencia as orixes míticas das culturas e pobos peninsulares dos coñecementos obtidos a través de fontes científicas e históricas.**<br>**1.1.3.Coñece as principais culturas prerromanas de Hispania e de Gallaecia.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| a,b,c,d,e,h,i,m<br>g<br>n<br>p | 1.2. A romanización<br>- A Hispania romana<br>- A Gallaecia romana | 1.2. Valorar o impacto da romanización na península ibérica e recoñecer algúns dos máis destacados vestixios da civilización romana. | **1.2.1.Describe as etapas da conquista romana de Hispania e Gallaecia.**<br>**1.2.2.Identifica e valora as transformacións do hábitat, así como as consecuencias económicas e sociais da romanización.**<br>**1.2.3.Analiza e comenta o impacto cultural da presenza de Roma en Hispania e Gallaecia.**<br>**1.2.4.Selecciona algunha obra do legado romano e comenta o seu impacto.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD |
| a,b,c,d,e,h,i,m<br>g<br>n<br>p | 1.3. Os reinos xermánicos<br>- O reino dos suevos en Gallaecia<br>- O reino dos visigodos | 1.3.Comprender e valorar a chegada e asentamento de pobos de orixe xermánica no territorio peninsular. | **1.3.1.Identifica os principais pobos xermánicos que penetraron en Hispania.**<br>**1.3.2.Analiza e comenta os trazos do reino suevo de Gallaecia.**<br>**1.3.3.Explica a organización e dificultades do reino visigodo en Hispania.**<br>**1.3.4.Elabora un eixe cronolóxico no que sitúe os principais acontecementos comprendidos entre o inicio da conquista romana e a fin dos reinos xermánicos.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD<br>CMCCT |

## 2. Al-Andalus e os reinos cristiáns medievais

Nesta unidade temática traballase:

As singularidades da convivencia de cristiáns e musulmáns durante a Idade Media peninsular.
O avance e rápido dominio musulmán na península despois de 711.
O modelo social, económico e cultural dos reinos cristiáns en contraste co modelo dos reinos e territorios musulmáns.
O desenvolvemento económico e cultural alcanzado pola sociedade hispana de al-Andalus.
Os vestixios máis destacados da civilización musulmá presentes na actualidade.
A orixe, evolución e características das diferentes unidades territoriais que se foron configurando na península Ibérica.
A especificidade do reino de Galicia durante a Idade Media.
O Camiño de Santiago como vía cultural e artística e os estilos que se configuraron ao seu arredor: o Románico e o Gótico.

**Carga horaria**: 8 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,d,e,h,i,m<br>g<br>n | 2.1.O esplendor de al-Andalus e a formación dos reinos cristiáns<br>- Conquista e ocupación islámica<br>- Emirato e califato de Córdoba<br>- A orixe dos reinos cristiáns<br>- Reconquista e repoboación<br>- As campañas de Almanzor e a fin do califato de Córdoba<br>-A presenza musulmá en Galicia | 2.1.Coñecer os trazos e evolución do dominio musulmán e a orixe dos reinos cristiáns. | **2.1.1. Explica o inicio e evolución da conquista musulmá da península ibérica**<br>**2.1.2.Caracteriza as etapas do dominio musulmán e resume os cambios económicos, sociais e culturais de al-Andalus.**<br>**2.1.4.Comprende a orixe dos reinos cristiáns e sintetiza a súa evolución.**<br>**2.1.4.Analiza a presenza musulmá en Galicia.**<br>**2.1.5.Selecciona unha obra de arte islámica e comenta os seus valores e características.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD |
| a,b,c,d,e,h,i,m<br>g<br>n | 2.2.A expansión cristiá e a fin de al-Ándalus<br>- Taifas, parias e reinos cristiáns<br>- A loita contra os almorábides<br>- Creación da Coroa de Aragón e independencia de Portugal<br>- A loita contra os almohades<br>- Creación da Coroa de Castela e conquista de Andalucía e Levante<br>- Cartas de poboamento, doazóns e repartimentos<br>- A expansión catalanoaragonesa | 2.2.Explicar a evolución e expansión dos reinos cristiáns | **2.2.1.Identifica as unidades políticas que se foron configurando no territorio cristián reconquistado.**<br>**2.2.2.Explica os sistemas de repoboación cristiá e as súas consecuencias.**<br>**2.2.3.Analiza as consecuencias das invasións musulmás de almorábides e almohades.**<br>**Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1492 situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a al-Ándalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | - O reino nazarí de Granada | | | |
| a,b,c,d,e,h,i,m | 2.3.Sociedade e monarquía feudal<br>- A sociedade feudal<br>- A monarquía feudal<br>- Da ruralización ao desenvolvemento urbano e comercial | 2.3.Coñecer os trazos básicos da economía, sociedade e política da época feudal. | **2.3.1.Identifica e caracteriza os trazos básicos do feudalismo peninsular.**<br>**2.3.2.Elabora un cadro-síntese coas características dos grupos sociais no feudalismo.**<br>**2.3.3.Explica a orixe e características do réxime señorial e da monarquía feudo-vasalática.**<br>**2.3.4. Compara a organización política da Coroa de Aragón e a de Castela ao remate da Idade Media.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i,m | 2.4.A crise dos séculos XIV e XV<br>- A crise demográfica e a Peste Negra<br>- Crise e recuperación económica<br>- Crise política e revoltas nobiliarias<br>- Crise e revoltas sociais | 2.4.Identificar os problemas políticos, sociais e demográficos de finais da Idade Media. | **2.4.1.Describe as causas da crise demográfica do século XIV e valora as súas consecuencias.**<br>**2.4.2.Sintetiza as crises políticas dos reinos cristiáns e as guerras orixinadas.**<br>**2.4.3.Identifica os principais focos de tensión social e describe as súas características.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i,m<br>g<br>p | 2.5.A Galicia medieval<br>- Un reino sen rei<br>- Os señores de Galicia<br>- As peregrinacións a Compostela<br>- Reactivación da vida urbana<br>- As dificultades do século XIV<br>- A revolta dos irmandiños | 2.5.Sintetizar os trazos específicos da Galicia medieval | **2.5.1.Identifica e valora a evolución política do reino de Galicia na Idade Media.**<br>**2.5.2.Explica e valora as consecuencias da existencia dos foros.**<br>**2.5.3.Valora o fenómeno das peregrinacións a Compostela.**<br>**2.5.4.Busca información para elaborar un breve dossier sobre a revolta irmandiña.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |
| a,b,c,d,e,h,i,m<br>g<br>n<br>p | 2.6. O Camiño de Santiago | 2.6.Describir a orixe e evolución do Camiño de Santiago e as manifestacións culturais e artísticas con el vinculadas, especialmente a arte románica e gótica. | **2.6.1.Valora o Camiño de Santiago como vía cultural e artística.**<br>**2.6.2.Describe as características dos estilos Románico e Gótico.**<br>**2.6.3.Busca e selecciona unha obra románica e outra gótica para analizar e comentar as súas características e diferenzas.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

## 3. Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica

Nesta unidade temática traballase:

O reinado dos Reis Católicos como o tránsito da Idade Media á Idade Contemporánea e o inicio da formación do Estado moderno, coa transformación dos órganos de goberno e o reforzo da autoridade nos monarcas.

O proceso de exploración e conquista das terras descubertas en América e as súas consecuencias.

O modelo político instaurado polos monarcas Austrias na Monarquía hispánica.

Os distintos territorios que formaron parte da Monarquía hispánica nos séculos XVI e XVII.

A posición internacional da Monarquía hispánica, hexemónica no século XVI e de dificultades e guerras continuas no século XVII.

O papel de Galicia na política internacional dos monarcas Austrias.

O Humanismo renacentista e a Contrarreforma católica, así como os estilos artísticos da época. O Renacemento e o Barroco.

**Carga horaria**: 8 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,d,e,h,i,m p | 3.1. Os Reis Católicos<br>- Unión dinástica<br>- Pacificación dos reinos e sometemento dos señores feudais<br>- Dominación de Galicia<br>- Establecemento da Inquisición e expulsión dos xudeus<br>- Reorganización político administrativa<br>- Ampliación territorial<br>- Descubrimento de América e reparto do mundo<br>- A política matrimonial e o problema sucesorio | 3.1.Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e o Antigo Réxime destacando os trazos herdados e os feitos que marcan o camiño da modernidade. | **3.1.1. Define o concepto de unión dinástica e describe as características do novo tipo de goberno establecido polos RR CC.**<br>**3.1.2.Analiza a actuación dos RR CC en relación con Galicia.**<br>**3.1.3.Analiza as consecuencias da ampliación territorial levada a cabo durante o seu reinado.**<br>**3.1.4.Valora os acontecementos de 1492 e o reparto do novo mundo con Portugal.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i,m | 3.2. A Monarquía dos Austrias.<br>- A Monarquía hispánica. Trazos xerais<br>- Carlos I e o Imperio universal | 3.2.Coñecer os trazos xerais da Monarquía hispánica. | **3.2.1.Describe as bases políticas, sociais, económicas da Monarquía hispánica nos séculos XVI e XVII.**<br>**3.2.2.Destaca os feitos máis salientables dos reinados de Carlos I e Filipe II** | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | - A Monarquía católica de Filipe II<br>- A hexemonía dinástica de Filipe III<br>- Filipe IV e a loita polo mantemento da hexemonía<br>- Carlos II e o problema sucesorio | | **3.2.3.Caracteriza os reinado de Filipe III e Filipe IV, con especial atención ás propostas do Conde-Duque.**<br>**3.2.4.Analiza a perda de hexemonía e o sistema de Westfalia-Pirineos e o problema sucesorio á morte de Carlos II.** | |
| a,b,c,d,e,h,i,m | 3.3. Conquista e explotación da América española<br>- A conquista da América española<br>- O goberno das Indias<br>- A explotación das Indias<br>- A evanxelización | 3.3.Caracterizar as fases da conquista e os trazos da explotación das colonias americanas. | **3.3.1.Elabora un eixe do tempo coas fases da conquista americana e os feitos máis significativos.**<br>**3.3.2.Explica o modelo de dominio e de explotación e as críticas formuladas contra ela.**<br>**3.3.3.Valora o intercambio Europa-América a través da selección e comentario dalgún dos produtos intercambiados.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i,m<br>p | 3.4. A Galicia dos Austrias<br>- Organización administrativa do Reino<br>- Galicia e a explotación das colonias<br>- Galicia e as guerras dos Austrias<br>- Sociedade agraria e novos cultivos | 3.4.Coñecer os trazos e feitos máis significativos de Galicia durante os reinados dos monarcas da casa de Habsburgo. | **3.4.1.Describe a organización administrativa do reino de Galicia.**<br>**3.4.2.Analiza o papel de Galicia no contexto xeral das guerras da Monarquía hispánica.**<br>**3.4.3.Valora a introdución en Galicia de produtos americanos e os seus efectos sobre a demografía e a sociedade.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i,m<br>g<br>n<br>p | 3.5.Humanismo e Contrarreforma<br>- O Humanismo<br>- O Renacemento<br>- A Contrarreforma católica<br>- O Barroco | 3.5.Identificar os trazos do Humanismo e da Contrarreforma e dos estilos artísticos do Renacemento e do Barroco. | **3.5.1.Caracteriza o movemento do Humanismo e da Contrarreforma no contexto xeral da súa época.**<br>**3.5.2.Describe as características dos estilos do Renacemento e do Barroco.**<br>**3.5.3.Busca e selecciona unha obra renacentista e outra barroca para analizar e comentar as súas características e diferenzas.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CCEC |

## 4.A Monarquía borbónica no Antigo Réxime

Nesta unidade temática traballase:

Os trazos fundamentais que definen o Antigo Réxime hispano.
O modelo de organización que introduce a nova dinastía borbónica na Coroa de España.
O esforzo reformista iniciado polos ilustrados españois e galegos, así como as dificultades e limitacións con que se atoparon.
O impacto que a Revolución francesa de 1789 tivo sobre a sociedade e sobre a monarquía españolas.
As diferentes consecuencias que o novo modelo político centralista e uniforme tivo para os distintos reinos, señoríos e territorios peninsulares
A evolución da situación internacional da Monarquía borbónica española durante o século XVIII.
A situación de Galicia durante o século XVIII e os feitos máis destacables relacionados cos acontecementos da nova dinastía.

**Carga horaria**: 8 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,d,e,h,i,m | 4.1. O Antigo Réxime<br>- Sistema económico predominantemente agrario<br>- Réxime demográfico antigo<br>- Sociedade estamental<br>- Analfabetismo e relixiosidade<br>- Persistencia do réxime señorial<br>- Monarquía absoluta e soberanía real | ▪ 4.1.Describir os trazos xerais do Antigo Réxime. | ▪ **4.1.1. Valora a persistencia dun sistema económico predominantemente agrario.**<br>▪ **4.1.2.Caracteriza o Antigo Réxime desde o punto de vista demográfico e social.**<br>▪ **4.1.3.Identifica os trazos da persistencia do réxime señorial.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i,m | 4.2.Os Borbóns e a Coroa de España no século XVIII<br>- Filipe V e o centralismo borbónico<br>- Fernando VI e o pacifismo<br>- Carlos III e o reformismo Ilustrado<br>- Carlos IV e o impacto da Revolución francesa | ▪ 4.2.Analizar os cambios no modelo de organización política que introduce a nova dinastía e os feitos máis destacados do reinado dos primeiros monarcas Borbón en España. | ▪ **4.2.1.Analiza o cambio dinástico e as dificultades no inicio da nova dinastía.**<br>▪ **4.2.2.Describe as reformas do novo Estado borbónico.**<br>▪ **4.2.3. Destaca os feitos máis salientables dos reinados de Filipe V e Fernando VI.**<br>▪ **4.2.4.Caracteriza o reinado de Carlos III, con especial atención ás propostas das reformas ilustradas e as dificultades para levalas a cabo.** | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ **4.2.5.Analiza o reinado de Carlos IV no contexto dos sucesos iniciados coa Revolución de 1789.** | |
| a,b,c,d,e,h,i,m p | 4.3.A Galicia borbónica<br>- As realizacións dos Borbóns en Galicia<br>- Galicia e as guerras dos Borbóns<br>- Fidalgos e comerciantes<br>- A Ilustración en Galicia | ▪ 4.3.Coñecer as principais realizacións dos Borbóns en Galicia e valorar o labor dos ilustrados galegos e das institucións máis destacadas. | ▪ **4.3.1.Identifica e describe as principais realizacións dos primeiros Borbóns en Galicia.**<br>▪ **4.3.2.Comenta o papel de fidalgos e comerciantes como grupos máis activos da sociedade galega do século XVIII.**<br>▪ **4.3.3.Identifica os principais ilustrados galegos e as súas propostas e valora as realizacións das principais institucións ilustradas galegas.** | CSC<br>CAA<br>CCL |

## 5. Inicios e consolidación do réxime liberal

Nesta unidade temática trabállase:

A natureza do cambio histórico que experimenta a sociedade e o Estado neste período.
A situación española deses momentos en relación coa situación internacional: o Imperio de Napoleón e a Europa dos Congresos.
Os factores que contribúen á especificidade da revolución liberal española.
As distintas ideoloxías políticas a comezos de XIX: absolutistas, liberais e reformistas (jovellanistas, afrancesados).
A transcendencia política e económica da independencia das colonias españolas de América.
As ideoloxías políticas dominantes e as minoritarias do século XIX en España.
As características do Estado liberal moderado en comparación con outros modelos de réxime representativo (progresista e democrático).

**Carga horaria**: 13 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,d,e,h,i,m p | 5.1. Crise do Antigo Réxime e revolución liberal<br>- Liberalismo: principios e institucións<br>- A crise da monarquía e a invasión napoleónica | 5.1.Identificar os principios e institucións do sistema liberal, coñecer o proceso da revolución liberal no contexto da guerra contra os franceses e as dificultades para a súa instalación definitiva. Coñecer os trazos do | **5.1.1. Define os principios e institucións característicos do liberalismo.**<br>**5.1.2.Valora a crise da monarquía española no contexto das guerras napoleónicas.**<br>**5.1.3.Identifica os trazos e fases da guerra de independencia e a súa incidencia en Galicia.** | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | - As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812<br>- A restauración de Fernando VII. 1814-1833<br>- Independencia da América española<br>- Carlismo fronte a liberalismo | proceso de independencia das colonias americanas. | **5.1.4.Coñece e valora o labor das Cortes de Cádiz.**<br>**5.1.5.Sintetiza as fases políticas do reinado de Fernando VII e valora o enfrontamento entre absolutismo e liberalismo.**<br>**5.1.6.Coñece os trazos e identifica as fases do proceso de independencia das colonias americanas.** | |
| a,b,c,d,e,h,i,m p | 5.2. A construción do Estado liberal<br>- Liberalismo doutrinario: moderados e progresistas<br>- O réxime do Estatuto Real e o triunfo liberal. 1833-1836<br>- O réxime progresista de 1837. 1836-1843<br>- O réxime moderado de 1845. 1843-1868 | 5.2.Diferenciar as correntes do liberalismo e identificalas na súa aplicación concreta nas diferentes etapas do reinado de Sabela II. | **5.2.1.Describe os trazos do réxime do Estatuto Real e os acontecementos máis destacados do período.**<br>**5.2.2.Sintetiza as fases políticas do reinado de Sabela II e valora o enfrontamento entre as diferentes correntes liberais, así como as dificultades provocadas polos carlistas..**<br>**5.2.3.Valora as reformas económicas e políticas liberais en relación con Galicia.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i,m p | 5.3.O Sexenio Democrático. 1868-1874<br>- Liberalismo democrático: demócratas e republicanos<br>- A Revolución de 1868<br>- A Monarquía democrática de Amadeo I. 1871-1873<br>- A Primeira República. 1873-1874<br>- O republicanismo en Galicia durante o Sexenio | 5.3.Coñecer as ideoloxías políticas protagonistas de Sexenio e a súa actividade nas diferentes fases da etapa. | **5.3.1.Diferencia as ideoloxías políticas do Sexenio e as súas realizacións máis destacadas.**<br>**5.3.2.Describe e valora os acontecementos de 1868 e as súas consecuencias.**<br>**5.3.3.Valora a actividade dos republicanos galegos durante o Sexenio.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i,m g | 5.4.O modelo de Estado na España liberal | 5.4.Recoñecer e sintetizar as características do modelo de Estado na España liberal. | **5.4.1.Describe os trazos do modelo de Estado liberal en España.**<br>**5.4.2. Nomea os principais partidos políticos do período e identifica a súa ideoloxía.**<br>**5.4.3.Elabora un eixe cronolóxico entre 1808 e 1874 no que sitúa os feitos máis significativos.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD<br>CMCCT |

## 6. As transformacións socioeconómicas na España liberal

Nesta unidade temática trabállase:

Os cambios no modelo demográfico que se producen na sociedade española do século XIX e comezos do XX, así como as causas e destinos da emigración.
As consecuencias da revolución agraria liberal e das desamortizacións para os distintos sectores afectados.
As características e factores dos inicios da industrialización en España.
Os factores que interveñen nos desequilibrios territoriais do século XIX.
As ideoloxías de maior transcendencia no movemento obreiro e as principais organizacións.
As causas que levan á conflitividade social tanto no campo como nas cidades.
A orixe e características da reivindicación feminina.

**Carga horaria**: 8 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,d,e,h,i,m p | 6.1. Modernización demográfica e emigración<br>- Permanencia e cambios no modelo demográfico<br>- A emigración a América | ▪ 6.1.Identificar os trazos dos modelos demográficos e dos movementos migratorios do século XIX e comezos do XX. | ▪ **6.1.1. Caracteriza os trazos do modelo demográfico antigo e os cambios orixinados no mesmo ao longo do século XIX.**<br>▪ **6.1.2.Identifica as causas e as consecuencias dos movementos migratorios.**<br>▪ **6.1.3.Valora a incidencia da emigración en Galicia.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| a,b,c,d,e,h,i,m p | 6.2. As transformacións agrarias<br>- As desamortizacións<br>- Desigual evolución da agricultura<br>- A conflitividade agraria | ▪ 6.2.Coñecer e valorar as propostas e realizacións dos gobernos liberais relacionadas coas transformacións agrarias. | ▪ **6.2.1.Identifica e comenta os obxectivos básicos da reforma agraria liberal, destacando as actuacións relacionadas coa desamortización.**<br>▪ **6.2.2.Recoñece e caracteriza a desigual evolución da agricultura na España liberal.**<br>▪ **6.2.3.Caracteriza e valora a especificidade da desamortización en Galicia.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| a,b,c,d,e,h,i,l,m p | 6.3.Atraso e desenvolvemento industrial<br>- O desenvolvemento capitalista da España liberal<br>- A reforma agraria liberal e as desamortizacións<br>- Desigual evolución da agricultura en España<br>- A diversidade rexional na industria | ▪ 6.3.Caracterizar os sectores máis destacados dos inicios da industrialización da España liberal. | ▪ **6.3.1.Identifica e describe os sectores máis destacados das principais zonas industrializadas.**<br>▪ **6.3.2.Valora a significación do ferrocarril na formación do mercado interior.**<br>▪ **6.3.3. Caracteriza a evolución dos sectores artesanais de Galicia e o papel da industria conserveira como industria de arrastre.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | - O ferrocarril e a formación do mercado interior<br>- A renovación das estradas e dos portos. Correos e telecomunicacións | | ▪ **6.3.4. Compara o desenvolvendo industrial español co dos países máis avanzados de Europa.**<br>▪ **6.3.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos.** | |
| a,b,c,d,e,h,i,m p | 6.4.Nova sociedade de clases e dominio burgués<br>- Os grupos tradicionais<br>- Os novos grupos | ▪ 6.4.Comprender e valorar os novos criterios de organización social e o papel desempeñado polos diferentes grupos. | ▪ **6.4.1.Identifica e valora os cambios máis significativos que afectaron aos grupos tradicionais: a nobreza e o clero.**<br>▪ **6.4.2.Caracteriza e compara a situación do campesiñado andaluz e galego.**<br>▪ **6.4.3.Valora o papel que desempeñou a burguesía no proceso de cambio económico, social e cultural.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i,m p | 6.5.Conflitividade social e movemento obreiro<br>- As condicións de vida da clase traballadora<br>- A reacción contra as máquinas: o ludismo<br>- A protesta organizada: a folga<br>- Sociedades de resistencia e sindicatos de oficios<br>- As novas ideoloxías obreiras<br>- Sindicatos e partidos obreiros<br>- A conflitividade urbana: os motíns de consumos<br>- A resposta patronal e do Estado | ▪ 6.5.Coñecer as ideoloxías de maior influencia no movemento obreiro e as principais organizacións, así como as causas e manifestacións da conflitividades rural e urbana. | ▪ **6.5.1. Identifica os trazos do anarquismo e do socialismo marxista e as principais institucións xurdidas en España baixo estas influencias.**<br>▪ **6.5.2.Analiza e comenta a situación do proletariado nos inicios da industrialización.**<br>▪ **6.5.3.Caracteriza a orixe e principais manifestacións da conflitividade agraria e urbana, destacando a situación do campesiñado galego.**<br>▪ **6.5.4.Explica a actitude das autoridades e da patronal ante as manifestacións obreiras.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i,m | 6.6. A reivindicación feminina | ▪ 6.6.Recoñecer a consideración social, xurídica e política da muller na España liberal. | ▪ **6.6.1.Sintetiza a condición feminina en todos os ámbitos da España decimonónica.**<br>▪ **6.6.2.Describe a situación da muller traballadora.**<br>▪ **6.6.3.Valora os inicios da incorporación da muller ao traballo extradoméstico.** | CSC<br>CAA<br>CCL |

## 7. Estado e nación na Restauración borbónica

Nesta unidade temática traballase:

O sistema político da Restauración, o seu funcionamento e a súa evolución.
As causas que levaron á crise do sistema.
As causas que levaron á Ditadura e a fin do sistema constitucional e liberal.
As características da ditadura de Primo de Rivera e as súas similitudes e diferenzas co fascismo italiano.
As críticas que os rexeneracionistas facían ao sistema político da Restauración e as propostas de reforma política, social, económica e cultural.
A diversidade rexional e a súa evolución cara ao nacionalismo.

**Carga horaria:** 12 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,d,e,h,i, m g p | 7.1. O Réxime da Restauración borbónica<br>- O reinado de Afonso XII. 1875-1885<br>- A rexencia de María Cristina de Habsburgo. 1885-1902<br>- A Galicia dos caciques | 7.1. Caracterizar o sistema político da Restauración e o seu funcionamento. | **7.1.1. Identifica os principios do sistema canovista e a súa aplicación no sistema da quenda.**<br>**7.1.2.Describe o sistema caciquil, con especial referencia a Galicia.**<br>**7.1.3.Sintetiza os principais acontecementos do reinado de Afonso XII.**<br>**7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.** | CSC CAA CCL CMCCT CD |
| a,b,c,d,e,h,i, m | 7.2.O reinado de Afonso XIII e a crise do sistema da Restauración. 1902-1931<br>- Os inicios do reinado e as propostas de reforma. 1902-1916<br>- A quebra do sistema da Restauración. 1917-1923<br>- A ditadura de Primo de Rivera. 1923-1930<br>- A fin da monarquía. 1930-1931 | 7.2.Analizar as causas da quebra do sistema político da Restauración. | **7.2.1.Valora os acontecementos do 98 e as súas consecuencias, destacando o papel dos rexeneracionistas.**<br>**7.2.2.Coñece e analiza as causas e acontecementos máis destacados que provocaron a crise do sistema da Restauración.**<br>**7.2.3.Analiza as forzas de oposición ao sistema, destacando a posición de republicanos e nacionalistas da periferia.**<br>**7.2.4.Analiza as circunstancias que puxeron fin á ditadura e os intentos de proclamar a república.** | CSC CAA CCL |
| a,b,c,d,e,h,i, m n p | 7.3.Nación e nacionalismos en España<br>- O nacionalismo español<br>- Rexionalismos e nacionalismos periféricos<br>- O catalanismo<br>- O nacionalismo vasco<br>- O galeguismo | 7.3.Comprender a orixe e desenvolvemento dos movementos de reivindicación nacionalista. | **7.3.1.Define os diferentes conceptos de nación e identifica os trazos definidores da nación española para os conservadores e os demócratas.**<br>**7.3.2.Describe as tendencias políticas máis destacadas e os procesos de formación dos nacionalismos periféricos en España, destacando o caso de Galicia.**<br>**7.3.3.Representa unha liña do tempo desde 1875 ata 1931 e sitúa nela os acontecementos máis significativos.** | CSC CAA CCL CMCCT |

## 8. Segunda República e Guerra Civil

Nesta unidade temática trabállase:

As causas que levaron á proclamación da Segunda República.

As características principais do réxime republicano, así como os distintos partidos políticos que foron protagonistas do período republicano.

Os conflitos que se desenvolveron na España republicana e os grupos sociais afectados.

As causas do fracaso da experiencia republicana e o seu desenlace nunha Guerra Civil.

A evolución das operacións militares e o avance das frontes de guerra, así como os condicionamentos do seu desenlace

O diferente desenvolvemento político e social na España republicana e na España *nacional*.

A axuda estranxeira recibida en ambos bandos durante a Guerra.

O significado deste conflito para a evolución de España, así como as súas consecuencias.

**Carga horaria:** 10 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,d,e,h,i,<br>m<br>g<br>n | 8.1. A Segunda República<br>- A proclamación da República<br>- As forzas sociais e políticas na República<br>- O Bienio Reformista. Abril 1931-novembro 1933<br>- O Bienio de Dereitas. Novembro 1933-febreiro 1936<br>- A Fronte Popular. Febreiro-xullo 1936<br>- A idade de prata da cultura española. Da xeración do 98 á do 36 | 8.1.Explicar e comprender a Segunda República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración e diferenciar os sucesivos gobernos e as súas actuacións e dificultades. | **8.1.1. Explica o contexto de proclamación da Segunda República, as primeiras medidas tomadas polo novo goberno e as dificultades que xurdiron.**<br>**8.1.2.Identifica as forzas de apoio e de oposición á República e valora a significación das reformas introducidas pola nova Constitución.**<br>**8.1.3.Sintetiza as actuacións e dificultades do Bienio Reformista, do Radical-Cedista e da Fronte Popular.**<br>**8.1.4.Valora a Idade de Prata da cultura e amplía información a través da consulta da rede sobre algún aspecto concreto.**<br>**8.1.5.Analiza os antecedentes da Guerra Civil.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CD |
| a,b,c,d,e,h,i,<br>m<br>g | 8.2. A Guerra civil<br>- A sublevación militar e a formación dos bandos<br>- A internacionalización do conflito<br>- A evolución da guerra<br>- A España republicana<br>- A España sublevada | 8.2.Analizar a Guerra Civil, coas súas causas, desenvolvemento e consecuencias, diferenciando a situación nas dúas zonas en que quedou dividida España. | **8.2.1.Compara a evolución política, social e económica dos dous bandos enfrontados.**<br>**8.2.2.Sintetiza as fases da Guerra desde o punto de vista militar.**<br>**8.2.3.Analiza as consecuencias da derrota republicana e da vitoria dos sublevados.**<br>**8.2.4. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional.**<br>**8.2.5. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |

**9. España no franquismo**

Nesta unidade temática traballase:

- Os trazos ideolóxicos do franquismo e a procedencia da súa fundamentación ideolóxica.
- A evolución económica e social da ditadura franquista.
- A dualidade cultural existente na España franquista
- O labor da oposición á ditadura.
-

**Carga horaria:** 9 sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,d,e,h,i,m | 9.1. Bases e apoios da ditadura franquista<br>- Leis Fundamentais<br>- Franco, caudillo de España<br>- Un reino sen rei<br>- O Movemento Nacional<br>- Unidade da patria e centralismo<br>- Nacionalcatolicismo<br>- Sindicalismo vertical<br>- Limitación dos dereitos individuais<br>- Subordinación da muller<br>- A democracia orgánica | 9.1.Caracterizar a ideoloxía, os apoios e as bases do réxime franquista. | **9.1.1. Describe as bases e os apoios do franquismo.**<br>**9.1.2. Analiza os principios do Movemento Nacional como fundamentación ideolóxica da ditadura.**<br>**9.1.3.Describe os trazos da democracia orgánica.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i,m | 9.2.Unha longa posguerra. 1939-1959<br>- Da amizade cos fascismos ao illamento exterior ao recoñecemento internacional<br>- Da autarquía económica aos inicios da liberalización<br>- A represión dos vencidos | 9.2.Analizar a etapa da posguerra no contexto interior e internacional. | **9.2.1.Sintetiza a posición de España durante a Segunda Guerra Mundial e as súas consecuencias.**<br>**9.2.2.Analiza as dificultades económicas da posguerra.**<br>**9.2.3.Explica a situación da oposición política durante a posguerra, tanto no interior coma no exterior de España.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| a,b,c,d,e,h,i,m | 9.3.Desenvolvemento económico e inmobilismo político. 1959-1973<br>- Os Planos económicos<br>- Cambios sociais e forzas de oposición<br>- As relacións co exterior | 9.3.Valorar o desenvolvemento económico dos anos 60 en contraste co inmobilismo político. | **9.3.1.Analiza e valora o Plano de Estabilización e as súas consecuencias.**<br>**9.3.2.Comenta os cambios sociais consecuencia do desenvolvemen**<br>**to económico.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | **9.3.3.Coñece e analiza a evolución das forzas de oposición ao franquismo.**<br>**9.3.4.Identifica as actuacións máis destacadas do período desde o punto de vista das relacións co exterior.** | |
| a,b,c,d,e,h,i,m<br>g | 9.4.A agonía do franquismo. 1973-1975<br>- Crise económica e política<br>- O incremento das forzas de oposición<br>- Os problemas exteriores: a Marcha Verde<br>- Enfermidade e morte de Franco | 9.4.Comprender as dificultades do franquismo provocadas pola crise económica, a oposición política e os problemas exteriores. | **9.4.1.Comprende as múltiples dificultades do franquismo nos seus últimos anos e identifica as máis destacadas.**<br>**9.4.2.Analiza as diferentes posicións políticas ante a morte de Franco.**<br>**9.4.3. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD<br>CMCCT |
| a,b,c,d,e,h,i,m<br>g<br>n<br>p | 9.5.A cultura española durante o franquismo | 9.5. Coñecer a evolución da cultura española, dentro e fóra de España durante a ditadura franquista. | **9.5.1.Caracteriza a cultura española durante o franquismo, diferenciando as manifestacións dentro e fóra do sistema.**<br>**9.5.2. Describe a diversidade cultural do período, distinguindo as súas manifestacións.**<br>**9.5.3. Procura información de interese e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |

## 10. España en democracia

Nesta unidade temática traballase:

- O proceso de transición á democracia.
- A España das autonomías.
- A pluralidade e diversidade de realidades históricas que conforman a España actual.
- Os desequilibrios territoriais e os diferentes graos de desenvolvemento existentes no Estado español.
- As actuacións dos sucesivos gobernos democráticos.
- A Galicia autonómica.

**Carga horaria**: 12sesións

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMP. CLAVE |
|---|---|---|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,d,e,h,i, m | 10.1. A transición democrática. 1975-1977<br>- Proclamación e coroación do rei Xoán Carlos I<br>- O primeiro goberno da Monarquía<br>- Adolfo Suárez e o inicio das reformas | 10.1.Valorar o proceso de transición desde a ditadura á democracia. | **10.1.1.Coñece e valora o proceso da transición democrática.**<br>**10.1.2. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha.**<br>**10.1.3.Analiza as medidas adoptadas polos primeiros gobernos da monarquía.**<br>**10.1.4.Valora o inicio das reformas a partir do nomeamento de Adolfo Suárez como presidente de Goberno.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i, m | 10.2.A Constitución de 1978<br>- Trazos xerais<br>- Dereitos e deberes<br>- Os poderes do Estado | 10.2.Coñecer e valorar os trazos básicos da actual Constitución. | **10.2.1. Explica o proceso de elaboración da Constitución de 1978.**<br>**10.2.2. Analiza os principios reitores da Constitución de 1978.**<br>**10.2.3.Diferencia e describe os poderes do Estado segundo a Constitución.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i, m | 10.3.Os gobernos de UCD.<br>- Os gobernos de Adolfo Suárez. 1977-1981<br>- O goberno de Leopoldo Calvo Sotelo. 1981-1982 | 10.3.Analizar a actuación dos gobernos de Adolfo Suárez e Leopoldo Calvo Sotelo. | **10.3.1.Describe as principais actuacións políticas e económicas dos gobernos da UCD.**<br>**10.3.2. Identifica as dificultades dos gobernos da UCD e a perda das eleccións.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i, m<br>p | 10.4.A creación do Estado das Autonomías | 10.4.Comprender o proceso de formación do Estado das Autonomías, as súas dificultades e os diferentes ritmos de consecución da autonomía. | **10.4.1. Define o Estado das Autonomías dentro dun Estado de Dereito.**<br>**10.4.2. Analiza e comenta a nova organización do Estado e os inicios da formación das actuais Comunidades Autónomas.** | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a,b,c,d,e,h,i, m | 10.5.Os gobernos socialistas de Felipe González.<br>- Integración de España na política internacional<br>- O Estado do benestar<br>- Axuste e reactivación económica<br>- O cambio sociocultural<br>- Escándalos e desprestixio socialista | 10.5.Coñecer as reformas máis significativas dos gobernos socialistas e valorar a consolidación do estado do benestar. | **10.5.1.Valora a significación do ascenso do socialismo ao poder.**<br>**10.5.2.Sintetiza as reformas máis significativas dos seus gobernos.**<br>**10.5.3.Valora o proceso de incorporación de España á Europa comunitaria**. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a,b,c,d,e,h,i,<br>m | 10.6.Os gobernos conservadores de José María Aznar<br>- Crecemento, privatización e moeda única<br>- Reformas do programa conservador<br>- A guerra de Iraq e o terrorismo xihadista | 10.6.Describir as principais actuacións dos gobernos do Partido Popular | **10.6.1.Identifica as reformas máis destacadas do programa conservador.**<br>**10.6.2.Analiza o impacto do terrorismo xihadista e as súas consecuencias na política nacional.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| a,b,c,d,e,h,i,<br>m | 10.7.Os gobernos socialistas de José Luis Rodríguez Zapatero<br>- Reformas do programa socialista<br>- Da bonanza á crise<br>- Cambios sociais<br>- A tregua de ETA e novos movementos sociais | 10.7.Analizar as reformas do programa socialista. | **10.7.1.Destaca as reformas sociais máis significativas dos gobernos de J.L.Rodríguez Zapatero.**<br>**10.7.2.Valora o impacto da crise económica mundial de 2008.**<br>**10.7.3.Caracteriza a sociedade española nos inicios do século XXI.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| a,b,c,d,e,h,i,<br>m | 10.8.Os gobernos conservadores de Mariano Rajoy<br>- Medidas contra a crise<br>- Os problemas de corrupción<br>- Novas forzas políticas<br>- Relevo na xefatura do Estado<br>- O novo mapa político | 10.8.Enunciar e valorar a actuación dos gobernos conservadores do Partido Popular. | **10.8.1.Describe as actuacións máis destacadas do novo Goberno do Partido Popular.**<br>**10.8.2.Valora os problemas do Goberno e o nacemento de novas forzas políticas.**<br>**10.8.3. Elabora un eixe do tempo no que sitúa os diferentes mandatos dos presidentes de Goberno e os feitos máis significativos das súas actuacións.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT |
| a,b,c,d,e,h,i,<br>m<br>g<br>p | 10.9.A Galicia autonómica.<br>- Os gobernos autonómicos<br>- Unha poboación estancada<br>- Desequilibrado desenvolvemento económico | 10.9.Coñecer a evolución dos gobernos autonómicos e das súas principais actuacións. | **10.9.1.Sintetiza as fases do proceso preautonómico e as súas características.**<br>**10.9.2.Identifica os diferentes gobernos autonómicos e os presidentes da Xunta de Galicia e valora as súas actuacións.**<br>**10.9.3.Caracteriza a sociedade galega actual desde o punto de vista demográfico e socio-económico.** | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | **10.9.4. Elabora un eixe do tempo no que sitúa os diferentes mandatos dos presidentes autonómicos e os feitos máis significativos das súas actuacións.** | |

## 4.4 2º DE BACHARELATO

## XEOGRAFÍA
## PROGRAMACIÓN

O actual currículo constata que «a Xeografía se ocupa especificamente do espazo, as paisaxes e as actividades que se desenvolven sobre o territorio, analizando a relación entre a natureza e a sociedade, así como as súas consecuencias.»

De acordo con iso, formula os seguintes obxectivos xerais para esta disciplina:

- «Ten como obxectivo ***a comprensión do territorio*,** produto da interrelación de múltiples factores, e ademais que o estudante poida explicar a realidade xeográfica española. Grazas a este coñecemento adquirido, a Xeografía pode transmitir a idea de responsabilidade dentro da sociedade, posto que o ser humano é o principal axente de transformación do medio natural, e deste xeito, esta materia participa profundamente na formación en valores».
- «O **uso dos instrumentos propios desta disciplina**, entre outros a cartografía, imaxes ou estatísticas de distinto tipo, achega a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade que nos rodea, identificar as unidades territoriais, as paisaxes e os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo».
- «De modo que a Xeografía formulada neste curso ten como obxectivo fundamental ***dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico**,* ofrecer os mecanismos que sirvan para **dar respostas e explicacións aos problemas que formula o territorio de España»**.

En canto ás competencias básicas, nesta materia trabállanse as seguintes.

A LOMCE establece que todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias clave do alumnado. Estas competencias son as sete seguintes:

1.º Comunicación lingüística.

2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

3.º Competencia dixital.

4.º Aprender a aprender.

5.º Competencias sociais e cívicas.

6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

7.º Conciencia e expresións culturais.

CONTIDOS DAS UNIDADES DIDÁCTICAS/ CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

CONSIDERARANSE CONTIDOS MÍNIMOS AQUELES ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE ESTEAN SUBLIÑADOS CON LETRA NEGRIÑA

- O espazo xeográfico español. A diversidade xeomorfolóxica

**Obxectivos didácticos**

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios da xeomorfoloxía.
- Coñecer e describir a composición do espazo xeográfico español e distinguir e valorar os elementos que lle confiren unidade e diversidade.
- Localizar e identificar en mapas as principais unidades morfoestruturais do relevo español e os accidentes máis destacados do relevo costeiro.
- Coñecer e explicar os trazos principais da evolución xeolóxica do territorio español; a litoloxía e as formas de modelado; e as unidades morfoestrutuaris do relevo peninsular e insular.
- Coñecer as especificidades do espazo xeográfico de Galicia.
- Utilizar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico relacionados co estudo do relevo obtendo, interpretando, analizando e comentando mapas, bloques diagrama, perfís topográficos e imaxes.
- Valorar a diversidade do espazo xeográfico e do relevo español.

Carga lectiva: 9 sesións

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - O espazo xeográfico español. A composición e a diversidade do territorio español.<br>- O relevo peninsular. Trazos, tipos de unidades morfoestruturais; evolución xeolóxica; rochedo e tipos de relevo; unidades estruturais; e relevo costeiro.<br>- O relevo das illas Baleares. Os conxuntos do relevo e as costas baleares.<br>- O relevo das Illas Canarias. Os tipos de relevo e as costas canarias.<br>- O espazo xeográfico galego. Situación e límites; e relevo. | 1. Definir e explicar brevemente conceptos relativos ao relevo español. | **1.1. Define con precisión conceptos relativos á evolución xeolóxica e ás unidades estruturais do relevo peninsular e insular.**<br>**1.2. Define con precisión conceptos relativos ao relevo costeiro español.** | CCL, CMCT |
| | 2. Analizar, caracterizar e explicar o relevo español. | **2.1. Redacta temas sobre a evolución xeolóxica, o rochedo, as unidades e o relevo costeiro peninsular; así como sobre o relevo continental e costeiro das illas Baleares e Canarias.** | CCL, CMCT, CAA |
| | 3. Localizar e identificar en mapas fenómenos referidos ao relevo español. | **3.1. Localiza e identifica en mapas fenómenos referidos ao relevo continental e costeiro de España.** | CMCT, CAA |
| | 4. Analizar, caracterizar e explicar o relevo galego. | **4.1 Identifica as características propias da situación e o relevo de Galicia.** | CCL, CMCT, CAA |
| | 4. Utilizar e aplicar as ferramentas e os procedementos do método xeográfico ao estudo do espazo xeográfico e do relevo español. | **4.1. Analiza, explica, comenta e interpreta bloques-diagrama, perfís topográficos e imaxes sobre o relevo continental e costeiro español.** | CD, CCL, CMCT, CAA |
| | 5. Valorar a diversidade do espazo xeográfico e do relevo español e reflexionar sobre a importancia do relevo para a actividade humana. | **5.1. Valora a diversidade do espazo xeográfico e do relevo español e reflexiona sobre a incidencia dos distintos tipos de relevo na actividade humana.** | CSIEE |

## 2. A diversidade climática

**Obxectivos didácticos**

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios da meteoroloxía e da climatoloxía.
- Coñecer e describir os factores e os elementos que determinan os tipos de tempo atmosférico e os climas de España; e os trazos dos dominios climáticos españois, establecendo comparacións entre eles.
- Localizar e identificar en mapas os fenómenos meteorolóxicos e os dominios climáticos de España.
- Utilizar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico relacionados co clima: mapas, gráficos e datos estatísticos.
- Apreciar a diversidade climática de España e obter, seleccionar e comentar informacións procedentes de diversas fontes onde se pon de manifesto.
- Coñecer as particularidades e os distintos tipos de clima no territorio galego, e localizalos e identificalos no mapa.

Carga lectiva: **9 sesións**

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - Os factores xeográficos e termodinámicos do clima en España.<br>- Os elementos do clima.<br>- Os tipos de tempo en España e a interpretación de mapas meteorolóxicos en superficie e en altura.<br>- Os tipos de clima en España e a elaboración e comentario de climogramas.<br>- Os tipos de clima en Galicia. | 1. Definir correctamente os principais termos relativos ao tempo e clima de España. | **1.1. Define correctamente conceptos relativos a factores e elementos do clima; tipos de tempo; e dominios climáticos de España.** | CCL, CMCT |
| | 2. Analizar, caracterizar e explicar os principais factores e elementos do clima; os tipos de tempo; e os dominios climáticos de España. | **2.1. Redacta temas sobre os factores e elementos do clima; os tipos de tempo e os dominios climáticos de España.** | CCL, CMCT, CAA |
| | 3. Localizar e identificar en mapas fenómenos referidos ao tempo e ao clima de España. | **3.1. Localiza e identifica en mapas os centros de acción e as masas de aire que afectan ao tempo e ao clima español; así como os principais dominios climáticos de España.** | CMCT, CAA |
| | 4. Utilizar e aplicar as ferramentas e os procedementos do método xeográfico ao estudo do tempo e do clima en España. | **4.1. Obtén, analiza, explica, comenta e interpreta debuxos e mapas relativos aos factores e elementos do clima de España.**<br>**4.2. Comenta mapas do tempo; e elabora, comenta e compara climogramas.** | CD, CCL, CMCT, CAA |
| | 5. Apreciar a diversidade climática de España e a importancia da información meteorolóxica e climatolóxica. | **5.1. Aprecia a diversidade climática de España e valora a importancia da información meteorolóxica e climatolóxica en diferentes actividades humanas e na vida cotiá das persoas.** | CSIEE, CMCT |
| | 6. Analizar, caracterizar e localizar os principais trazos do clima en Galicia e os distintos tipos climáticos do territorio galego. | **6.1. Explica os distintos climas de Galicia e localiza en mapas os ámbitos climáticos do territorio galego.** | CCL, CMCT |

## 3. A diversidade hídrica, vexetal e edáfica

**Obxectivos didácticos**

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios da hidrografía, os bioclimas e a edafoloxía.
- Coñecer e describir os factores que inflúen na diversidade hídrica, vexetal e edáfica de España; caracterizar os principais elementos hídricos; e describir e comparar as diferentes paisaxes vexetais e os distintos tipos de chans.
- Localizar e identificar en mapas os principais elementos hídricos, as formacións e as paisaxes vexetais, e os tipos de solo da Península e das illas Baleares e Canarias.
- Utilizar as principais ferramentas e os procedementos do método xeográfico relacionados coas augas, a vexetación e o solo: mapas, imaxes, datos estatísticos, hidrogramas de caudal, cliseries e perfís do solo.
- Apreciar a diversidade hídrica, vexetal e edáfica de España e obter, seleccionar e comentar informacións procedentes de diversas fontes onde se pon de manifesto.
- Coñecer os principais trazos hidrolóxicos e de vexetación do territorio galego.

**Carga lectiva:** 6 sesións

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| A diversidade hídrica de España: os ríos peninsulares (factores da diversidade fluvial; caudal, réxime, concas e vertentes hidrográficas); as zonas húmidas (lagos e humidais); e os acuíferos.<br>A diversidade vexetal: factores da diversidade vexetal; e paisaxes vexetais de España (oceánica, mediterránea, de ribeira, de montaña e de Canarias).. | 1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ás augas, a vexetación e o solo en España. | **1.1. Define correctamente conceptos relativos aos ríos, os humidais e os acuíferos; ás rexións e as formacións vexetais; e aos elementos e os tipos de solos de España.** | CCL, CMCT |
| | 2. Analizar, caracterizar e explicar as augas, a vexetación e o solo de España. | **2.1. Redacta temas sobre os ríos peninsulares, as zonas húmidas e os acuíferos; as paisaxes vexetais de España; e os trazos e os tipos de solos.** | CCL, CMCT, CAA |
| | 3. Localizar en mapas fenómenos referidos ás augas, á vexetación e aos solos de España. | **3.1. Localiza e identifica en mapas os principais ríos, concas fluviais, vertentes hidrográficas, zonas húmidas e encoros; as rexións e os dominios vexetais de España; e os solos asociados.** | CMCT, CAA, |

| | | | |
|---|---|---|---|
| A diversidade do solo: factores da diversidade edáfica; horizontes e perfil do solo; e tipos de solo (zonais, azonais e intrazonais).<br>A diversidade hídrica e vexetal de Galicia: a disimetría das vertentes, o encaixamento da rede fluvial, os caudais e a vexetación. | 4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo das augas, a vexetación e o solo de España. | **4.1. Obtén, comenta e compara hidrogramas de caudal; cliseries vexetais; e imaxes de ríos, formacións vexetais e solos de España, relacionándoos coas características climáticas.** | CD, CCL, CMCT, CAA |
| | 5. Valorar a diversidade hidrográfica, vexetal e edáfica de España e o seu aproveitamento como recurso. | **5.1. Valora a diversidade hidrográfica, vexetal e edáfica de España; o seu aproveitamento como recurso en diferentes actividades humanas; e a importancia das obras de regularización fluvial fronte a problemas como secas ou inundacións.** | CSIEE |
| | 6. Valorar a diversidade hidrográfica e vexetal de Galicia e localizar en mapas. | **6.1 Valora a diversidade hidrográfica e vexetal de Galicia e localiza en mapas os principais ríos.** | CCL CMCT |

## 4. As paisaxes naturais e as interaccións natureza-sociedade

**Obxectivos didácticos**

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios das paisaxes naturais e das interaccións entre o medio natural e a actividade humana.
- Describir, caracterizar, diferenciar e comparar as principais paisaxes naturais de España; coñecer a influencia do medio natural como recurso e como risco; e explicar os principais problemas ambientais debidos á acción antrópica e as políticas favorecedoras do medio natural.
- Utilizar as principais ferramentas e os procedementos do método xeográfico relacionados coas paisaxes naturais e as interrelacións entre o medio natural e a actividade humana: comentario de imaxes de paisaxes naturais, mapas, datos estatísticos, gráficos e textos legais relativos á corrección de problemas ambientais.
- Valorar a diversidade de paisaxes naturais de España e de Galicia, e dos recursos que achegan; identificar os riscos e problemas ambientais; e propoñer solucións fronte a eles.

**Carga lectiva:** 10 sesións

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| As paisaxes naturais e humanizadas. A diversidade de paisaxes naturais de España: oceánica, mediterránea, de montaña e de Canarias.<br>A influencia do medio natural na actividade humana: o medio natural como recurso e os riscos naturais<br>A influencia da actividade humana no medio natural. A intervención humana na natureza. A alteración do relevo. A alteración da atmosfera. A contaminación acústica. A contaminación lumínica. A alteración, sobreexplotación e contaminación das augas. Os danos, alteración e destrución da vexetación. A artificialización, contaminación, erosión e desertización do solo. A produción de residuos. A redución da biodiversidade.<br>Os espazos naturais protexidos. A protección de espazos naturais en España e Galicia. Os tipos de espazos naturais protexidos | 1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ás paisaxes naturais de España e ás interrelacións entre o medio natural e a actividade humana. | **1.1. Define con precisión conceptos relativos ás paisaxes naturais de España; as interrelacións entre o relevo, o clima, as augas, a vexetación e o solo coa actividade humana; e os espazos naturais protexidos.** | CCL, CMCT |
| | 2. Describir, analizar, caracterizar, diferenciar e explicar as paisaxes naturais de España e as interrelacións entre o medio natural e a actividade humana. | **2.1. Redacta temas e elabora cadros de síntese sobre as paisaxes naturais de España; o medio natural como recurso e como risco; os problemas ambientais e os espazos naturais protexidos.** | CCL, CMCT, CAA |
| | 3. Localizar en mapas as paisaxes naturais de España; e trazos sobre as interrelacións entre o medio natural e a actividade humana. | **3.1. Localiza en mapas as paisaxes naturais oceánica, mediterránea, de montaña e de Canarias; recursos naturais; as áreas afectadas por riscos e problemas ambientais; e os principais espazos naturais protexidos.** | CMCT, CAA |
| | 4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo das paisaxes naturais de España; e as interrelacións entre o medio natural e a actividade humana. | **4.1. Obtén, identifica, diferencia e comenta imaxes de paisaxes naturais de España; e obtén, analiza mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre riscos naturais e sobre a influencia negativa e positiva da acción antrópica no medio natural.** | CD, CCL, CMCT, CAA, CSC |
| | 5. Valorar a diversidade dos espazos naturais de España e Galicia; e comprender a importancia de previr os riscos naturais e de evitar e corrixir as alteracións ambientais. | **5.1. Valora a diversidade dos espazos naturais de España e Galicia, e a importancia da súa protección; identifica riscos e problemas ambientais; analiza algún elemento lexislador correctivo da acción humana sobre a natureza; e propón solucións xerais e persoais fronte aos problemas ambientais.** | CSIEE, CSC |

## 5. Os espazos do sector primario

**Obxectivos didácticos**

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios dos espazos rurais e pesqueiros.
- Describir, caracterizar e explicar os condicionantes e as características das actividades agrarias; identificar, diferenciar e comparar as paisaxes agrarias de España; e coñecer os problemas e as dinámicas recentes do espazo rural.
- Describir, caracterizar e explicar os condicionantes, as características e os problemas da actividade pesqueira e da acuicultura.
- Utilizar as principais ferramentas e os procedementos do método xeográfico relacionados cos espazos agrarios e pesqueiros: comentario de paisaxes agrarias a través de imaxes ou de observacións de campo; e obtención, análise e comentario de mapas, datos estatísticos, gráficos e textos.
- Valorar os espazos agrarios e pesqueiros de España; coñecer e tomar conciencia dos seus problemas; e avaliar as posibles solucións.

**Carga lectiva:** 11 sesións

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| O espazo rural e o espazo agrario.<br>Os condicionantes naturais do espazo agrario.<br>Os condicionantes humanos do espazo agrario: a estrutura agraria e a política agraria.<br>As actividades agrarias: agrícola, gandeira e forestal.<br>As paisaxes agrarias: elementos e tipos.<br>Os problemas agrarios e o desenvolvemento rural.<br>As dinámicas recentes do espazo rural: multifuncionalidade e heteroxeneidade.<br>Os espazos da actividade pesqueira: o espazo pesqueiro; os condicionantes naturais e humanos; a produción pesqueira; os problemas actuais da pesca marítima; e a acuicultura. | 1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos aos espazos rural e pesqueiro de España. | **1.1. Define con precisión conceptos relativos aos condicionantes naturais e humanos; as actividades; as paisaxes; e os problemas dos espazos agrarios e pesqueiros.** | CCL, CMCT |
| | 2. Describir, analizar, caracterizar e explicar as actividades agropecuarias e pesqueiras. | **2.1. Redacta temas sobre os condicionantes, actividades, paisaxes, problemas e dinámicas do espazo rural; e sobre os condicionantes, produción e problemas da actividade pesqueira.** | CCL, CMCT, CAA |
| | 3. Localizar en mapas as paisaxes agrarias, os aproveitamentos agropecuarios e as rexións pesqueiras de España. | **3.1. Localiza en mapas as paisaxes agrarias do norte peninsular, do mediterráneo interior e costeiro, de montaña e de Canarias; os principais tipos de cultivo e de especies gandeiras; e as principais rexións pesqueiras de España.** | CMCT, CAA |
| | 4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo dos espazos rurais e pesqueiros de España. | **4.1. Obtén, identifica diferenza e comenta imaxes de paisaxes agrarias; e obtén, analiza e comenta mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre a importancia, as características, o dinamismo, a evolución, os problemas e as políticas agropecuarias e pesqueiras de España.** | CD, CCL, CMCT, CAA, CCEC CSIEE |
| | 5. Valorar os espazos rurais e pesqueiros; tomar conciencia dos seus problemas; e avaliar as posibles solucións. | **5.1. Valora os espazos rurais e pesqueiros; identifica e toma conciencia dos seus problemas obtendo e comentando diferentes informacións sobre eles; e avalía as posibles solucións utilizando as actuais directrices das políticas agraria e pesqueira.** | CSIEE, CSC |

## 6. O espazo industrial

**Obxectivos didácticos**

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios dos espazos mineiros, enerxéticos e industriais.
- Describir, caracterizar e explicar a evolución, os trazos, a localización, os problemas e as políticas actuais sobre as actividades mineiras, enerxéticas e industriais de España.
- Utilizar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico relacionados cos espazos mineiros, enerxéticos e industriais de España: comentario de paisaxes industriais a través de imaxes ou de observacións de campo; e obtención, análise e comentario de mapas, datos estatísticos, gráficos e textos.
- Valorar os espazos mineiros, enerxéticos e industriais de España e Galicia; coñecer e tomar conciencia dos seus problemas; e avaliar as posibles solucións.

**Carga lectiva:** 11 sesións

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - Os trazos e a importancia do espazo industrial.<br>- As materias primas: tipos; problemas da minería; e política mineira. | 1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ás materias primas, as fontes de enerxía e a industria de España. | **1.1. Define con precisión conceptos relativos ás materias primas e os seus tipos; as fontes de enerxía primaria renovables e non renovables; a enerxía final; e a produción, estrutura, localización e política industrial.** | CCL, CMCT |

| | | | |
|---|---|---|---|
| - As fontes de enerxía: as fontes de enerxía primarias non renovables e renovables; a enerxía final; os problemas e a política enerxética.<br>- Os recursos enerxéticos de Galicia.<br>- A industria española entre 1855 e 1975: a evolución industrial; a produción industrial; a estrutura industrial; a localización industrial; a política industrial.<br>- A crise e a reestruturación industrial: 1975-1990: a crise industrial; a política de reestruturación industrial.<br>- A industria española na actualidade: a evolución desde 1990; a produción industrial; a estrutura industrial; a localización industrial; a política industrial.<br>- A industria en Galicia. | 2. Definir e explicar brevemente as fontes de enerxía en Galicia. | **2.1 Explica as peculiaridades dos recursos e das potencialidades enerxéticas en Galicia.** | CCL |
| | 3. Describir, analizar, caracterizar e explicar as materias primas; as fontes de enerxía; o proceso de industrialización; e os trazos da industria actual en España. | **3.1. Redacta temas sobre os tipos de materias primas, os seus problemas e a política mineira; as fontes de enerxía primaria, a enerxía final, os problemas e a política enerxética; as etapas do proceso de industrialización, relacionando o nacemento da industria coa localización dos recursos mineiros e enerxéticos; os factores da localización industrial; os trazos, os problemas e as políticas industriais da UE e de España.** | CCL, CMCT, CAA |
| | 4. Describir e analizar as características da industria en Galicia. | **4.1. Explica o proceso de industrialización de Galicia e a estrutura e principais áreas industriais do territorio galego.** | CCL CSAA |
| | 5. Localizar en mapas os recursos mineiros e enerxéticos e as producións e as áreas industriais de España e de Galicia. | **5.1 Localiza en mapas as áreas mineiras; as producións e as centrais enerxéticas; as principais ramas da industria; e as áreas e os eixes industriais de España e Galicia.** | CMCT, CAA |
| | 6. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo das materias primas, as fontes de enerxía e a industria de España. | **6.1. Obtén, identifica, diferencia e comenta imaxes de sectores e de paisaxes industriais; e obtén, analiza e comenta mapas, gráficos, datos estatísticos, eixes cronolóxicos e textos sobre a evolución, a importancia, as características, as producións, os problemas e as políticas mineiras, enerxéticas e industriais.** | CD, CCL, CMCT, CAA CCEC CSIEE |
| | 7. Valorar os espazos mineiros, enerxéticos e industriais; tomar conciencia dos seus problemas; e formular e avaliar as posibles solucións. | **7.1. Valora os espazos mineiros, enerxéticos e industriais; identifica e toma conciencia dos seus problemas obtendo e comentando diferentes informacións sobre eles; e avalía as posibles solucións utilizando as actuais directrices das políticas mineira, enerxética e industrial da UE e de España.** | CSIEE, CSC |

## 7. Os espazos do sector terciario

**Obxectivos didácticos:**

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios dos espazos terciarios.
- Describir, caracterizar e explicar o proceso de terciarización da economía española; os modos de transporte e o seu impacto espacial; o turismo; o comercio exterior e interior; e outras actividades terciarias.
- Utilizar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico relacionados cos espazos terciarios: comentario de paisaxes turísticas; e obtención, análise e comentario de mapas, datos estatísticos, gráficos, imaxes e textos relacionados co transporte, o turismo e o comercio.
- Valorar a importancia das actividades terciarias, tomar conciencia dos seus problemas e formular solucións fronte a eles.
- Coñecer as peculiaridades do sector terciario en Galicia: o sistema de transportes e o turismo e comercio.

**Carga lectiva:** 11 sesións

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - O proceso de terciarización e a importancia do sector terciario.<br>- Os trazos do sector terciario: heteroxeneidade, complexidade, estrutura, factores e tendencias de localización, e desequilibrios territoriais.<br>- Os transportes e as telecomunicacións: o sistema de transporte e a súa importancia; características do sistema de transporte; a política de transporte; os modos de transporte; e as telecomunicacións. | 1. Definir e explicar correctamente os principais conceptos relativos aos espazos de servizos de España. | **1.1. Define con precisión conceptos relativos ao proceso de terciarización, os transportes, o turismo e o comercio en España.** | CCL, CMCT |
| | 2. Describir, analizar, caracterizar e explicar o proceso de terciarización e as principais actividades do sector terciario en España e Galicia. | **2.1. Redacta temas sobre o proceso de terciarización; as características do sistema de transporte e os seus diferentes modos; os trazos do turismo e as súas distintas tipoloxías; e o comercio interior e exterior de España.** | CCL, CMCT, CAA |
| | 3. Localizar en mapas os nodos e infraestruturas de transporte; os principais espazos turísticos; e as áreas máis destacadas do comercio interior e exterior. | **3.1. Localiza en mapas os nodos e infraestruturas do transporte terrestre, marítimo e aéreo; as áreas de alta e media densidade turística; as comunidades con maior peso do comercio interior; e as principais áreas ou países do comercio exterior de España.** | CMCT, CAA |

| | | | |
|---|---|---|---|
| - Os espazos turísticos: o turismo e a súa importancia; evolución do turismo e dos seus factores; características; tipos de turismo; espazos turísticos; repercusións do turismo; problemas; e política turística.<br>- O comercio. O comercio interior: características, tipos, espazos e políticas comerciais.<br>O comercio exterior: características, áreas, e política comercial.<br>- Outras actividades terciarias. | 4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo dos espazos terciarios de España. | **4.1. Obtén, identifica diferenza e comenta imaxes de paisaxes turísticas; e obtén, analiza e comenta mapas, gráficos, datos estatísticos, imaxes e textos sobre os transportes, o turismo e o comercio en España.** | CD, CCL, CMCT, CAA, CCEC, CSIEE |
| | 5. Valorar a importancia dos transportes na articulación do territorio; e tomar conciencia dos problemas que afectan ás actividades terciarias, propoñendo solucións fronte a eles. | **5.1. Valora a importancia da rede de estradas na articulación do territorio; toma conciencia dos problemas que afectan o transporte, o turismo e o comercio e propón solucións fronte a eles.** | SIEP, CSC |

## 8. A poboación española

**Obxectivos didácticos**

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos relativos á poboación española.
- Describir, analizar, caracterizar e explicar a distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española e galega.
- Utilizar e aplicar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico ao estudo da poboación española.
- Expresar opinións e xuízos críticos sobre problemas demográficos e mostrar actitudes de tolerancia e solidariedade ante calquera forma de discriminación.

**Carga lectiva:** 11 sesións

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - As fontes demográficas.<br>- A distribución da poboación: características, evolución e factores explicativos.<br>- O movemento natural da poboación: os réximes demográficos e os desequilibrios territoriais.<br>- Os movementos migratorios: as migracións interiores tradicionais e actuais; as migracións exteriores tradicionais e actuais; e a inmigración estranxeira.<br>- O crecemento real da poboación.<br>- A estrutura da poboación: por sexo e idade; e por actividade económica.<br>- O futuro da poboación española.<br>- A poboación de Galicia: distribución, movemento natural, tradición migratoria, crecemento real e estrutura. | 1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos á poboación española e galega. | **1.1. Define con precisión conceptos relativos á distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española e galega.** | CCL, CMCT |
| | 2. Describir, analizar, caracterizar e explicar os trazos da distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española e galega. | **2.1. Redacta temas sobre a distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española e galega.** | CCL, CMCT, CAA |
| | 3. Localizar en mapas e gráficos os principais trazos relacionados coa distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española e galega. | **3.1. Localiza en mapas a distribución da poboación española e galego; as diferenzas territoriais na natalidade, a mortalidade, o crecemento natural, os movementos migratorios, o crecemento real, a xuventude e o envellecemento demográfico; as taxas de actividade e de paro; e a poboación ocupada por sectores económicos.** | CMCT, CAA |
| | 4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo da poboación española e galega. | **4.1. Obtén, identifica diferencia e comenta imaxes, mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre a distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española. Comenta pirámides de poboación de España e de distintas comunidades autónomas.** | CD, CCL, CMCT, CAA, CEC |
| | 5. Expresar opinións e xuízos críticos sobre problemas demográficos e mostrar actitudes de tolerancia e solidariedade ante calquera forma de discriminación. | **5.1. Emite opinións e xuízos críticos sobre problemas demográficos e mostra actitudes de tolerancia e solidariedade respecto á discriminación laboral ou social por motivos de sexo, idade, raza ou nacionalidade.** | CSIEE, CSC |

## 9. O espazo urbano

**Obxectivos didácticos**

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos relativos ao espazo urbano español.
- Describir, analizar, caracterizar e explicar o concepto de cidade; o proceso de urbanización; a morfoloxía e a estrutura urbana; os problemas das cidades; a ordenación do espazo urbano e o sistema de cidades de España.
- Describir, analizar, caracterizar e explicar o proceso de urbanización de Galicia, as peculiaridades do subsistema urbano galego e das setes cidades da nosa comunidade.
- Utilizar e aplicar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico ao estudo do espazo urbano español e galego.
- Mostrar interese polos problemas urbanos e as actuacións encamiñadas a solucionalos; avaliar estas actuacións e realizar propostas de mellora.

**Carga lectiva:** 11 sesións

| 4Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - O concepto e a importancia da cidade.<br>- O proceso de urbanización. Etapas preindustrial, industrial e postindustrial.<br>- A morfoloxía urbana: localización, situación, plano, trama, edificación e usos do solo.<br>- A estrutura urbana: zona antiga; cidade industrial; periferia e aglomeracións urbanas.<br>- Problemas das cidades españolas: derivados da aglomeración, económicos, demográficos, sociais e ambientais.<br>- A ordenación do espazo urbano e o urbanismo. Etapas industrial e postindustrial.<br>- O sistema urbano español: compoñentes, xerarquía urbana, organización espacial en eixes e cambios recentes (incorporación aos sistemas urbanos europeo e global).<br>- O sistema urbano galego: proceso de urbanización, o subsistema urbano galego e as características das sete cidades galegas. | 1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ao espazo urbano. | **1.1. Define con precisión conceptos relativos ao proceso de urbanización, a morfoloxía e a estrutura urbana, os problemas urbanos, o urbanismo e o sistema urbano.** | CCL, CMCT |
| | 2. Describir, analizar, caracterizar e explicar o proceso de urbanización; a morfoloxía e a estrutura urbana; os problemas das cidades; a ordenación do espazo urbano e o sistema urbano de España e de Galicia. | **2.1. Redacta temas sobre o proceso de urbanización e as súas etapas; os compoñentes da morfoloxía urbana; as diferentes áreas da estrutura urbana e as aglomeracións urbanas; os trazos do urbanismo industrial e postindustrial; e os trazos actuais do sistema urbano español e os seus cambios recentes.** | CCL, CMCT, CAA |
| | 3. Localizar en mapas as principais cidades, aglomeracións e eixes urbanos de España. | **3.1. Localiza en mapas as cidades e aglomeracións urbanas de máis de 50 000 hab.; e os eixes urbanos principais.** | CMCT, CAA |
| | 4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo do espazo urbano español e galego. | **4.1. Obtén, identifica diferenza e comenta imaxes de áreas e problemas urbanos; planos de cidades; mapas de distribución de cidades e do sistema urbano; e gráficos e datos estatísticos sobre o proceso de urbanización, as aglomeracións urbanas e o sistema de cidades de España e de Galicia.** | CD,CCL, CMCT, CAA, CCEC, CSIEE |
| | 5. Mostrar interese polos problemas urbanos; emitir opinións e propostas respecto a eles; e avaliar as actuacións urbanísticas encamiñadas a solucionalos. | **5.1. Identifica os problemas urbanos e as actuacións urbanísticas a partir de diversas fontes de información; e emite opinións e propón solucións sobre eles.** | CSIEE, CSC |

## 10. A organización, os desequilibrios e as políticas territoriais

**Obxectivos didácticos**

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios da organización, os desequilibrios e as políticas territoriais de España.
- Describir, caracterizar e explicar a evolución histórica da organización territorial e os seus trazos actuais; as causas, indicadores, evolución e situación actual dos desequilibrios territoriais; e a política rexional e de cohesión territorial da UE, o Estado español e as comunidades autónomas.
- Utilizar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico relacionados coa organización, os desequilibrios e as políticas territoriais: comentario de mapas, datos estatísticos, imaxes, gráficos e textos.
- Valorar a descentralización político-administrativa; recoñecer os desequilibrios territoriais; e apreciar as actuacións encamiñadas a palialos.

**Carga lectiva**: 7 sesións

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - A organización territorial de España: evolución histórica e organización actual (divisións territoriais e estado das autonomías: formación e organización). | 1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos á organización, os desequilibrios e as políticas territoriais de España. | **1.1. Define con precisión conceptos relativos á organización, aos desequilibrios e as políticas territoriais de España.** | CCL, CMCT |

| | | | |
|---|---|---|---|
| - Os desequilibrios territoriais: causas, indicadores e evolución: períodos 1960-1975, 1976-1985, 1986-2007 e desde 2008.<br>- As políticas rexionais e de cohesión territorial: bases da política rexional; a política rexional e de cohesión da UE 2014-2020; a política rexional e de cohesión do Estado español; e a ordenación do territorio. | 2. Describir, analizar, caracterizar e explicar a organización, os desequilibrios e as políticas territoriais de España. | **2.1. Redacta temas sobre a evolución e a organización territorial actual de España; a evolución e a situación actual dos desequilibrios territoriais; e as políticas rexionais e de cohesión territorial da UE, o Estado e as comunidades autónomas dirixidas a palialos.** | CCL, CMCT, CAA |
| | 3. Localizar en mapas as divisións político-administrativas de España e os fenómenos relativos aos desequilibrios e as políticas territoriais. | **3.1. Localiza en mapas as comunidades autónomas e as provincias, cos seus correspondentes capitais; os países fronteirizos de España; a categoría de cada comunidade autónoma na política rexional europea; e as comunidades beneficiadas polos Fondos de Compensación Interterritorial.** | CMCT, CAA |
| | 4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo da organización, os desequilibrios e as políticas territoriais de España. | **4.1. Obtén, identifica, diferencia e comenta imaxes, mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre a organización, os desequilibrios e a política territorial de España.** | CD, CCL, CMCT, CAA |
| | 5. Valorar a descentralización político-administrativa; recoñecer os desequilibrios territoriais; e apreciar as actuacións encamiñadas a palialos. | **5.1. Emite opinións acerca da descentralización político-administrativa; recoñece os desequilibrios territoriais; e aprecia as actuacións encamiñadas a palialos e a fomentar a solidariedade interterritorial.** | CSIEE, CSC |

## 11. España e Galicia en Europa

**Obxectivos didácticos**

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos relativos ao espazo físico e humano europeo e á integración de España na Unión Europea.
- Describir, analizar, caracterizar e explicar o proceso de construción e o funcionamento da UE; os seus contrastes físicos, humanos e rexionais; e a posición de España en Europa.
- Utilizar e aplicar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico ao Estudo de Europa e da posición de España na Unión Europea.
- Valorar o proceso de integración e ampliación de Europa, e opinar sobre as diferentes políticas comunitarias.
- Describir, analizar e valorar o proceso de integración de Galicia na Unión Europea.

**Carga lectiva:** 8 sesións

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - A construción e o funcionamento da UE: o proceso de ampliación e as súas consecuencias; os tratados, as institucións e as políticas comúns.<br>- Os contrastes físicos da UE: relevo, paisaxes naturais e ambiente na UE.<br>- Os contrastes políticos: as diferenzas sobre a integración política e os avances.<br>- Os contrastes económicos: os sectores primario, secundario e terciario.<br>- Os contrastes demográficos e urbanos.<br>- Os contrastes sociais e culturais.<br>- As disparidades rexionais e a política de cohesión. | 1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos á integración de España e Galicián na Unión Europea. | **1.1. Define con precisión conceptos relativos á construción e o funcionamento da UE; os seus contrastes físicos, humanos e rexionais; e a posición de España e Galicia na Unión Europea.** | CCL, CMCT |
| | 2. Describir, analizar, caracterizar e explicar os contrastes físicos e socioeconómicos de Europa e a posición de España na Unión Europea. | **2.1. Redacta temas sobre a construción e o funcionamento da UE; os contrastes físicos, políticos, económicos, demográficos, urbanos, sociais, culturais e territoriais; e a integración e posición de España na UE.** | CCL, CMCT, CAA |
| | 3. Localizar en mapas os principais elementos do medio físico e humano europeo; e os estados que compoñen a Unión Europea. | **3.1. Localiza en mapas os principais accidentes do relevo, os ríos, os bioclimas, as áreas de actividade económica, os conxuntos rexionais e os estados membros da UE cos seus correspondentes capitais.** | CMCT, CAA |
| | 4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo do espazo físico e humano europeo e á integración de España na Unión Europea. | **4.1. Obtén, identifica diferenza e comenta imaxes, mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre a construción e o funcionamento da UE; os contrastes físicos, políticos, económicos, demográficos, urbanos, sociais, culturais e territoriais; e a integración e posición de España na UE.** | CD, CCL, CMCT, CAA, CCEC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| - España na Unión Europea: factores e consecuencias da integración; e a posición actual de España na UE e os retos de futuro (a posición xeográfica e demográfica, a posición política, a posición económica e social, e a posición cultural).<br>- Galicia na Unión Europea. | 5. Valorar os procesos de integración e de ampliación da Unión Europea e opinar sobre as políticas comunitarias. | **5.1. Valora a integración e a ampliación da Unión Europea e opina sobre algunhas das políticas socioeconómicas e ambientais comunitarias.** | CSIEE, CSC |

## 12. España no mundo

**Obxectivos didácticos**

- Definir e utilizar correctamente os termos básicos relativos ao sistema mundial e á integración de España no mundo.
- Describir, analizar, caracterizar e explicar os trazos do sistema mundo: as áreas mundiais; as relacións e o proceso de globalización; a xerarquía do poder mundial e as ordes resultantes; e a posición de España nas áreas xeopolíticas e xeoeconómicas do mundo e nas relacións internacionais.
- Utilizar e aplicar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico ao estudo do sistema mundial e da posición de España no mundo.
- Avaliar criticamente a globalización; recoñecer as desigualdades mundiais e apreciar as iniciativas de solidariedade coas persoas e os espazos mundiais desfavorecidos; e valorar as vantaxes do poder brando.

**Carga lectiva:** 5 sesións

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliables | CC |
|---|---|---|---|
| - O sistema mundo: trazos; áreas mundiais; causas, evolución, consecuencias e solucións ás desigualdades mundiais.<br>- As relacións mundiais: o proceso de globalización: causas, funcionamento e consecuencias.<br>- A xerarquía do poder mundial: centros, periferias e semiperiferias; a orde mundial actual e as súas transformacións.<br>- España no contexto mundial: posición nas áreas xeopolíticas; nas áreas xeoeconómicas; e nas relacións internacionais.<br>- A posición relativa de España no mundo: indicadores e Marca España. | 1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ao sistema mundial e á integración de España no mundo. | **1.1. Define con precisión conceptos relativos ás áreas, ás desigualdades, ás relacións e as xerarquías mundiais; e á integración de España nas áreas xeopolíticas e xeoeconómicas do mundo.** | CCL, CMCT |
| | B4.7. | B4.7. | HAB4.7.1. | CCEC / CCL / CAA | Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: "O baño turco", de Ingres; "A balsa da Medusa", de Gericault; "A liberdade guiando o pobo", de Delacroix; "O carro de feo", de Constable; "Chuvia, vapor e velocidade", de Turner; "O enterro de Ornans", de Courbet; "O ánxelus", de Millet; "Almorzo sobre a herba", de Manet; "Impresión, sol nacente" e a serie sobre a Catedral de Ruán, de Monet; "Le Moulin de la Galette", de Renoir; "Unha tarde de domingo na Grande Jatte", de Seurat; "Xogadores de cartas" e "Mazás e laranxas", de Cézanne; "A noite estrelada" e "O segador", de Van Gogh; "Visión despois do sermón" e "O mercado" ("Ta matete"), de Gauguin. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | B4.8. | B4.8. | HAB4.8.1. | CCEC / CCL / CAA / CSC | Relaciona a produción e o academicismo dominante na escultura do século XIX coas transformacións levadas a cabo nas cidades (monumentos conmemorativos en prazas, parques e avenidas, e esculturas funerarias nos novos cemiterios). | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB4.8.2. | CCEC / CCL | Explica as características da renovación escultórica emprendida por Rodin. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | B4.9. | B4.9. | HAB4.9.1. | CCEC / CCL / CAA | Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Rodin: "O pensador" e "Os burgueses de Calais". | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | B4.10. | B4.10. | HAB4.10.1. | CCEC / CCL / CAA / CD / CSIEE | Realiza un traballo de investigación sobre as exposicións universais do século XIX e a súa importancia desde o punto de vista arquitectónico. | 50% | X | X | X | X | X | X | | | |
| | | | HAB4.10.2. | CCEC / CCL / CAA / CD / CSIEE | Realiza un traballo de investigación sobre a influencia da fotografía e o gravado xaponés no desenvolvemento do Impresionismo, con referencias a obras concretas. | 50% | X | X | X | X | X | X | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | B4.11. | B4.11. | HAB4.11.1. | CCEC / CCL / CAA / CSIEE | Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte do século XIX que se conservan en Galicia. | 50% | X | X | X | X | X | X | | | |
| 13 | B5.1. | B5.1. | HAB5.1.1. | CCEC / CCL / CSC | Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB5.1.2. | CCEC / CCL | Describe a orixe e as características do Fauvismo. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB5.1.3. | CCEC / CCL / CAA / CSC | Describe o proceso de xestación e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico e o sintético. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB5.1.4. | CCEC / CCL | Describe o ideario e os principios do futurismo. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB5.1.5. | CCEC / CCL / CAA | Identifica os antecedentes do expresionismo no século XIX, explica as súas características xerais e especifica as diferenzas entre os grupos alemáns "A ponte" e "O xinete azul". | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB5.1.6. | CCEC / CCL / CAA | Describe o proceso de xestación e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunhas das súas correntes máis significativas, como o Suprematismo ruso ou o Neoplasticismo. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB5.1.7. | CCEC / CCL / CSC | Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB5.1.8. | CCEC / CCL | Explica a orixe, as características e os obxectivos do Surrealismo. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB5.1.9. | CCEC / CCL | Explica a importancia dos pintores españois Picasso, Miró e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB5.1.10. | CCEC / CCL / CAA | Explica a renovación temática, técnica e formal da escultura na primeira metade do século XX, distinguindo as obras relacionadas coas vangardas pictóricas e as que utilizan recursos ou linguaxes independentes. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | B5.2. | B5.2. | HAB5.2.1. | CCEC / CCL / CAA | Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A alegría de vivir", de Matisse; "As señoritas de Aviñón", "Retrato de Ambroise Vollard", "Natureza morta con cadeira de reixa | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | | | de cana" e "Guernica", de Picasso; "A cidade que emerxe", de Boccioni; "O berro", de Munch; "A rúa", de Kirchner; "Lírica" e "Sobre branco II", de Kandinsky; "Cadrado negro", de Malevich; "Composición II", de Mondrian; "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "O elefante das Celebes", de Ernst; "A chave dos campos", de Magritte; "O entroido de Arlequín" e "Mulleres e paxaros á luz da lúa", de Miró; "O xogo lúgubre" e "A persistencia da memoria", de Dalí. | | | | | | | | | | |
| | | | HAB5.2.2. | CCEC / CCL / CAA | Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas: "O profeta", de Gargallo; "Formas únicas de continuidade no espazo", de Boccioni; "Fonte", de Duchamp; "Muller peiteándose ante un espello", de Xulio González; "Mademoiselle Pogany I", de Brancusi; "Lagosta, nasa e cola de peixe", de Calder; "Figura reclinada", de Henry Moore. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | B5.3. | B5.3. | HAB5.3.1. | CCEC / CCL / CAA | Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB5.3.2. | CCEC / CCL / CAA | Especifica as achegas da arquitectura orgánica ao Movemento Moderno. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | B5.4. | B5.4. | HAB5.4.1. | CCEC / CCL / CAA | Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: edificio da Bauhaus en Dessau (Alemaña), de Gropius; pavillón de Alemaña en Barcelona, de Mies van der Rohe; Vila Saboia en Poissy (Francia), de Le Corbusier; casa Kaufman (Casa da Cascada), de Frank Lloyd Wright. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | B5.5. | B5.5. | HAB5.5.1. | CCEC / CCL / CAA / CD / CSIEE | Realiza un traballo de investigación sobre o Grupo de Artistas e Técnicos Españois Para o | 50% | X | X | X | X | X | X | | | |
| | B5.6. | B5.6. | HAB5.6.1. | CCEC / CCL / CAA / CSIEE | Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | B5.6. | B5.6. | HAB5.6.1. | CCEC / CCL / CAA / CSIEE | Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | B6.1. | B6.1. | HAB6.1.1. | CCEC / CCL / CSC | Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB6.1.2. | CCEC / CCL | Explica as razóns do mantemento e a difusión internacional do Movemento Moderno en arquitectura. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB6.1.3. | CCEC / CCL / CAA | Distingue e describe as características doutras tendencias arquitectónicas á marxe do Movemento Moderno ou Estilo Internacional, en particular a High Tech, a posmoderna e a deconstrución. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | B6.2. | B6.2. | HAB6.2.1. | CCEC / CCL / CAA | Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "Unité d'habitation" en Marsella, de Le Corbusier; edificio Seagram en Nova York, de M. van der Rohe e Philip Johnson; o museo Guggenheim de Nova York, de F. Lloyd Wright; a Casa da Ópera de Sydney, de J. Utzon; o centro Pompidou de París, de R. Piano e R. Rogers; o AT & T Building de Nova York, de Philip Johnson; o museo Guggenheim de Bilbao, de F. O. Gehry. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | B6.3. | B6.3. | HAB6.3.1. | CCEC / CCL / CAA | Explica e compara o Informalismo europeo e o Expresionismo abstracto norteamericano. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB6.3.2. | CCEC / CCL | Explica a abstracción postpictórica. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB6.3.3. | CCEC / CCL | Explica o Minimalismo. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB6.3.4. | CCEC / CCL | Explica a arte cinética e a Op-Art. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB6.3.5. | CCEC / CCL | Explica a arte conceptual. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB6.3.6. | CCEC / CCL | Explica a Arte Povera. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB6.3.7. | CCEC / CCL / CAA | Distingue e explica algunhas das principais correntes figurativas: Pop-Art, Nova Figuración, Hiperrealismo. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB6.3.8. | CCEC / CCL | Explica en que consisten as seguintes manifestacións de arte non duradeira: Happening, Body Art e Land Art. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | | | HAB6.3.9. | CCEC / CCL | Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | B6.4. | B6.4. | HAB6.4.1. | CCEC / CCL / CAA | Identifica o autor e a corrente artística (non necesariamente o título), e analiza e comenta as seguintes obras: "Pintura" (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies; "Grito nº 7", de Antonio Saura; "One: number 31, 1950", de J. Pollock; "Ctesiphon III", de F. Stella; "Equivalente VIII", de Carl André; "Vega 200", de Vasarely; "Unha e tres cadeiras", de J. Kosuth; "Iglú con árbore", de Mario Merz; "Marilyn Monroe" (serigrafía de 1967), de A. Warhol; "O Papa que berra" (estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X), deFrancis Bacon; "A Gran Vía madrileña en 1974", de Antonio López. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | B6.5. | B6.5. | HAB6.5.1. | CCEC / CCL | Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |
| | B6.6. | B6.6. | HAB6.6.1. | | Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte. | 50% | X | X | X | X | X | | | | |

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

Conforme ao establecido na Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación; as competencias contémplanse como un coñecemento na práctica, a través da participación activa. Defínese a Competencia como unha combinación de coñecementos, capacidades ou destrezas e actitudes axeitadas ao contexto. Integra, por tanto un coñecemento de base conceptual (coñecemento declarativo-saber dicir); un coñecemento relativo ás destrezas (coñecemento procedimental-saber facer); e un terceiro compoñente que inclúe actitudes e valores (saber ser).

En consecuencia, a metodoloxía didáctica empregada para desenvolver esta materia debe favorecer tanto o traballo individual como o cooperativo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo e a transferencia e a aplicación do aprendido. Ademais, preténdese exercitar ao alumnado nos procedementos habituais do xeógrafo e do historiador: natureza, tipoloxía e importancia das distintas clases de fontes, análise e utilización crítica das mesmas, contraste de interpretacións historiográficas e utilización de información procedente dos medios de comunicación de masas para achegarse ao coñecemento da realidade xeográfica e xeopolítica actual.

As tecnoloxías da información e da comunicación deben ser utilizadas como unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe, tanto polo seu carácter imprescindible na educación como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

A natureza específica da Xeografía e a Historia -multiplicidade de factores que interveñen nunha realidade humana, cambio permanente mais non uniforme nin no tempo nin no espazo irrepetibilidade dos feitos- condúcenos a que nesta disciplina, en canto materia de ensinanza-aprendizaxe, debamos ter en conta as seguintes consideracións didácticas:

- ✓ A forma de acceder ao coñecemento histórico non é uniforme dentro da propia disciplina. Inflúen a parcela espacial e cronolóxica que se considere. Non nos acercamos cos mesmos medios ao coñecemento histórico máis afastado no tempo e no espazo que a unha época próxima. Polo tanto, os medios que se utilicen deben variar ao longo de todo o desenvolvemento da materia.
- ✓ Na clase de Historia fanse comentarios sobre valores e sobre actitudes e ao facelo transmítense mensaxes. Isto fai o seu estudio vulnerable a interferencias políticas e a que, con frecuencia, se confundan consideracións de orde política e ideolóxica con consideracións de tipo educativo. Polo que se procurará tratar os temas de estudio con obxectividade e non emitir xuízos de valor.
- ✓ Deben traballarse aspectos da realidade xeográficamediante a observación directa ou indirecta insistindo na interpretación de gráficos e elaboración destes a partir de datos. Igualmente, resulta fundamental a elaboración de traballos de campo sobre a realidade xeográfica máis próxima e/ou o patrimonio artístico do contorno.
- ✓ A motivación é un aspecto importante para acadar unha ensinanza eficaz. Para promover que sexa positiva, é necesario que os temas de estudio conecten directamente cos intereses do alumnado. O emprego de medios audiovisuais, o achegamento a problemas do seu contorno, as saídas programadas, etc. constitúen estratexias motivadoras e atractivas.
- ✓ Partindo destas consideracións as distintas unidades didácticas deben enfocarse non como un conxunto de feitos illados, senón como un conxunto de procesos e de problemas nos que se analicen as súas causas e as súas consecuencias e as relacións existentes entre elas.
- ✓ Tanto no ensino da Historia como no da Xeografía partirase de aprendizaxes máis simples avanzando gradualmente cara outros máis complexos. Procurarase manter a motivación cara a aprendizaxe, formando un alumnado activo, autónomo e responsable da súa propia aprendizaxe, que comprenda o

que aprende e que sexa capaz de empregalo dentro e fóra da aula. Para acadalo , e en función dos contidos a tratar, combinaranse diferentes métodos didácticos:

- ✓ Método interrogativo: con el, o profesor pode coñecer o que o alumnado sabe, pode desenvolver novos coñecementos e resolver dúbidas, e permite unha comunicación fluída co alumnado.
- ✓ Método expositivo: utilizarase para presentar os conceptos e feitos máis salientables e achegar e aclarar aqueles que presenten máis dificultades para o alumnado.
- ✓ Método demostrativo: o profesor amosará con imaxes, vídeos e reconstrucións virtuais e reproducións aspectos diversos da xeografía, prehistoria, historia e historia da arte.
- ✓ Método do descubrimento ou de indagación: o alumnado, realizando diversas actividades, desenvolverá diversas técnicas de estudo e análise das ciencias sociais, como medio para exercitarse na adquisición das competencias clave, achegándose ás fontes que lle permitan construír o seu propio coñecemento.

✓ O plan de traballo dunha clase variará segundo os temas a tratar:

➢ Para a ensinanza de parcelas máis antigas que é difícil que o alumnado se sitúe, ou para aspectos da Historia e/ou da Xeografía que, polo seu afastamento espazo-temporal, non teñen unha repercusión recoñecible no contorno, sería:

A presentación dos problemas por parte do profesor/a.

A consideración conxunta profesorado-alumnado das distintas alternativas posibles de interpretación.

O acordo sobre a natureza e sobre as causas do proceso histórico e/ou xeográfico en cuestión.

A ilustración e comprobación das conclusións con exemplos concretos, sempre que sexan procesos xerais.

➢ Para abordar os aspectos relacionados co mundo actual e para o estudo de aspectos da historia máis próxima, a vía sería partir do concreto para chegar ao abstracto e, apoiándose en datos do contorno próximo, inducir a curiosidade de por que é así e ir relacionando a historia local cos seus condicionantes externos para intentar alcanzar unha comprensión de estruturas e de procesos máis amplos, pois non se pode entender o medio no que se desenvolve o alumnado desconectado das súas referencias máis xerais.

➢ A primeira das actividades de cada unha das Unidades Didácticas actuará de ámbito motivador para o tema das mesmas e para que o alumnado manifeste as súas opinións e sexan conscientes do que coñecen e do que descoñecen. Así o profesor/a estará en condicións de axustar a proposta de actividades, incorporando as conclusións desta primeira sesión. A presentación pode ser distinta en cada caso: enquisa, visualización dun fragmento dun vídeo, observación de gráficos, comparación de debuxos, pinturas, fotografías, etc.

En todo caso desde un punto de vista xenérico, o Proxecto Curricular, así como as programacións de cada unha das unidades didácticas, baséanse nos principios de intervención educativa xa sinalados e que sintetizamos e concretamos da seguinte forma:

a) Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren este nivel de desenvolvemento.

b) Dáse prioridade á **comprensión** dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe **mecánica.**

c) Propícianse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumno poida comproba-lo **interese** e a **utilidade** do aprendido.

d) Foméntase a **reflexión persoal** sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ó que se aprendeu, de modo que o alumno poida analiza-lo seu progreso respecto ós seus coñecementos.

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de **aprender de forma autómoma.** En definitiva, supoñen adoptar unha perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, respectando a diversidade e distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante traballos individuais e colectivos.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A modo de orientación xeral, indícanse a continuación os materiais e recursos que van ser empregados de xeito recorrente ó longo de todo o ano académico.

A) Libros de texto:
   - 1º de ESO : Ed. Vicens Vives
   - 2º de ESO : Ed. Baía Edicións.
   - 3º de ESO : Ed. Vicens Vives
   - 4º de ESO : Ed. Baía Edicións
   - 1º de BACHARELATO: Historia do Mundo Contemporáneo. Hª Cta. Baía Edicións
   - 2º de BACHARELATO:
     - Hª de España. Baía Edicións
     - Xeografía: Xeografía 2º. Ed. Anaya
     - Historia da Arte. Ed. Vicens Vives.

B) Atlas xeográficos e históricos. Mapas físicos, políticos e históricos do mundo, Europa, Península Ibérica e Galicia.
C) Coleccións documentais, textos, etc.
D) Documentos audovisuais de Historia de España e do mundo, de Xeografía e de Hª da Arte.
E) Planos, mapas topográficos e imaxes de satélite.
F) Artigos de prensa, materiais obtidos a través de internet, documentos seleccionados fotocopiados.
G) Materiais elaborados polo alumnado.
H) Diarios de clase elaborados polos alumnos.
I) Tecnoloxías da Información e Comunicación
J) Específicamente, software dixital, como por exemplo a Aula Virtual do Centro, Google Maps, Google Earth, Socrative, Kahoot, etc

Polo que respecta ós recursos metodolóxicos, a área contemplará os *principios* de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para unha proposta curricular coherente e integradora entre tódalas áreas dunha etapa que debe reunir un carácter comprensivo á vez que respectuoso coas diferencias individuais. Son as seguintes:

- A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade constructiva do alumno.
- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos previos.
- Orientarémos a nosa acción a estimular no alumno a capacidade de aprender a aprender.
- Promoverémos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativas.
- Buscaremos formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.
- Impulsaremos un estilo de avaliación que sirva como punto de referencia á nosa actuación pedagóxica, que lle proporcione ó alumno información sobre o seu proceso de aprendizaxe e permita a participación do alumno na mesma a través da autoavaliación e da coavaliación.
- Fomentarémos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumno.

Os contidos da área preséntanse organizados en *conxuntos temáticos* de carácter analítico e disciplinar. Non obstante, estes conxuntos integraranse na aula a través de unidades didácticas que favorecerán a materialización do principio de *inter e intradisciplinariedade por medio de procedementos tales como:*

- *Indagación e investigación* a través de hipóteses e conxecturas, observación e recollida de datos, organización e análise dos datos, confrontación das hipóteses, interpretación, conclusións e comunicación das mesmas.
- *Tratamento da información* gracias á recollida e rexistro de datos, análise crítico das informacións, a inferencia e o contraste, etc.
- *A explicación multicausal* coa comprensión e a análise dos numerosos factores causais que interveñen na determinación dos fenómenos sociais e humanos.

O desenvolvemento da área desde unha perspectiva *inter e intradisciplinar tamén se levará a cabo a través de actitudes, e valores* como o rigor e a curiosidade científica, a conservación e valoración do patrimonio, tanto natural e medio-ambiental como artístico, cultural, institucional e histórico e a tolerancia respecto ás ideas, opinións e crenzas doutras persoas e sociedades, a valoración e defensa da paz mundial e da sociedade democrática, a responsabilidade fronte ós problemas colectivos e o sentido da solidariedade.
O desenvolvemento das experiencias de traballo na aula, desde unha fundamentación teórica aberta e de síntese buscará a alternancia entre os dous grandes tipos de estratexias: expositivas e de indagación. Estas estratexias materializaranse en técnicas como:

- *Os mapas de contido.*
- *As representacións plásticas e/ou dramáticas.*
- *Comentarios de texto e de obras artísticas.*
- *O debate,o coloquio e os diálogos.*
- *A utilización de medios informáticos e de prensa como fontes de información.*

Se ben os medios de que se dispoñen non son excesivamente abundantes , paseniñamente vaise conseguindo un pequeno acopio de medios de todo tipo que complementan o traballo dos profesores. Hai que suliñar que eses incrementos non proceden , en puridade, dos presupostos que se asignan ó Departamento polas autoridades educativas.
Existe certa dificultade para utilización dos medios audiovisuais dada a carencia de locais libres e a competencia pola sua utilización por parte dos profesores de diversas materias agravada polo aumento do número de optativas que mesmo obriga a dividir aulas e utilizar departamentos como lugares de docencia.

# 7 CRITERIOS DE AVALIACIÓN , CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

## 7.1 CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora. As actividades de avaliación serán coherentes co proceso de aprendizaxe e a metodoloxía seguida, serán variadas e responderán a un enfoque práctico.

O proceso avaliador partirá das competencias clave e as destrezas determinadas nos perfís de competencia. Porén, no proceso avaliador non se traballarán todas as competencias ao mesmo tempo nin cas mesmas probas. Cabe lembrar que, o que se avalía non é a competencia en si mesma, senón o seu exercicio por parte do alumno ou alumna.

Das actividades de desenvolvemento das Unidades **obterase información** para a avaliación en tres niveis:

- **Traballo individual**, no que se terán en conta aspectos como:
  -A capacidade de descrición, de relación e de análise dos conceptos históricos e xeográficos.
  -A expresión e a comprensión dos mesmos tanto de forma oral como escrita.
  - Os conceptos específicos da U.D.
  - O desenvolvemento de actitudes cara á materia.
- **O traballo en grupo**, no que se fai especial fincapé porque permite unha distribución de tarefas, axuda á asunción de responsabilidades persoais e enriquece a calidade das actividades.
- **O funcionamento da clase**. Neste caso os datos para a avaliación derivan dos dous niveis anteriores e proporcionan unha información xeral importante tanto para o profesorado como para os titores.

✓ Os **instrumentos de avaliación** máis adecuados dentro desta planificación son:

- **A observación, recollida no caderno do profesor**, que nos permitirá seguir o ritmo da clase en canto á adquisición dos contidos e desenvolvemento das competencias, con especial atención a aspectos actitudinais: interese pola materia, esforzo persoal, puntualidade, participación na clase, convivencia, tolerancia, solidariedade e participación crítica, autonomía, cooperación. O
- **Os traballos de clase e os traballos voluntarios** permiten un seguimento do nivel de organización que van acadando os alumnos/as: busca de fontes, organización dun guión, planificación dos pasos a seguir, corrección do emprego de información gráfica ou estatística, etc. Débense alternar os traballos escritos con outros de exposición oral e en formatos dixitais. O profesor poderá levar o portafolio ou caderno dun alumno ou alumna, calquera día, sen avisar previamente. É obriga do alumnado traelo sempre a clase e facer cada día as actividades previstas. Elixirá algunhas das actividades para a súa cualificación, sen necesidade de indicalas previamente.
- **As probas/exames, tanto orais como escritas**, que teñen o mesmo carácter que as actividades de desenvolvemento das U.D. e polo tanto adoptarán formulacións semellantes, reflectirán unicamente os contidos traballados e estableceranse nun contexto de negociación das mesmas co alumnado a quen van orientadas. Así que calquera das actividades que se presentan é susceptible de ser, ao mesmo tempo, actividade de aprendizaxe e de avaliación.

**Descrición das probas obxectivas e exames:**

Nas probas escritas (ou orais se así o considera oportuno o profesorado) o alumnado enfrontarase a diferentes tipos de exercicios.

1 Cuestións que requiren unha resposta pechada:
Localizar ou seleccionar datos nun documento ou redactar unha resposta unívoca.

2 Cuestións que requiren unha resposta construída aberta interpretando un documento:
Reflexionar, valorar, integrar e interpretar os contidos impartidos na aula, con documentos que o alumno pode atopar na súa vida cotiá ou académica, xa sexan textuais en diversos formatos (continuo, discontinuo, mixto ou múltiple) ou non textuais (imaxes).

3 Cuestións que requiren unha resposta construída aberta desde un tema suxerido:
Sintetizar informacións e elaborar argumentacións cunha certa complexidade narrativa sobre os contidos abordados durante a unidade didáctica.

4 Cuestións que requiren a elaboración de gráficos e resposta con textos descontinuos:
Medir a capacidade do alumnado para empregar información na construción de diversos tipos de gráficos (de liñas, de barras, circulares, climogramas, pirámides de poboación, pirámides sociais, triangulares) e textos descontinuos tais como mapas históricos ou temáticos das ciencias sociais.

No 2º curso de Bacharelato os exames e probas escritas, así como os seus criterios de cualificación,

| |
|---|
| tenderán a ter como guía as directrices dos grupos de traballo das probas ABAU, aínda que o profesorado pode adoptar outros modelos por motivos académicos. No momento de redactar esta programación só son públicas as directrices de Historia da Arte, coincidentes coas do curso pasado. |

Propoñemos a continuación algunhas ferramentas destinadas á avaliación de desempeños competenciais, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Unhas serán para o desenvolvemento común de competencias en todas as áreas; outras, para a avaliación das aprendizaxes concretas postas en práctica nas distintas materias.

**Rúbricas para cualificar os instrumentos de avaliación e os seus indicadores de logro.**

| **Rúbrica 1: R-1. Proba de coñecementos escrita para preguntas con respostas pechadas e respostas construídas abertas deste un tema suxerido ou un documento.** | **Cualificación** |
|---|---|
| Non resposta. Non domina ningún aspecto do exercicio. Respostas incorrectas ou irrelevantes. Menos do 15% en aspectos cuantificables. | **0 Insatisfactorio** |
| Domina algún aspecto puntual do exercicio. Respostas incompletas, vagas e imprecisas. Entre 15-35% en aspectos cuantificables. | **1 Insuficiente** |
| Demostra comprensión do exercicio, aínda que faltan elementos na resolución do mesmo. Entre 36-65% en aspectos cuantificables. | **2 Suficiente** |
| Demostra unha gran comprensión do exercicio, inclúe a maioría dos requirimentos do mesmo. Entre 66-85% en aspectos cuantificables. | **3 Notable** |
| Comprende totalmente o exercicio. Entre 86 e 100% en aspectos cuantificables. | **4 Excelente** |

| **Rúbrica 2: R-2.Elaboración e manexo de mapas** | **Cualificación** |
|---|---|
| Non presentado/realizado. Erros graves na localización de grandes unidades xeográficas, históricas e/ou políticas. Erros no uso da simboloxía e da lenda. Menos do 15% dos espazos a localizar. | **0 Insatisfactorio** |
| Non localiza espazos concretos requiridos (accidentes do relevo, cidades, fluxos). Non extrae a información requirida ou comete erros graves ao facelo. Entre o 15-35% dos espazos a localizar. | **1 Insuficiente** |
| Localiza correctamente a maioría das grandes unidades xeográficas, históricas e/ou políticas. Uso case sen fallos da simboloxía e da lenda. Localiza entre o 36-65% dos espazos concretos requiridos. | **2 Suficiente** |
| Localiza correctamente as grandes unidades xeográficas, históricas e/ou políticas. Uso sen fallos da simboloxía e da lenda. Localiza entre 66-85% dos espazos concretos requiridos. | **3 Notable** |
| Localiza correctamente as grandes unidades xeográficas, históricas e/ou políticas. Uso sen fallos da simboloxía e da lenda. Localiza entre o 86-100% dos espazos concretos requiridos. | **4 Excelente** |

| **Rúbrica 3: R-3. Confección de gráficos e liñas do tempo. Cálculos matemáticos. Manexo de escalas. Manexo de TICs.** | **Cualificación** |
|---|---|
| Non presentado/realizado. Comete erros graves en operacións matemáticas básicas ou no manexo de escalas gráficas. Erros graves na fixación de periodizacións e uso da cronoloxía. Non extrae a información requirida ou comete erros graves ao manexar as TICs. | **0 Insatisfactorio** |
| Erros leves en operacións matemáticas básicas. Erros leves no uso e deseño de escalas gráficas. Erros leves na fixación de periodizacións e uso da | **1 Insuficiente** |

| | |
|---|---|
| cronoloxía. Extrae a información vaga, imprecisa ou pouco relevante ao manexar as TICs. | |
| Sen erros nas operacións matemáticas básicas e no manexo das escalas gráficas. Fixación sen erros da periodización e cronoloxía básica. Extrae a información básica correcta ao manexar as TICs. | **2**<br>**Suficiente** |
| Sen erros no uso e deseño de escalas gráficas. Extrae algunha información requirida dos gráficos ou comete erros leves ao facelo. Fixación de acontecementos relevantes nas liñas do tempo. Extrae informacións secundarias relevantes manexando as TICs. Deseño coidado do exercicio. | **3**<br>**Notable** |
| Sen erros na execución de operacións matemáticas básicas e no uso e deseño de escalas gráficas. Extrae correctamente información requirida dos gráficos usando vocabulario específico. Incorpora gran variedade datos cronolóxicos con precisión nos eixos cronolóxicos. Relaciona informacións secundarias cos contidos impartidos na aula ao manexar as TICs. Deseño coidado e moi elaborado. | **4**<br>**Excelente** |

| **Rúbrica 4: R-4. Exposición oral, debate e comunicación asertiva** | **Cualificación** |
|---|---|
| Non fai ningunha aportación. Emprega expresións irrespectuosas. Non modula o volume. Postura pouco axeitada. Falta de entusiasmo. Ausencia de orde e relación de ideas. Pouco ou ningún dominio do tema. Non emprega recursos de apoio á exposición axeitados. | **0**<br>**Insatisfactorio** |
| Emprega algunha expresión irrespectuosa. Non controla o volume ou a quenda ao falar. Postura pouco axeitada. Dominio dos aspectos básicos tema. Recursos de apoio á exposición escasos. | **1**<br>**Insuficiente** |
| Emprega expresións respectuosas. Controla o volume e a quenda ao falar. Postura axeitada. Dominio dos aspectos básicos do tema. Recursos de apoio á exposición escasos. | **2**<br>**Suficiente** |
| Entusiasmo na execución da exposición. Dominio de ideas principais e desenvolve ideas secundarias. Emprega recursos variados. | **3**<br>**Notable** |
| Emprega expresións respectuosas. Controla o volume ao falar. Postura axeitada. Entusiasmo na execución da exposición. Dominio de ideas principais e ideas secundarias. Emprega datos precisos e vocabulario específico do tema. Emprega recursos variados. | **4**<br>**Excelente** |

| **Rúbrica 5: R-5. Traballo en grupo** | **Cualificación** |
|---|---|
| Non presentado. Non aporta ao grupo ou entorpece o traballo. Emprega expresións irrespectuosas. Non respecta as aportacións dos demais membros do grupo. Pouco ou ningún dominio do tema. | **0**<br>**Insatisfactorio** |
| Aportes escasos ao traballo grupal. Emprega en algunha ocasión expresións irrespectuosas. Domina aspectos puntuais do tema. | **1**<br>**Insuficiente** |
| Respecta as aportacións dos demais membros do grupo. Orde e relación de ideas aceptable. Dominio dos aspectos básicos do tema. | **2**<br>**Suficiente** |
| Aportes significativos ao traballo grupal. Emprega expresións respectuosas. Respecta as aportacións dos demais membros do grupo. Entusiasmo ao afrontar a tarefa. Dominio do tema. | **3**<br>**Notable** |
| Aportes significativos ao traballo grupal. Emprega expresións respectuosas. Anima e axuda aos demais membros do grupo. Toma a iniciativa á hora de | **4**<br>**Excelente** |

| | |
|---|---|
| afrontar a tarefa. Liderado, organiza ao grupo. Dominio do tema, usando datos e/ou vocabulario específico. | |

| **Rúbrica 6: R-6. Elaboración de mapas conceptuais e cadros sinópticos** | **Cualificación** |
|---|---|
| Non presentado. Erros graves no uso das categorías. Selección da información errónea ou irrelevante. Deseño descoidado. | **0 Insatisfactorio** |
| Erros leves no uso das categorías ou variables. Selección da información correcta pero imprecisa. Deseño descoidado. | **1 Insuficiente** |
| Algún erro leve no uso das categorías ou variables. Selección da información correcta e precisa. Deseño do cadro ou rede aceptable. | **2 Suficiente** |
| Uso correcto das categorías ou variables. Selección da información correcta. Deseño do cadro ou rede coidado. | **3 Notable** |
| Uso correcto das categorías ou variables. Selección da información precisa. Inclusión de información secundaria relevante. Deseño do cadro ou rede moi coidado. | **4 Excelente** |

| **Rúbrica 7: R-7. Traballos narrativos (dossier, redacción, cuestio-narios, cómics).** | **Cualificación** |
|---|---|
| Non presentado. Erros graves no uso das ideas argumentais. Selección da información errónea ou irrelevante. Expresión escrita descoidada. Ausencia de creatividade e orixinalidade. Erros ortográficos graves e/ou numerosos. | **0 Insatisfactorio** |
| Erros leves no uso das ideas argumentais. Selección da información escasa e con erros leves. Expresión escrita descoidada. Elaboración pouco creativa e formularia. Erros ortográfico e gramatical. | **1 Insuficiente** |
| Uso correcto das ideas argumentais e na selección da información. Expresión escrita correcta. Elaboración formularia. Algún erro ortográfico. | **2 Suficiente** |
| Uso correcto das ideas argumentais e na selección da información. Expresión escrita coidada. Elaboración creativa. Erros ortográficos puntuais. | **2 Notable** |
| Uso correcto das ideas argumentais e secundarias. Selección da información correcta e precisa. Expresión escrita moi coidada. Proposta de gran creatividade e orixinalidade. Ortografía sen erros. | **3 Excelente** |

**Indicadores de logro na avaliación competencial**

Conforme ao establecido no decreto 86/2015, no artigo 21, apartado 3, o profesor avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas. Na presente programación establécense os seguintes indicadores de logro para a superación da materia por parte do alumnado:

| **Perfil da competencia comunicación lingüística (CL):** | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| Expresa con claridade, de xeito oral e escrito, coñecementos adquiridos e as ideas propias. | | | | | |
| Interactúa con outros individuos para resolver tarefas e dialoga para chegar a acordos. | | | | | |
| Extrae información relevante de textos diversos. | | | | | |
| Analiza e expón información dun texto. | | | | | |
| Hábito da lectura como instrumento de aprendizaxe e lecer. | | | | | |
| Utiliza a linguaxe como medio para moderar condutas e emocións, así como instrumento para fomentar a asertividade e a empatía. | | | | | |

| **Perfil da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| Realiza operacións matemáticas sinxelas, proporcións, porcentaxes. | | | | | |
| Manexa magnitudes e diversas escalas numéricas e gráficas. | | | | | |
| Representa información estatística en gráficos diversos. | | | | | |
| Orientase no espazo de xeito relativo (empregando os puntos cardinais e mapas) e absoluto (utilizando as coordenadas xeográficas). | | | | | |
| Recoñece os instrumentos e técnicas cartográficas e xeográficas básicas. | | | | | |

| **Perfil da competencia dixital (CD):** | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| Realiza recollidas selectivas de información de Internet. | | | | | |
| Achégase ás aportacións das novas tecnoloxías á ciencia xeográfica: fotografía dixital, fotografía aérea e satélite, sistemas de información xeográfica, programas informáticos específicos para a xeografía, etc. | | | | | |
| Manexa procesadores de texto e presentacións informáticas. | | | | | |

| **Perfil da competencia de aprender a aprender (CAA):** | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| Realiza lecturas comprensivas. | | | | | |
| Sintetiza e esquematiza información. | | | | | |
| Elabora cadros comparativos. | | | | | |
| Debuxa organigramas e pirámides sociais. | | | | | |
| Realiza traballos de investigación e dossieres. | | | | | |
| Potencia regras nemotécnicas. | | | | | |
| Busca respostas acordes á lóxica do coñecemento racional. | | | | | |
| Admite a diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema. | | | | | |

| **Perfil das competencias sociais e cívicas (CSC):** | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| Mantén unha actitude crítica ante situacións de desigualdade por razón de etnia, cultura, relixión, condición social, xénero, etc. | | | | | |
| Valora a cooperación entre os seres humanos como elemento imprescindible do progreso e da mellora da calidade de vida. | | | | | |
| Comprende a organización das sociedades humanas na Idade Media. | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Investiga o legado das sociedades da Idade Media. | | | | | |
| Aprecia os logros doutras culturas e civilizacións alleas á nosa. | | | | | |
| Identifica e consolida os signos de identidade da nosa sociedade. | | | | | |
| Valora a democracia como único sistema no que se poden exercer os dereitos e deberes fundamentais das persoas. | | | | | |
| Realiza actividades en grupo nas que se fomente a colaboración e entendemento entre iguais. | | | | | |

| **Perfil da competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC):** | 0 | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| Comprende as manifestacións artísticas como unha necesidade e unha realidade innatas do ser humano. | | | | | |
| Identifica as manifestacións culturais e artísticas máis significativas da Idade Antiga. | | | | | |
| Respecta o legado cultural e artístico dos nosos antepasados. | | | | | |
| Potencia a súa capacidade de comprensión estética e a creatividade. | | | | | |

## 7.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O alumnado será coñecedor en todo momento dos criterios de cualificación, que se concretarán para cada un dos instrumentos. Trátase de que todos comprendan os criterios en función dos que se avalía e cualifica e saiban en cada momento, o que se espera deles e o que teñen que facer para mellorar o seu rendemento.

A idea reguladora da actividade da aula susténtase sobre o principio de progresividade das aprendizaxes, atendendo a prioridades non só baseadas nos núcleos temáticos a abordar, senón tamén nas actividades a desenvolver encamiñadas á adquisición de competencias. En consecuencia, a avaliación será continua.

En cada avaliación trataranse de realizar alomenos dúas probas escritas para avaliar contidos de carácter cognitivo e procedimental. Eventualmente, e a criterio do profesorado, poderá limitarse a unha única proba se así o aconsella o nivel de avance do grupo ou resulta pertinente polo calendario escolar. Cómpre ter en conta que na cualificación de cada proba, un 5% dependerá da corrección gramatical e ortográfica.

Cando un alumno ou alumna non poida realizar o exame na data prevista, deberá avisar, necesariamente, con anterioridade ao profesor ou profesora. De non facelo así, deberá entregar un xustificante médico para poder facer o dito exame noutra data diferente á programada quedando sempre ao criterio do profesor a admisión ou non da xustificación. En ningún caso se realizará outro exame de non avisar con anterioridade ou cando se entenda que non está suficientemente acreditada a ausencia. Nestes casos, a nota desa proba será 0.

Se un alumno ou alumna é sorprendido/a empregando algún método fraudulento (dixital ou analóxico) durante unha proba escrita ou oral, ou interrompe de xeito malicioso o desenvolvemento normal dunha proba será expulsado/a da realización da mesma e a súa nota en devandita proba será de 0 puntos sobre 10. Se correspondera ao Exame Final de Xuño, quedaría suspenso.

<u>E.S.O</u>.

A **cualificación** en cada avaliación trimestral e na avaliación ordinaria (Xuño) farase tendo en conta os seguintes apartados:

a) Actividade do alumno na clase, traballos feitos en grupo ou individualmente. Terá un peso do 30% na cualificación

b) Realización de probas escritas/orais. En conxunto (media aritmética) terán un peso do 70% na cualificación.

A fin de potenciar o estudo diario, o esforzo polo estudo comprensivo fronte o memorístico, comprender os mecanismos de multicausalidade que caracterizan a Historia, a necesidade de ser claros na explicación dos acontecementos históricos e as realidades xeográficas, o profesor poderá realizar exámenes de diversa característica que se poderán realizar:

.- Casa: O alumno poderá empregar todos os recursos que considere necesarios para elaborar o tema, polo que o nivel de exixencia será maior.

.- Aula: A fin de comprobar que o alumno leva os seus estudos ao dia o profesor poderá realizar exames sen aviso previo, sempre adaptados ao tempo da duración da clase

A ausencia razoada dun apartado implica un peso do outro do 100%.

Considerando que a avaliación é continua e diferenciada, aqueles alumnos que non alcancen os niveis mínimos para superar a materia, o profesor poderá recurrir a diversas formas de recuperación: indicar ao alumno aqueles aspectos que debe superar e marcar traballos específicos, exames de recuperación, ou calquera ouro mecanismo didáctico que o profesor consiere pode beneficiar ao alumno para alcanzar os niveis mínimos exixidos para superar a materia.

<u>BACHARELATO</u>

A **cualificación** en cada avaliación trimestral e na avaliación ordinaria (Xuño) farase tendo en conta os seguintes apartados:

a) Actividade do alumno na clase, traballos feitos en grupo ou individualmente, e traballos encargados polo profesor para realizar fóra da aula.
b) Realización de probas escritas (ou orais).

A ponderación de cada un destes apartados na cualificación será:

**Para as materias troncais:** apartado a) 20% e apartado b) 80% ( A ausencia razoada dun apartado implica un peso do outro do 100%.

**CRITERIOS ESPECÍFICOS DA MATERIA DE HISTORIA DA ARTE**

**AVALIACIÓN**

Establécese a realización, sempre que o normal desenvolvemento da materia o permita, **dunha ou dúas probas específicas, escritas, por avaliación.** As probas escritas serán tanto cuestións a resolver na aula como avaliación segundo rúbricas da produción de traballo dos bloques de contido.

Realizaranse tamén, de maneira voluntaria, exposición de traballos sobre contidos da materia onde se avaliará tanto o material presentado (comentarios de obra de arte, autores, PPT...), como a exposición dos propios contidos.

**- Probas específicas: 80%** do total da nota final. Esíxese unha nota mínima de tres e medio (3’5) para facer media entre as distintas probas que se fagan en cada trimestre. As probas específicas inclúen exercicios tipo exame que seguirán, aínda que non serán necesariamente idénticos, o modelo proposto para as probas ABAU onde se inclúen prácticas de comentarios artísticos e definición de conceptos propios da materia

(ver: https://ciug.gal/gal/abau/historiaarte )

**- Comentario artístico escrito e exposición: 10%** do total da nota final. Comentario realizado autonomamente polo alumnado e entregado por escrito e exposto oralmente na aula. Voluntario.

**- Competencias actitudinais (10%) d**e cara ao traballo, a materia e ao grupo. Rexistradas no caderno da profesora onde se valorará a competencia social e cidadá e a competencia de aprender a aprender, atendendo ao interese mostrado mediante a toma diaria de apuntes e a participación na aula mediante a participación nas dinámicas da aula, mediante a resposta a cuestións formuladas durante as explicacións da profesora e tamén a formulación das propias dúbidas, a toma de apuntes sobre as explicacións, a posesión do material necesario (temas e comentarios impresos, facilitados pola profesora ou descargados da Aula Virtual do centro), asistencia, puntualidade, autonomía, e cooperación e respecto cara a profesora e os compañeiros diariamente. Será o criterio que determinará a aplicación dun redondeo da nota cando esta vaia acompañada de décimas, aproximándose ao enteiro superior ou inferior en función das anotacións de caderno de aula.

**AVALIACIÓN FINAL**

A avaliación final do alumno/a terá en conta tanto a cualificación das distintas avaliacións ao longo do curso, como a progresión nas notas ao longo do mesmo, valorándose a progresiva adquisición de competencias. Para establecela partirase dunha media das tres avaliacións, sempre que a nota de avaliación supere o 4, e como mínimo se teñan dúas avaliacións aprobadas. De ser inferior, o contido desas avaliacións deberá ser recuperado nunha proba de recuperación final específica na que se poderán recuperar os contidos non superados. Se a media das notas das tres avaliacións é positivo ( cinco ou máis) o alumno/a superará a materia na Avaliación ordinaria.

**AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

A avaliación de xuño ten carácter extraordinario polo que o alumno/a vai ser avaliado de t**oda a materia pendente**. A súa estrutura seguirá o modelo das probas da ABAU, e será necesario unha mínimo de 5 para superala.

## 7.3 CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Para superar a materia, o alumnado deberá acadar unha nota media mínima nas probas de exame de 3,5 puntos sobre 10, e deberá acadar unha nota igual ou superior a 2 puntos na proba con peor cualificación.

Aqueles alumnos ou alumnas que non superen unha avaliación trimestral terán a oportunidade de recuperala. Se o alumno/a superou a parte da materia avaliada mediante exames, so deberá recuperar aqueles traballos e/ou actividades nos que non acadou o grao mínimo de consecución establecido.

Se o alumno/a non superou a parte da materia avaliada mediante exames, deberá realizar unha proba global dos bloques correspondentes. As características da proba de recuperación se corresponden cos descritos anteriormente para os exames ordinarios.

O alumnado que, chegado fin de curso non superase a materia terá a opción de realizar unha proba de recuperación global en maio (2º Bacharelato) ou xuño (restantes cursos). No caso da materia de Historia da Arte, esta proba limitarase a quen deba recuperar unha única avaliación.

Para superar cada materia o alumnado deberá acadar unha cualificación mínima de 5 sobre 10 - Suficiente- en cada avaliación trimestral, e na avaliación final, considerando os criterios de cualificación citados no apartado 7.2.

# 8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN TOMAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Nas primeiras semanas do curso o profesorado avaliará, a través da observación de aula e da realización de exercicios e actividades, aspectos básicos do desempeño competencial do alumnado en relación coa materia traballada, con especial atención a:

- competencia lingüística, claridade, cohesión e precisión na expresión oral e escrita
- tratamento da información escrita e audivisual: extracción da información máis relevante, categorización da mesma en ideas principais e secundarias, busca de información
- comprensión, argumentación e razonamento. Creatividade.
- coñecementos básicos de destrezas, vocabulario e ferramentas das CCSS (tratamento de información gráfica e cartográfica, eixes cronolóxicos, etc)

Desta observación extraeranse conclusións que permitan ao profesorado realizar o mellor deseño curricular de aula para poder traballar os aspectos nos que se detecten as principais dificultades ou carencias, casí como prestar unha atención máis individualizada ao alumnado que presente as maiores dificultades no seu proceso de aprendizaxe. Esta información será contrastada e compartida co resto do equipo docente nas sesións de avaliación inicial que a lei establece, e que a Dirección do Centro fixa no mes de outubro.

A nivel grupal, polo tanto, desenvolveranse na aula actividades específicas de perfeccionamento e/ou recuperación das competencias que a avaliación continua revelase insuficientemente desenvolvidas Igualmente, poderanse planificar a longo prazo estratexias de superación, a partir dun conxunto de actividades centradas nun traballo para realizar fóra da aula (supervisado polo profesor), encamiñadas a superación das dificultades que eventualmente se manifesten e que non poidan ser recuperadas durante o desenvolvemento de cada bloque na aula. Nelas terase en conta o nivel de adquisición de competencias do alumnado e, segundo o caso, aplicaranse actividades de reforzo ou de ampliación.

A nivel individual, o caso do alumnado con dificultades especiais adoptaranse medidas que se especifican no apartado 11 desta programación didáctica, relativo á atención á diversidade.

## 9 ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Cada ano escolar realizaranse dúas sesións de avaliacións das aprendizaxes do alumnado con materias pendentes de cursos anteriores. Ao longo do curso proporcionaráselle ao alumnado unha serie de materiais con actividades de reforzo e ampliación que serán supervisadas polo profesor do Departamento que esté impartindo esta materia durante o presente curso (Este curso non temos – o profesor de ámbito no caso do grupo de PMAR- e que servirán tamén tanto de avaliación prospectiva como sumativa para coñecer e trata-las dificultades e para elaborar plans específicos de atención individualizada.) Igualmente realizaránse dúas probas parciais ó longo do curso, unha no mes de xaneiro e outra no mes de abril ou maio. Ao non ser consideradas materias progresivas descartamos o procedemento de avaliación continua do curso en vigor como elemento superador da materia do ano anterior

Consideraranse como criterios necesarios para a superación das materias pendentes:

- a presentación dos traballos encargados polo Departamento, cunha ponderación do 30% na cualificación final
- a realización das probas parciais ou finais programadas polo centro, cunha ponderación do 70% na cualificación final

En calquera caso o profesor titor de alumnos con pendentes, o profesor do Departemento de Xeografía e Historia con docencia no grupo –(o profesor de ámbito no caso do grupo de PMAR-), e o xefe do Departamento deberán coordinarse tamén de cara á solución de posibles incidencias.

No que se refire ós criterios de avaliación, cualificación e promoción dos contidos específicos de cada materia, remitímonos aos expostos no desenvolvemento curricular de cada unha das materias avaliables do curso anterior.

## 10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS EN BACHARELATO

Segundo recolle o Decreto 86/2015 que establece o currículo do Ensino Secundario en Galicia, no caso do alumnado de segundo curso que por cambio de modalidade deba superar unha materia de primeiro curso non superada, e non poida asistir a esta clase por incompatibilidade horaria, a materia tratarase de forma análoga ás pendentes. Polo tanto, o departamento proporalle un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles (os que figuran nesta programación didáctica no apartado 4 correspondente) e das actividades recomendadas, e programará probas parciais para verificar a superación desa materia, que serán as mesmas que as dirixidas ao alumnado pendente. A ponderación destes dous apartados será a mesma que para as materias pendentes.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### 11.1

Conforme ao establecido no artigo 7 do Decreto 86/2015, de seren necesarias ao longo do curso, prestaráselles os recursos didácticos e atención máis individualizada posible ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

As medidas a tomar polo profesor estarán coordinadas co Departamento de Orientación e terán en conta o historial académico e a colaboración cas familias. O tratamento didáctico da diversidade debe partir das actividades cotiás con vistas a obter datos sobre a maneira en que se manifesta o alumando e establecer, mediante a avaliación diagnóstica as súas carencias e aptitudes.

O seu desenvolvemento nas programacións de aula e nas súas unidades didácticas xerará un conxunto de propostas que favorezan a adaptación ós intereses, capacidades e motivacións dos alumnos respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución dos obxectivos xerais da Etapa.

Tanto no primeiro curso como nos restantes da ESO as medidas de atención á diversidade poden adoptar diferentes tipoloxías:

- Adaptación de recursos materiais, por exemplo asentos e mesas especiais (caso de alumnado con mobilidade reducida), ou a ubicación na aula (caso dunha discapacidade visual ou auditiva).
- Adaptación dos tempos na realización de actividades e probas (TDH, Asperger)
- Traballo en agrupamentos específicos ou apoio dentro ou fóra da aula.
- Adecuación dos elementos do currículo: adaptación curricular individualizada –ACI- significativa ( modificación de criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e actividades, para alumnado con NEAE).

Tódalas medidas estarán desenvolvidas unidade por unidade na programación da aula de cada profesor, e serán revisadas de xeito permanente en aras de lograr unha adaptación plena aos seus fins en cada aula.

**Ferramentas para o tratamento da diversidade**

1. Rúbrica para avaliar o tratamento da diversidade individual.
2. Rúbrica para avaliar o tratamento da diversidade no grupo.

1. RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL

| TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL | | MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE | GRAO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|---|
| DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN | Non ten ningunha dificultade para entender os contidos. | Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade. | |
| | Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles. | Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade. | |
| | Ten dificultades para entender os contidos que se presentan. | Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica. | |
| DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN E DESENVOLVEMENTO | Non ten dificultades (alumnos de altas capacidades). | Potenciar estas a través de actividades que lles permitan poñer en xogo as súas capacidades. | |
| | Ten pequenas dificultades. | Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo. | |
| | Ten dificultades. | Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos. | |
| DIVERSIDADE DE INTERESE E MOTIVACIÓN | Mostra un grande interese e motivación. | Seguir potenciando esta motivación e interese. | |
| | O seu interese e motivación non destacan. | Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas. | |
| | Non ten interese nin motivación. | Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedementais e próximas á súa realidade. | |
| DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS | Encontra solucións aos problemas que se presentan en todas as situacións. | Seguir fomentando esta capacidade. | |
| | Encontra solucións aos problemas que se presentan nalgunhas situacións. | Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade. | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se presentan. | Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas. | |
| DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN | Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección. | Propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e a escrita. | |
| | Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita. | Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas. | |
| | Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita. | Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar. | |

2. RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO

| TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO | | MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE | GRAO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|---|---|
| DE COMUNICACIÓN | A comunicación profesor-grupo non presenta grandes dificultades. | Non se necesitan medidas. | |
| | A comunicación profesor-grupo ten algunhas dificultades. | Propoñer estratexias para mellorar a comunicación. | |
| | A comunicación profesor-grupo ten grandes dificultades. | Descubrir a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen. | |
| DE INTERESE E MOTIVACIÓN | O grupo está motivado e ten grande interese. | Non se necesitan medidas. | |
| | Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese. | Propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desa parte do alumnado. | |
| | O grupo non ten interese e está pouco motivado. | Descubrir a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen. | |
| DE ACTITUDE E COLABORACIÓN | O grupo ten boa actitude e sempre está disposto a realizar as tarefas. | Non se necesitan medidas. | |
| | Parte do alumnado ten boa actitude e colabora. | Propoñer actividades de grupo nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado. | |
| | O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas. | Descubrir as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes. | |

**Rúbricas E.S.O.**

| **Nivel** | **Rúbrica 1: R-1. Proba de coñecementos escrita para preguntas con respostas pechadas e respostas construídas abertas deste un tema suxerido ou un documento** | **Cualifica** |
|---|---|---|
| **0 Insatisfactorio** | Non resposta. Non domina ningún aspecto do exercicio. Respostas incorrectas ou irrelevantes. Menos do 15% en aspectos cuantificables. | **0** |
| **1 Insuficiente** | Domina algún aspecto puntual do exercicio. Respostas incompletas, vagas e imprecisas. Entre 15-35% en aspectos cuantificables. | **25% do exercicio** |
| **2 Suficiente** | Demostra comprensión do exercicio, aínda que faltan elementos na resolución do mesmo. Entre 36-65% en aspectos cuantificables. | **50% do exercicio** |

| | | |
|---|---|---|
| **3 Notable** | Demostra unha gran comprensión do exercicio, inclúe a maioría dos requirimentos do mesmo. Entre 66-85% en aspectos cuantificables. | **75% do exercico** |
| **4 Excelente** | Comprende totalmente o exercicio. Entre 86 e 100% en aspectos cuantificables. | **100% do exercicio** |

| **Nivel** | **Rúbrica 2: R-2.Elaboración e manexo de mapas** | **Cualifica** |
|---|---|---|
| **0 Insatisfactorio** | Non presentado/realizado. Comete erros graves en operación matemáticas básicas ou no manexo de escalas gráficas. Erros graves na fixación de periodizacións e uso da cronoloxía. Non extrae a información requirida ou comete erros graves ao manexar as TICs. | **0** |
| **1 Insuficiente** | Non localiza espazos concretos requiridos (accidentes do relevo, cidades, fluxos). Non extrae a información requirida ou comete erros graves ao facelo. Entre o 15-35% dos espazos a localizar. | **25% do exercicio** |
| **2 Suficiente** | Localiza correctamente a maioría das grandes unidades xeográficas, históricas e/ou políticas. Uso case sen fallos da simboloxía e da lenda. Localiza entre o 36-65% dos espazos concretos requiridos. | **50% do exercicio** |
| **3 Notable** | Localiza correctamente as grandes unidades xeográficas, históricas e/ou políticas. Uso sen fallos da simboloxía e da lenda. Localiza entre 66-85% dos espazos concretos requiridos. | **75% do exercico** |
| **4 Excelente** | Localiza correctamente as grandes unidades xeográficas, históricas e/ou políticas. Uso sen fallos da simboloxía e da lenda. Localiza entre o 86-100% dos espazos concretos requiridos. | **100% do exercicio** |

| **Nivel** | **Rúbrica 3: R-3. Confección de gráficos e liñas do tempo. Cálculos matemáticos. Manexo de escalas. Manexo de TICs.** | **Cualifica** |
|---|---|---|
| **0 Insatisfactorio** | Non resposta. Non domina ningún aspecto do exercicio. Respostas incorrectas ou irrelevantes. Menos do 15% en aspectos cuantificables. | **0** |
| **1 Insuficiente** | Erros leves en operacións matemáticas básicas. Erros leves no uso e deseño de escalas gráficas. Erros leves na fixación de periodizacións e uso da cronoloxía. Extrae a información vaga, imprecisa ou pouco relevante ao manexar as TICs. | **25% do exercicio** |
| **2 Suficiente** | Sen erros nas operacións matemáticas básicas e no manexo das escalas gráficas. Fixación sen erros da periodización e cronoloxía básica. Extrae a información básica correcta ao manexar as TICs. | **50% do exercicio** |
| **3 Notable** | Sen erros no uso e deseño de escalas gráficas. Extrae alguna información requirida dos gráficos ou comete erros leves ao facelo. Fixación de acontecementos relevantes nas liñas do tempo. Extrae informacións secundarias relevantes manexando as TICs. Deseño coidado do exercicio. | **75% do exercico** |
| **4 Excelente** | Sen erros na execución de operacións matemáticas básicas e no uso e deseño de escalas gráficas. Extrae correctamente información requirida dos gráficos usando vocabulario específico. Incorpora gran variedade datos cronolóxicos con precisión nos eixos cronolóxicos. Relaciona informacións secundarias cos contidos impartidos na aula ao manexar as TICs. Deseño coidado e moi elaborado. | **100% do exercicio** |

| **Nivel** | **Rúbrica 4: R-4. Exposición oral, debate e comunicación asertiva** | **Cualifica** |
|---|---|---|
| **0 Insatisfactorio** | Non fai ningunha aportación. Emprega expresións irrespectuosas. Non modula o volume. Postura pouco axeitada. Falta de entusiasmo. Ausencia de orde e relación de ideas. Pouco ou ningún dominio do tema. Non emprega recursos de apoio á exposición axeitados. | **0** |
| **1 Insuficiente** | Emprega algunha expresión irrespectuosa. Non controla o volume ou a quenda ao falar. Postura pouco axeitada. Dominio dos aspectos básicos tema. Recursos de apoio á exposición escasos. | **25% do exercicio** |

| | | |
|---|---|---|
| **2 Suficiente** | Emprega expresións respectuosas. Controla o volume e a quenda ao falar. Postura axeitada. Dominio dos aspectos básicos do tema. Recursos de apoio á exposición escasos. | **50% do exercicio** |
| **3 Notable** | Entusiasmo na execución da exposición. Dominio de ideas principais e desenvolve ideas secundarias. Emprega recursos variados. | **75% do exercico** |
| **4 Excelente** | Emprega expresións respectuosas. Controla o volume ao falar. Postura axeitada. Entusiasmo na execución da exposición. Dominio de ideas principais e ideas secundarias. Emprega datos precisos e vocabulario específico do tema. Emprega recursos variados. | **100% do exercicio** |

| Nivel | Rúbrica 5: R-5. Traballo en grupo | Cualifica |
|---|---|---|
| **0 Insatisfactorio** | Non presentado. Non aporta ao grupo ou entorpece o traballo. Emprega expresións irrespectuosas. Non respecta as aportacións dos demais membros do grupo. Pouco ou ningún dominio do tema.. | **0** |
| **1 Insuficiente** | Aportes escasos ao traballo grupal. Emprega en alguna ocasión expresións irrespectuosas. Domina aspectos puntuais do tema. | **25% do exercicio** |
| **2 Suficiente** | Respecta as aportacións dos demais membros do grupo. Orde e relación de ideas aceptable. Dominio dos aspectos básicos do tema. | **50% do exercicio** |
| **3 Notable** | Aportes significativos ao traballo grupal. Emprega expresións respectuosas. Respecta as aportacións dos demais membros do grupo. Entusiasmo ao afrontar a tarefa. Dominio do tema. | **75% do exercico** |
| **4 Excelente** | Aportes significativos ao traballo grupal. Emprega expresións respectuosas. Anima e axuda aos demais membros do grupo. Toma a iniciativa á hora de afrontar a tarefa. Liderado, organiza ao grupo. Dominio do tema, usando datos e/ou vocabulario específico. | **100% do exercicio** |

| Nivel | Rúbrica 6: R-6. Elaboración de mapas conceptuais e cadros sinópticos | Cualifica |
|---|---|---|
| **0 Insatisfactorio** | Non presentado. Erros graves no uso das categorías. Selección da información errónea ou irrelevante. Deseño descoidado. | **0** |
| **1 Insuficiente** | Erros leves no uso das categorías ou variables. Selección da información correcta pero imprecisa. Deseño descoidado. | **25% do exercicio** |
| **2 Suficiente** | Algún erro leve no uso das categorías ou variables. Selección da información correcta e precisa. Deseño do cadro ou rede aceptable. | **50% do exercicio** |
| **3 Notable** | Uso correcto das categorías ou variables. Selección da información correcta. Deseño do cadro ou rede coidado. | **75% do exercico** |
| **4 Excelente** | Uso correcto das categorías ou variables. Selección da información precisa. Inclusión de información secundaria relevante. Deseño do cadro ou rede moi coidado. | **100% do exercicio** |

| Nivel | Rúbrica 7: R-7. Traballos narrativos (dossier, redacción, cuestio-narios, cómics). | Cualifica |
|---|---|---|
| **0 Insatisfactorio** | Non presentado. Erros graves no uso das ideas argumentais. Selección da información errónea ou irrelevante. Expresión escrita descoidada. Ausencia de creatividade e orixinalidade. Erros ortográficos graves e/ou numerosos. | **0** |
| **1 Insuficiente** | Erros leves no uso das ideas argumentais. Selección da información escasa e con erros leves. Expresión escrita descoidada. Elaboración pouco creativa e formularia. Erros ortográfico e gramatical. | **25% do exercicio** |
| **2 Suficiente** | Uso correcto das ideas argumentais e na selección da información. Expresión escrita correcta. Elaboración formularia. Algún erro ortográfico. | **50% do exercicio** |
| **3 Notable** | Uso correcto das ideas argumentais e na selección da información. Expresión escrita coidada. Elaboración creativa. Erros ortográficos puntuais. | **75% do exercico** |
| **4 Excelente** | Uso correcto das ideas argumentais e secundarias. Selección da información correcta e precisa. Expresión escrita moi coidada. Proposta de gran creatividade e orixinalidade. Ortografía sen erros. | **100% do exercicio** |

**Rúbricas para Historia de España de 2º de Bacharelato segundo o modelo empregado nas ABAU DE 2022**

| **Rúbrica 1: Definición de conceptos (a aplicar a cada concepto)** | | |
|---|---|---|
| **Nivel** | **Concreción de logros** | **Cualificación** |
| **0 Insatisfactorio** | Non resposta. Non domina ningún aspecto do exercicio. Respostas incorrectas ou irrelevantes. | 0 puntos |
| **1 Suspenso** | Domina algún aspecto puntual do exercicio. Respostas incompletas, confusas, vagas e imprecisas. Erro grave nun dos seguintes aspectos: cronoloxía, localización e/ou na relación coas personaxes destacas. | 0,15 puntos |
| **2 Aprobado** | Resposta básica. Demostra comprensión do exercicio, aínda que faltan elementos na resolución do mesmo. A lo menos un destes aspectos empregados con presición: cronoloxía, localización, persoaxe(s) destacada(s), e sen erros graves nos demais. | 0,25 puntos |
| **3 Notable** | Resposta con aclaracións adicionais. Demostra unha gran comprensión do exercicio, inclúe a maioría dos requirimentos do mesmo. | 0,35 puntos |
| **4 Sobresaliente** | Resposta con precisións, Ben exposta e axustada. Concreción cronolóxica precisa, imbricación do concepto no seu contexto histórico. | 0,5 puntos |

| Rúbrica 2: Desenvolvemento dun tema suxerido | | |
|---|---|---|
| **Nivel** | **Concreción de logros** | **Cualificación** |
| **0 Insatisfactorio** | Non resposta. Ilexible. Non domina ningún aspecto do exercicio. Respostas incorrectas, confusas ou irrelevantes.<br><br>Escasa claridade expositiva. Múltiples e importantes erros gramaticais e ortográficos. | 0 puntos |
| **1 Suspenso** | Resposta confusa que revela a incomprensión do problema formulado.<br>Resposta incompleta que revela a falta de coñecementos. Xeneralidades sobre a época.<br>Ausencia, erros ou imprecisións numerosos na cronoloxía, localización e axentes históricos implicados. | 0,75 puntos |
| **2 Aprobado** | Demostra comprensión do exercicio, aínda que faltan elementos na resolución do mesmo.<br><br>Referencia básica ao contexto do período.<br><br>Explicacións básicas con imprecisións e/ou erros leves na cronoloxía, localización e axentes históricos implicados no tema.<br><br>Omisión de información secundaria. | 1,5 puntos |
| **3 Notable** | Demostra unha gran comprensión do exercicio, inclúe a maioría dos requirimentos do mesmo.<br><br>Contextualiza o período con precisión.<br><br>Inclúe características distintivas dos procesos históricos a analizar. Relaciona o tema con vocabulario específico do tema.<br><br>Redacción ben estruturada e fluída. | 2,25 puntos |
| **4 Sobresaliente** | Comprende totalmente o exercicio.<br><br>Ademais do esixido no nivel 3 da rúbrica introduce precisións, vocabulario específico e aclaracións que demostran a capacidade de relación e síntese.<br><br>Redacción precisa e texto ben argumentado. | 3 puntos |

| Rúbrica 3: composición histórica | | |
|---|---|---|
| **Nivel** | **Concreción de logros** | **Cualificación** |
| **0 Insatisfactorio** | Non resposta. Ilexible.<br><br>Non domina ningún aspecto do exercicio. Respostas incorrectas, confusas ou irrelevantes.<br><br>A resposta é unha paráfrase dos documentos.<br><br>Escasa claridade expositiva, múltiples e importantes erros gramaticais e ortográficos. | 0 puntos |
| **1 Suspenso** | Domina algún aspecto puntual do exercicio. Respostas incompletas, vagas e imprecisas.<br><br>Xeneralidades sobre a época. Ausencia, erros ou imprecisións numerosos na cronoloxía, localización e axentes históricos implicados.<br><br>Prescinde dos documentos, formúlase como unha pregunta teórica. | 1,25 puntos |
| **2 Aprobado** | Demostra comprensión do exercicio, aínda que faltan elementos na resolución do mesmo.<br><br>Referencia básica ao contexto do período (xeneralidades).<br><br>Explicacións básicas con imprecisións, erros leves na cronoloxía, localización e axentes históricos implicados no tema.<br><br>Omisión de información secundaria.<br><br>Cítanse os documentos na explicación do tema.<br><br>Redacción correcta. | 2,5 puntos |
| **3 Notable** | Demostra unha gran comprensión do exercicio, inclúe a maioría dos requirimentos do mesmo.<br><br>Contextualiza o período con precisión.<br><br>Inclúe características distintivas dos procesos históricos a analizar.<br><br>Cita os documentos e analiza parte do contido dos mesmos.<br><br>Redacción correcta. | 3,25 puntos |
| **4 Sobresaliente** | Comprende totalmente o exercicio.<br><br>Ademais do esixido no nivel 3 da rúbrica profunda en ideas secundarias, nas causas e consecuencias do tema proposto.<br><br>Extrae unha conclusión que sintetice a relevancia do período.<br><br>Cita e profunda na explicación dos documentos.<br><br>Redacción precisa e texto ben argumentado. | 5 puntos |

| Rúbrica 4: actividades de aula | | |
|---|---|---|
| **Nivel** | **Concreción de logros** | **Cualificación** |
| **0 Insatisfactorio** | | |
| **1 Suspenso** | | |
| **2 Aprobado** | | |
| **3 Notable** | | |
| **4 Sobresaliente** | | |

| Rúbrica 1: R-1. Proba de coñecementos escrita para preguntas con respostas pechadas e respostas construídas abertas deste un tema suxerido ou un documento. | Cualificación |
|---|---|
| Non resposta. Non domina ningún aspecto do exercicio. Respostas incorrectas ou irrelevantes. Menos do 15% en aspectos cuantificables. | 0 Insatisfactorio |
| Domina algún aspecto puntual do exercicio. Respostas incompletas, vagas e imprecisas. Entre 15-35% en aspectos cuantificables. | 1<br>Insuficiente |
| Demostra comprensión do exercicio, aínda que faltan elementos na resolución do mesmo. Entre 36-65% en aspectos cuantificables. | 2<br>Suficiente |
| Demostra unha gran comprensión do exercicio, inclúe a maioría dos requirimentos do mesmo. Entre 66-85% en aspectos cuantificables. | 3<br>Notable |
| Comprende totalmente o exercicio.<br>Entre 86 e 100% en aspectos cuantificables. | 4<br>Excelente |

## 11.2. Fenda dixital

Terase especial cuidado e buscar solucións cos alumnos que ademaís de atención a diversidade teñan dificultades pola fenda dixital

Para eso contaras co Departamento de Orientación e cos recurso que a Dirección do Instituto pode poner a disposición das familias con necesidades

## 12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA

Os elementos transversais son os descritos no artigo 4 do decreto 86/2015.

As actividades e práctica docente traballarán a comprensión lectora, expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación e a educación cívica.

O presente documento amosa *integradas as ensinanzas transversais nos obxectivos, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación*. A área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia concretará a súa relación coas ensinanzas transversais nas propostas da aula. Na creenza de que a nosa materia non diferencia entre os distintos cursos os seus obxectivos no tratamento da transversalidade, expoñense estes dun xeito xenérico e, ao mesmo tempo, trataranse en todos os cursos por igual.

Prestarase especial atención ao tratamento e prevención na aula da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. En relación con esta *educación ética, cívica, para a paz e para a igualdade de xénero*, fomentarase o desenvolvemento de actituddes como:

- A tolerancia intelectual para aceptar e estar abertos a obras, opinións, interpretacións e puntos de vista diferentes dos propios, asumindo que a discrepancia é necesaria para alcanzar solucións máis ricas e integradoras.
- Crítica ante mensaxes que denotan unha discriminación sexual, racial, social, etc.
- Disposición aberta a buscar parte da explicación de sucesos actuais nos seus antecedentes históricos.
- Rexeitamento de calquera tipo de violencia, mesmo a estatal a través da guerra, co estudio dos casos históricos e das consecuencias que conlevaron.
- Valoración crítica dos prexuízos sexistas presentes nos nosos costumes e recuperación e integración do patrimonio cultural das mulleres.
- Disposición aberta a buscar parte da explicación de sucesos actuais nos seus antecedentes históricos.
- Valoración dos dereitos humanos como unha conquista histórica e rexeitamento de calquera forma de violación dos mesmos, así como de todo tipo de discriminación por razóns de idade, sexo, raza, nacionalidade e relixión.

Tamén a educación para *a saúde, para o consumo, ambiental e vial* cobran importancia subliñando actuacións vinculadas a contidos do seguinte tipo:

- Interese por coñecer e gozar de obras e obxectos artísticos.
- Contribución á conservación do patrimonio histórico - artístico.
- Interese por descubrir e coñecer territorios e paisaxes de distinto tipo.
- Disposición favorable á conservación e mellora do medio natural.
- Recoñecemento dos graves problemas ós que se enfronta a vida humana sobre a Terra.
- Sensibilidade cara á racionalización no uso dos recursos naturais.
- Actitude crítica ante o reparto desigual dos recursos e solidariedade cos que sofren escaseza de alimentos e recursos.
- Disposición activa á cooperación por conserva-los restos e vestixios do pasado e valoralos como parte do noso patrimonio comprometéndose na nosa obriga de transmitilos as xeracións futuras nas mellores condicións posibles.

## 13. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Un aspecto que se intenta potenciar dentro do marco europeo educativo é a reflexión sobre a propia práctica docente. Debe considerarse esta reflexión un proceso formativo que fortalecerá o labor docente e permitirá ao profesor ou á profesora mellorar as aprendizaxes dos alumnos e alumnas. Incluímos algunhas ferramentas de avaliación destinadas a facilitar este proceso.

De maneira periódica, dentro das reunións semanais de Departamento, analizarase a práctica docente en aspectos tales como: avance, adecuación, dificultade na súa aplicación, resultados académicos, procesos de mellora etc…recollendo as posibles modificacións de cara o seguinte curso. Insistirase na obriga de informar ao alumnado dos procesos de avaliación e na obxectivación das probas avaliativas adaptándose nos estándares de aprendizaxe aos procedementos e procesos de avaliación. Estes acordos atoparanse reflectidos nas actas correspondentes das devanditas reunión.

Ao remate do curso realizarase unha sesión avaliativa da praxe didáctica e dos problemas xurdidos de cara a recoller esa información na memoria final. Igualmente en setembro farase unha valoración dos resultados co obxecto de elaborar unha adenda que será enviada á dirección do Centro.

**Ferramentas para a reflexión e avaliación da práctica docente**

Ofrécense unha serie de rúbricas ou instrumentos de axuda para reflexionar sobre catro aspectos fundamentais na práctica docente que son:

1. Planificación.
2. Motivación do alumnado.
3. Desenvolvemento da ensinanza.
4. Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

1. PLANIFICACIÓN

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| PLANIFICACIÓN | 1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas. | | |
| | 2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta. | | |
| | 3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes. | | |
| | 4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe. | | |
| | 5. Planifica as clases de modo flexible, prepara actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado. | | |
| | 6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas. | | |
| | 7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia. | | |

2. MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| MOTIVACIÓN DO ALUMNADO | 1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade. | | |
| | 2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...). | | |
| | 3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade. | | |
| | 4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas. | | |
| | 5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado. | | |
| | 6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase. | | |
| | 7. Promove a reflexión dos temas tratados. | | |

3. DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA | 1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas... | | |
| | 2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos... | | |
| | 3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. | | |
| | 4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica. | | |
| | 5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula. | | |
| | 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes. | | |
| | 7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas. | | |
| | 8. Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa. | | |
| | 9. Presenta actividades de grupo e individuais. | | |

4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

| | INDICADORES | VALORACIÓN | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE | 1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes. | | |
| | 2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica. | | |
| | 3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela. | | |
| | 4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas. | | |
| | 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | |
| | 6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos. | | |
| | 7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | |
| | 8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente. | | |
| | 9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia. | | |
| | 10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc. | | |
| | 11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais. | | |

# 14 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

**CURSO ACADÉMICO 2022-2023**

**DTO. DE CC. SOCIAIS,XEOGRAFÍA E HISTORIA**

| | **Cursos** |
|---|---|
| Visita Museo do Pobo Galego | 1º ESO |
| Visita paseo didáctico polo casco histórico de Santiago | 1º ESO |
| Visita paseo didáctico polo casco histórico de Santiago | 2º ESO |
| Visita ao museu da cidade de Santiago de Compostela. | 2º ESO |
| Visita á zona monumental de Santiago de Compostela: Catedral, Igrexa de San Francisco. | 2ºESO |
| Saídas didácticas na contorna (por determinar) | Tódolos grupos |
| Saídas didácticas por Galicia (por determinar) | 2º Bach Xeografía |
| Visita paseo didáctico por Santiago | 2º Bach Xeografía |
| Charlas e conferencias no IES, relacionadas coas disciplinas de Xeografía e Historia | Tódolos cursos |
| Visita ao CGAC | 2º Bacharelato (Hª Arte) |
| Visita a Noia | 2º Bacharelato (Hª Arte) |
| Visita á Catedral | 2º Bacharelato (Hª Arte) |

Este programa de actividades non se considera pechado, está aberto á introducción ou supresión dalguns apartados en función de acontecementos e de propostas que vaian chegando ao centro.

## 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACION DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA.

Cada comezo de curso revisarase a programación co obxectivo de adecuala as novidades lexislativas introducindo aqueles aspectos que se revelen necesarios e suprimindo as iniciativas que se consideren pouco exitosas.

Do mesmo xeito que coa avaliación do proceso de ensino e práctica docente, nas xuntanzas de departamento semanais irase facendo un balance e valoración dos aspectos da programación que ofrezan dificultades ou que deben ser complementados. Estas puntualizacións serán recollidas pola xefatura do departamento para ser incorporadas na programación do seguinte curso.

En Santiago de Compostela a 28 de setembro de 2022

Xefe do Departamento: José Manuel Martínez García.